PREGÓN

REVISTA DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS

CORPUS CHRISTI 2012



FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

Concello de Pontareas

Deputación Pontevedra

XUNTA DE GALICIA

EL EXPERTO TE INFORMA

EN EUROMASTER TENEMOS TODO LO NECESARIO PARA EL MANTENIMIENTO DE TU VEHÍCULO

EUROMASTER

NEUMÁTICOS
PEREZ PARDO

- Avda. Galicia, 14. Ponteareas. Tel.: 986 640 918
- Ctra. Salceda de Caselas, Km. 0,30. Atios-Porriño. Tel.: 986 333 243
- Ctra. Logroño-Vigo, Km. 630. Arcos-Ponteares. Tel. 986 640 869

euromaster.com

SÍGUENOS:

EUROMASTER

LOS NEUMÁTICOS NECESITAN EXPERTOS



PREGÓN 2012

PUBLICACIÓN DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ALCALDE PRESIDENTE
SALVADOR GONZÁLEZ SOLLA

CONCELLEIRO DE CULTURA
ANDRÉS SAMPEDRO FERNÁNDEZ

COORDINACIÓN
BIBLIOTECA E MUSEO MUNICIPAL
SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ENDEREZO
MUSEO MUNICIPAL DE PONTEAREAS
A PERILLANA, 9-11
36860 PONTEAREAS
biblioteca.museo@ponteareas.es

FOTOS CORPUS
FOTO SOUTO

PORTADA
VARIACIÓN DO CARTEL DO CORPUS 2012
DESEÑADO POR "BISBARRA COMUNICACIÓN"

EDITA PARA O CONCELLO DE PONTEAREAS
RUNA PUBLICACIONES, S.L.
TEL. Y FAX: 986 433 873
runa@runapublicaciones.com

DEPÓSITO LEGAL
VG-472-1999

ESTA PUBLICACIÓN NON SE IDENTIFICA, NECESARIAMENTE, COAS OPINIÓNS EXPRESADAS POLOS SEUS COLABORADORES E, POR TANTO, NON SE RESPONSABILIZA DAS MESMAS. | AUTORÍZASE A REPRODUCCIÓN TOTAL OU PARCIAL DOS TEXTOS DESTA PUBLICACIÓN, COA ÚNICA OBRIGA DE CITAR A PROCEDENCIA DOS MESMOS.

S U M A R I O

» 5 SAÚDA DAS SÚAS MAXESTADES OS REIS DE ESPAÑA

» 6 SAÚDA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA _Alberto Núñez Feijóo

» 7 FESTIVIDADE DO CORPUS CHRISTI EN PONTEAREAS: UN EMBLEMA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA _Rafael Louzán Abal

» 8 SAÚDA DO PRESIDENTE DO PADROADO 'TURISMO RÍAS BAIXAS' _José Manuel Figueroa Vila

» 9 SAÚDA DO ALCALDE DE PONTEAREAS _Salvador González Solla

» 10 CORPUS CHRISTI: A COMUÑÓN _Xosé Uxío Nerga Menduíña

» 11 PREGÓN DO CORPUS CHRISTI 2012 _Clodio González Pérez

» 18 MANUEL FERREIRO LOSADA: PREGOEIRO DO CORPUS CHRISTI 2012 _Mª Consejo Vázquez Rabuñade

» 21 O CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS, EXEMPLO SOBRANCEIRO DO PATRIMONIO INMATERIAL DE GALICIA _Xesús Vázquez Abad

» 24 CAMIÑOS DE ROSAS EN PONTEAREAS _Antonio Alonso Fontán

» 28 SE NOS ENCOGE EL ALMA _Ángeles Fernández Lago

» 30 IN MEMORIAM DE EMILIO MONTENEGRO BAUTISTA. PONTEAREAS 1929 - 2008 _Mª Consejo Vázquez Rabuñade

» 33 MEDALLAS DE PRATA DO CORPUS CHRISTI 2011

» 34 UNHA VOLTA POLAS ALFOMBRAS DA COMARCA DO ANO 2011 _Andrés Sampedro Fernández

» 39 MONÇAO, PÉTALOS Y LLUVIA _Ángeles Fernández Lago

» 40 METÁSTASIS | VERSOS EN LA BOCA _Lorena Carrera

» 41 A FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PENAFIEL _María do Rosário Marques

» 44 A PONTE DE PONTEAREAS _Clodio González Pérez

» 46 GARCÍA SARMIENTO DE SOTOMAYOR Y ENRIQUEZ DE LUNA. VIRREY DE NUEVA ESPAÑA Y DEL PERÚ _Antonio Troncoso de Castro

» 48 ¡IMOS DE ROMARÍA! _Sofía Rodríguez Suárez

» 51 MESTRES PONTEAREÁNS PARA A HISTORIA. D. RAMIRO SABELL MOSQUERA (1899 - 1990) _Anxo Serafín Porto Ucha

» 53 TERRAS DE MOREIRA _Michael Skinner

» 56 RELOXOS DE TORRE EN PONTEAREAS _José Higinio Suárez Garra

» 57 JOSÉ FRANCISCO BERISTAIN AZPIAZU. DIRECTOR DE LA BANDA MUNICIPAL DE PONTEAREAS (1928 - 1935) _María Rosa Arija Soutullo

» 59 UN SÉCULO MARCANDO HORAS. O RELOXO DAS ESCOLAS DO COTO (PADRÓNS), OBRA DE ANTONIO CANSECO _Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

» 63 MEMORIA DE PONTEAREAS E BISBARRA _Fermín Bouza Álvarez

» 64 NOTAS ACLARATORIAS A LA HISTORIA DE PONTEAREAS _Antonio José Groba Diéguez

» 67 PONTEARAS NA FESTA DA CERVEXA DE MUNICH (ALEMAÑA) _Xoán Xosé Pérez Labaca

» 69 O COLEXIO DA INMACULADA, PATRIMONIO DE PONTEAREAS _Rosa María García Otero

» 70 XINZO! NOME XOVE EN CANTO Á HISTORIA DA NOSA FREGUESÍA _Xoán Ibáñez Rodríguez

» 72 NOVAS APORTACIÓNS AO INVENTARIO XERAL DAS FONTES DO CONCELLO DE PONTEAREAS _Andrés Sampedro Fernández

Con un saludo muy cordial.

Juan Carlos R. Sofía R.

Saúda do presidente da Xunta de Galicia para as Festas do Corpus Christi de Pontearéas

A historia ten demostrado que é moito máis o que a humanidade pode conseguir desde o esforzo colectivo que desde a individualidade. Así foi en todas as grandes obras, nos logros máis transcendentais. Con ese espírito os pontearéans levan xa máis de 150 anos unindo brazos e mans para manter viva e facer máis grande unha tradición que colocou este concello do sur de Galicia nun lugar destacado dos mapas do mundo. É grazas a eles que o Corpus Christi de Pontearéas é hoxe Festa de Interese Turístico Internacional.

Na cadea humana que cada primavera forman os veciños de Pontearéas atopamos a mellor mostra de como a cooperación dá sempre os mellores resultados. É o seu un traballo encomiable, organizado de maneira exemplar, que se realiza coa motivación do ben común, coa ansia de facer cada vez máis grande e merecida a sona das alfombras florais de Pontearéas.

Os tempos son propicios para achar no labor deste pobo unha metáfora do camiño que debemos tomar se queremos deixar atrás o labirinto da crise económica e saír dela reforzados. Traballar xuntos significa multiplicar as nosas forzas, multiplicar as nosas ideas e multiplicar os nosos recursos. A aposta dos galegos e do seu Goberno é esa, e que ninguén dubide que trata dunha aposta gañadora.

O pobo de Pontearéas fai gala na festa do Corpus Christi dunha enorme sensibilidade que enche as rúas deste concello de cor e beleza. Mais non só. Ter feito dunha celebración local un acontecemento de interese internacional supón atraer milleiros de visitantes á unha localidade que xa é coñecida como a Vila do Corpus, e que ve como o seu esforzo redunda en máis cultura, máis turistas, máis emprego, máis proxección exterior e, en definitiva, máis riqueza. Ese é o froito do traballo man a man dos veciños de Pontearéas.

Constitúe unha honra para min, como presidente da Xunta, a posibilidade que me brinda un ano máis este Concello de participar na celebración dunha das festas máis senlleiras de Galicia, das que mellor falan de nós como pobo. Convido a todos a achegarse a Pontearéas a disfrutar da fermosura desta festa e a lembrar as virtudes do traballo unido que tanto nos pode axudar nestes tempos.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Festividade do Corpus Christi de Pontearéas: un emblema da Provincia de Pontevedra

Ás portas da celebración dunha data tan sinalada coma a festividade relixiosa do Corpus Christi quero saudar a todos os veciños e visitantes que se acheguen a Pontearéas para participar nos actos relixiosos e para contemplar as tradicionais alfombras florais que engalanan as rúas durante estes días.

As alfombras de Pontearéas alcanzaron unha repercusión e un renome universal. Son miles as persoas que se achegan cada ano ata esta vila para gozar destas manifestacións artísticas colectivas que emanan da cultura popular e relixiosa e que se fundamentan na tradición.

Unhas manifestacións que forman parte do noso patrimonio inmaterial e que constitúen o punto de unión de todo un pobo que colabora e traballa con especial entusiasmo para crear efémeras e marabillosas composicións florais, co fin de que as rúas da vila luzan o seu máximo esplendor para recibir a comitiva procesional.

Contemplar, emocionarse e gozar son tres boas razóns para visitar esta vila: contemplar o seu patrimonio e as súas paisaxes; emocionarse coa luz dos tapices florais e co sentimento relixioso, e gozar das súas festas, da súa gastronomía e do trato afable e cálido das súas xentes.

Existe unha Pontearéas para nenos, para maiores, para deportistas, para os amantes da cultura, para os que buscan a beleza da paisaxe, para os que acoden ós actos relixiosos; en definitiva, unha Pontearéas para todos e por iso, desde estas liñas, quero invitarvos a coñecela.

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación de Pontevedra

Saúda do presidente do Padroado 'Turismo Rías Baixas'

En vésperas dunha nova edición das Festas do Corpus Christie é unha satisfacción para min, como Presidente de Turismo Rías Baixas, dirixirme aos participantes para desexarlles unha celebración chea de ledicia.

Como xa é tradición Pontearéas volverá revivir unha das festas con máis tradición da provincia de Pontevedra: un festexo símbolo de ledicia, de agarimo, de intres de familiaridade e amizade, de compañerismo e de sabedoría popular que lle confiren á cidade aínda maior atractivo social e turístico. Non podemos esquecer que se trata, dunha festa emblemática na que a conservación das tradicións e a exaltación relixiosa mestúranse acadando un excelente resultado.

Como Presidente de Turismo Rías Baixas non quero deixar pasar esta oportunidade para reiterar que os esforzos, daqueles que temos responsabilidades administrativas, deben dirixirse a traballar pola calidade de vida dos cidadáns e a crear un marco de convivencia máis xusto e con máis e mellores oportunidades. Dende Turismo Rias Baixas apostamos por seguir traballando, día a día, para respostar ás expectativas e esixencias dos cidadáns e adicamos todos os nosos esforzos para impulsar este proxecto colectivo que é Pontevedra.

Finalmente, quero felicitar á os veciños de Pontearéas polo seu denodado esforzo na organización, así como desexar que os miles de persoas que acudirán, estou seguro, ás celebracións pasen uns días cheos de ledicia e sabor popular.

José Manuel Figueroa Vila
Presidente de Turismo Rías Baixas
Deputación de Pontevedra

Saúda do Alcalde de Pontearéas

Pontearéas novamente se engalana para celebrar un ano máis a súa festa por excelencia: o Corpus Christi. Festa sempre evocada e añorada polos pontearéans cando están fóra do berce que os veu nacer. Evocacións de sensacións aromáticas nas que se mestura o recendo do fiúncho, o aroma das diferentes flores e da árnica que invade as nosas pituitarias, permanecendo nas nosas lembranzas de por vida, xunto á beleza dos deseños e do colorido que invade as nosas rúas, facendo delas un manto continuo de cor e de brillo especial, que culmina coa batalla de pétalos ao paso do Santísimo. Momento culminante que deixa atrás o traballo incansable de todos os nosos veciños, mestres artesáns do alfombrado floral desde hai máis de 150 anos e de cuxo esforzo e tesón abrolla cada ano unha nova marabilla artística que fixo que Pontearéas, desde hai xa moito tempo, teña proxección nacional e internacional e sexa coñecida como a Vila do Corpus.

Desde o orgullo de ser o noso Corpus Christi unha Festa de Interese Turístico Internacional, preparamos con ilusión cada ano a nosa festividade dispostos a asombrar os milleiros de visitantes que durante a noite anterior se achegan a Pontearéas a contemplar unha obra de arte efémera da que só poderán gozar durante unhas horas, antes do paso do Santísimo Sacramento. Froito deste galardón internacional co que se recoñece a importancia do noso Corpus Christi nace a obriga do Concello de Pontearéas de divulgalo alén das nosas fronteiras, sobre todo naqueles países e cidades onde a confección de alfombras florais é un sinal de expresión do seu patrimonio cultural. Este é o caso da cidade de La Antigua Guatemala (Guatemala), da que teremos a sorte de contar cunha delegación de representantes que confeccionarán unha alfombra floral que será a enseña e representación de toda a súa arte que, ao igual que a de Pontearéas, ten máis de século e medio de historia.

Como alcalde do Concello de Pontearéas, e en nome de toda a Corporación Municipal, desexo darlles unha benvida calorosa a todos os nosos visitantes, convidándoos a participar nesta celebración e a gozar dun espectáculo de luz, cor e aroma, convertido en tapiz en homenaxe ao Santísimo Sacramento. Animo, así mesmo, a todos os pontearéans e pontearéas a vivir a festa e a sentirse orgullosos do seu traballo colectivo admirado e recoñecido por todas aquelas persoas que se achegan ata a nosa vila.

Finalmente, e antes de rematar, quixera lembrar a todos os pregoeiros xa falecidos e, en especial, a don Feliciano Barrera Fernández, pregoeiro do Corpus Christi e Fillo Predilecto de Pontearéas, quen nos deixou este ano e ao que queremos lembrar desde as páxinas do Pregón.

Salvador González Solla
Alcalde de Pontearéas

Corpus Christi: a Comuñón



La Orotava

Xosé Uxío Nerga Menduíña
Párroco de San Miguel de Ponteareas

O feito de que a Eucaristía teña diversas e abundantes denominacións é un sinal da riqueza deste admirable Sacramento, fonte e cumio de toda a vida cristiá. Un destes nomes é o de Comuñón.

A nosa fe cristiá tal e como está recollida no Credo sirve para identificarnos como crentes e ao mesmo tempo e sinal de comuñón.[1] Por iso é tan importante coñecer os contidos da nosa fe, ainda que iso, por si mesmo, non baste; pois do que se trata, en definitiva, é de adherirnos a Cristo, realmente vivo e presente na Eucaristía. A nosa fe, se de verdade e cristiá, ten que ser eclesial. Cremos en Cristo segundo a fe da Igrexa. De ahí que a Comunidade eclesial poida desbotar afirmacións teolóxicas que non sexan concordes co expresado pola propia Igrexa. Cando a Igrexa fai isto, a traves do seu magisterio, non está exercendo un mero control de calidade, senón que como Nai e Mestra corrixe con amor aos seus fillos para que se no se afasten do fogar común.

Chámase a Eucaristía, Comuñón porque por este sacramento unímonos a Cristo que nos fai participes do seu Corpo e do seu Sangue para formar un so corpo.[2]

Seguindo esta explicación, de porqué se chama Comuñón a Eucaristía, temos que precisar que do que se trata é da nosa unión con Cristo, de ser un con Él, dunha unión intima, que non intimista, con Cristo Xesús. Polo tanto, podemos decir que da Eucaristía arranca a nosa vida de fe, a nosa vivencia cristiá. Partimos do banquete eucarístico para poder vivir e decirnos cristiáns no medio do mundo. Decirnos cristiáns sen Eucaristía supón un afirmación valeira de contido e de expresividade. É un non dicir, é un dicir nada. No fondo supón a morte espiritual do que se dice cristián porque un día bautizáronno. Sen Eucaristía, sen participación eucarística dominical (se participamos nela e podemos comulgar, mellor), a vida do que se considera cristián está ferida de morte. A desgana e o desinterés polas cousas de Deus apodéranse dun e isto leva a considerar a Igrexa como unha inutilidade e as súas celebracións, como un ritualismo falto de compromiso coa realidade.[3]

A nosa unión con Cristo é posible porque Él dásenos. El fainos parte do seu Corpo e do seu Sangre, e dicir, da sua propia persona, do seu ser; incorpóranos a Él; a Deus e ao home. E por iso polo que podemos afirmar, sen querer asoballar a ningún, que ao participar na Eucaristía e pola comuñón eucarística somos introducidos nunha lóxica de donación e gratuidade que nos abre o misterio de Deus e nos achega máis fondamente a todo o humano.

Esa unión con Cristo que se fai posible pola entrega de si mesmo a nós e que nos recibimos cando celebramos a Eucaristía ten como finalidade formar un so corpo. A comuñón do Corpo e do Sangue de Cristo fainos entrar en comuñón con Él e entre nos mesmos. De aquí e polo que podemos decir que a Eucaristía fai a Igrexa;[4] Igrexa que é Corpo de Cristo porque o recibir o Señor na Eucaristía convertémonos naquilo que comemos. Que así sexa.

---

[1] Cf. CEC 188

[2] CEC 1331

[3] Cf. CEC 1391-1392

[4] Cf. CEC 1396

galicia calidade

Lo mejor de Galicia, CERTIFICADO

Calidad en las materias primas, en la producción, en las personas ...
Por eso desde hace más de 20 años, hay un concepto que nos define,
no sólo como marca gallega, sino como identidad, **GALICIA CALIDADE**.

La calidad como principio, desde el principio.

www.galiciacalidade.es
info@galiciacalidade.es
www.facebook.com/GaliciaCalidade
www.twitter.com/GaliciaCalidade

Pregón do Corpus Christi 2012

Praza de Bugallal

■ **Clodio González Pérez**

Ilmo. Sr. Alcalde e corporación do Concello de Ponteareas

Señoras e señores

Moi bo día a todos neste domingo anterior ao da festa grande de Ponteareas: a celebración do Corpus Christi.

Hai datas que non se esquecen na vida, e esta será para min unha delas. O meu cariño por esta vila non decreceu, malia que leve afastado dela máis de corenta anos. Pola contra, medra a pulos co paso do tempo, cando lembro con saudade a infancia pasada aquí por enteiro e tamén case toda a adolescencia que, como ben sabemos, son os anos que deixan máis pegada na vida dunha persoa.

A ninguén se lle pregunta onde quere nacer, o acto máis sublime de todo ser, pero si depende da vontade de cada quen elixir libremente a terra que desexe por patria adoptiva. Un caso senlleiro foi o do pintor Roxelio Lorenzo Rodríguez, que sempre dicía que nacera en Ponteareas, pero se tiña confianza, entón moi baixiño aclaraba que fora nunha das parroquias lindeiras pero que o trouxeran de meniño, polo que se consideraba pontearean polos catro cantos.

O meu caso é semellante ao do amigo e finado artista: nacín en Cenlle, no corazón do Ribeiro, na mesma capital do concello que abrangue do Miño ao Avia, e aos dous anos trouxéronme para Ponteareas. De aí que haxa moitas persoas que pensen que nacín aquí, onde vivín ata os 15 anos. Logo, como dixo un pontearean ilustre, Don Fermín Bouza Brey, nun curto pero fermoso artigo ateigado de cariño a esta terra, "Lembranza do meu Ponteareas", publicado en Lonxe da terriña… en 1967, como tamén a el, a vida levoume dende neno fora das terras que bica o Tea.

Don Fermín naceu na praza Maior, no campo da antiga feira, orixe de Ponteareas, pero medrou en Vilagarcía de Arousa. Pola contra, eu nacín no Ribeiro e medrei aquí, e, a ambos os dous, o devir incesante da vida levounos lonxe desta terra, pero con ela sempre no corazón. A miña relación con Ponteareas é tan grande, que ata a primeira fotografía que teño foi tirada aquí, na praza Maior o ano 1949.

Gardo na memoria, tan fresco como se ocorrese onte, o recordo dos amigos da infancia e da adolescencia: do colexio das monxas franciscanas da Divina Pastora, onde aprendín a ler; do colexio "Santiago Apóstol", no que botei tres cursos, e, moi en especial, da escola pública de Angoares, da que era mestre Don Pedro González Rodríguez. Tamén do párroco Don Enrique Rodríguez Troncoso, que me convidou en 1966 a colaborar en Lonxe da terriña…; do P. Fermín, franciscano de Canedo, un bo botánico que tiña daquela case rematado un herbario da zona; dos irmáns "Mariño", que puxeron o nome de Ponteareas no podio máis alto do ciclismo español; de Ignacio Vidales Tomé, que non tratei persoalmente pero que coñecía ben; de Maruja Pino e, por non citar xa máis porque a nómina sería longa, de Emilia Estévez Villaverde, que xusto o ano que saíu do prelo o seu primeiro libro, Airiños do meu lugar, en 1963, deixei eu Ponteareas para residir en Vigo.

Tampouco me esquecerei da tía Adelina e do tío Manolo –irmán de meu avó- que tiñan un bar na Xiralda, nin de todos os amigos e amigas de Ponteareas e Angoares, compañeiros de xogos e de escola, algúns xa finados: Ricardo, Xosé Manuel, Mari Carme, Enrique, Fernando, Adolfo... Unha forte aperta para uns e unha lembranza eterna para os que xa deixaron o mundo dos vivos.

Estas son algunhas das lembranzas da

Rúa Oriente

miña estadía en Pontareas, unha vila moi distinta da de hoxe en día que xa é unha cidade. Entón a actividade dos máis dos veciños estaba dalgún xeito relacionada co comercio, os oficios e as tabernas. Era o centro mercantil máis importante da comarca con mercados os sábados, pero os días que, como se adoita dicir, non cabía unha agulla nas prazas e rúas, eran os das feiras: buliciosas, ateigadas de xente, gando, mercadorías, ferramentas, roupa, tratantes, cegos tocando o violín, botadoras de cartas, mendigos... Feiras que describe maxistralmente Don Mariano Piñeiro Groba, párroco de Angoares, en Soaces d'un abade, un dos primeiros libros que se publica en Galicia, case todo en galego, despois da Guerra Civil (1946):

Todol-os días catorces
e sábados derradeiros,
son feiróns en Pontareas,
¡Uns feiróns qu'hay que vel-os!…

O camiñar incesante dos anos torna felices feitos que non foron tanto; esquécese o malo e perdura o recordo do bo e agradable. De aí que o pasado nos pareza mellor do que foi, pero esa sensación experimentámola todos, por iso remato este limiar antes de falar da celebración do Corpus cunhas verbas alleas, tomadas unha vez máis do curto pero fermoso artigo "Lembranza do meu Pontareas" de Don Fermín:

... hoxe, andados os anos, levados polo río da vida os soños mais felices, ó volver os ollos dende a altura, vexo alá no fondo do esprito a Pontareas como a vila ideal, feita de tenras voces e de luces suaves...

A festa do Corpus é un dos meus temas de estudo preferidos, sen dúbida pola influencia que sobre min exerce Pontareas, como amosan os artigos xornalísticos, traballos de investigación e libros que lle teño dedicado: A Coca (1987), As penlas e a danza de espadas (1987), "A coca de Betanzos" (1992), A coca e o mito do dragón (1993), "A coca da Coruña" (1994), "Dúas manifestacións comúns a Portugal e a Galicia: A Coca e San Cristovo" (1997), "A Coca de Pontevedra" (1998), "A festa do Corpus de Ribadavia: a Becha" (1998), "El Corpus en Galicia: Redondela y Pontareas" (1998), "A festa do Corpus, expresión de cultura popular" (1999), "A coca de Monção (Portugal)" (2006), "A Festa da Coca en Redondela e a do Corpus en Pontareas" (2008), etc.

A coca, apócope do termo latino cocatriz, a crocodila, é un dragón que representa ao demo na procesión, unha das manifestacións máis populares ata que a prohibe o rei Carlos III en 1777, que agora unicamente se conserva en dúas poboacións case equidistantes de Pontareas: Redondela e Monção. Houbo cocas en Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ribadavia, A Coruña, Betanzos, Baiona, Tui, etc.

A celebración eucarística do Corpo de Deus, Corpus Christi ou Corpus Domini, xorde no século XIII en Liexa, Bélxica, onde se festexa por primeira vez en 1246. Non moito despois, 1264, é instituída polo papa Urbano IV pola bula Transiturus hoc mundo..., celebrándose en Toledo xa en 1280, e dous anos máis tarde en Sevilla, pero sen procesión, que non sería aprobada ata 1316 polo papa Xoán XXII. En adiante, esténdese de contando por toda a cristiandade: Guimarães (Portugal) (1318), Barcelona (1319), Vic e Tortosa (1330), Lleida (1340), Valencia (1355)... E, con toda seguridade, tamén debeu empezar en Galicia na primeira metade do século XIV.

Segundo a lenda, o día do Corpus Christi do 1366 foi asasinado en Santiago de Compostela, cando ía nesta procesión portando a custodia, o arcebispo Suero Gómez de Toledo, contrario ao rei Pedro I o Cruel. En Pontevedra e Ourense rexístrase documentalmente a partir de 1437, pero viña de moito antes, participando na procesión as confrarías piadosas e os gremios de artesáns.

A mellor proba da relevancia acadada por esta celebración eucarística constitúea o feito de que antes de rematar o século XV, as máis das dioceses xa tiñan declarado o día como festivo, entre elas a de Tui, o ano 1482, sendo bispo Diego de Muros. Tendo en conta que Pontareas sempre pertenceu á diocese tudense, hai 529 anos que a data do Corpus aquí é día festivo ou de festa de gardar.

No actual territorio da parroquia de

Pontearéas empezou na igrexa de San Miguel de Canedo, freguesía moi antiga que figura coa denominación de Canatello nunha doazón do rei Bermudo II á igrexa compostelá, o ano 991. Logo pasou á orde do Temple, posteriormente o rei Xoán I deulla en 1386 a Paio Sorredea de Soutomaior e, por último, desta familia rematou en poder da dos Sarmiento, señores de Sobroso e condes de Salvaterra. Non é este o momento para resumir a súa historia, non máis dicir que, por exemplo, en 1325 consta que Gonçalvo Lourenço era clerigo de Canedo, sendo polo de agora o primeiro párroco documentado deste templo que ficaba no lugar de San Miguel, na aba do monte da Picaraña, á dereita poñéndose de fronte do convento franciscano de San Diego de Canedo.

O Corpus ou Sacramento, como tamén se di, celebraríase aquí coa maior fastosidade que se podía permitir unha parroquia rural, unicamente diferente das circundantes a partir de 1483, en que o rei Fernando o Católico concede a García Sarmiento a mercé de celebrar unha feira mensual no couto de Canedo, sendo o lugar escollido o que agora corresponde á actual Praza Maior, onde posiblemente xa se celebraba dende antigo algún mercado.

Praza Maior I

Ao longo do século XVII constitúense as máis das confrarías do Sacramento, entre elas na de Canedo, que, segundo investigou o amigo Xoán Martínez Tamuxe, aquí foi o ano 1635, que se encarga en adiante da celebración ata comezos do século XX. Tamén é de ter en conta que en 1656 xurde a Confraría do Santísimo Sacramento de eclesiásticos do partido ou arciprestado de Salvaterra, formado daquela por 40 parroquias, entre elas, a de San Miguel de Canedo e o anexo San Vicente, ata que en 1854 o bispo García Casarrubias reparte este enorme territorio entre dous arciprestados, mantendo o antigo 19 freguesías, mentres o novo, que será o de Pontearéas, quedou con 21. Con todo, cómpre ter en conta que esta celebración nin era a propia do Corpus, nin tampouco o mesmo día, senón, segundo as súas constitucións, el primer lunes de cada año despues de la Dominica infra octavam Corporis Christi, en la Iglesia donde residiere el Mayordomo.

O 2 de novembro de 1777 clausurouse o templo de San Miguel por ameazar ruína e, quizais máis aínda, por ficar moi afastado do núcleo de poboación máis importante da parroquia, pasando entón a facer de igrexa a capela de San Gregorio, situada no mesmo campo da feira, é dicir, na Praza Maior. Partindo deste dato, o primeiro Corpus que se celebrou en Pontearéas e non en Canedo, tivo que ser o correspondente ao ano 1778, que cadrou o 18 de xuño.

Podemos imaxinar como se desenvolvería a procesión: o párroco, Pedro Couñago, que rexeu a freguesía entre 1775 e 1787, levaría a custodia collida coas dúas mans baixo o palio, portado polos persoeiros principais da vila e da xurisdición de Sobroso, e, case seguro, como viña ocorrendo dende o comezo da celebración en todos os sitios, parte do chan do itinerario estaría adornado con flores e follas de plantas aromáticas.

Non coñecemos o percorrido con exactitude, pero dende a Praza Maior, onde estaba a capela de San Gregorio, seguiría pola actual rúa de Oriente, que entón non era máis que un camiño quizais xa con algunhas casas, ata rematar no outeiro do Calvario (o emprazamento da actual igrexa), dende onde o párroco impartiría a bendición coa custodia aos catro puntos cardinais. Ao remate do acto, a comitiva regresaría á capela de San Gregorio polo mesmo camiño ou polo que agora é a rúa da Esperanza.

A partir dos últimos anos do século XVIII os documentos xa se refiren á nova igrexa parroquial, situada no mesmo solar da actual, que se constrúe durante o pontificado do bispo Diego Fernández Angulo (1775-1795), constando que a solemnidade do Corpus de 1791, non a do propio día, senón a organizada pola Confraría do Santísimo Sacramento de eclesiásticos do arciprestado de Salvaterra, celebrou o acto, dentro de la nueva Iglesia Parroquial de la Villa de Puenteareas.

Nos libros de contas das confrarías

Delegación Internacional de Bruxelas

dos séculos XVIII e XIX hai varios apuntamentos alusivos á celebración desta festa, como teñen achegado os amigos Moné Fernández Álvarez e Rafael Sánchez Bargiela, dende o dourado das custodias en 1779, ata o custo do incenso gastado en la fiesta del Sacramento en 1818 e 1819.

O que houbese daquela flores e herbas aromáticas no chan das rúas ponteareás non é máis que unha suposición, pero con moito fundamento, tendo en conta que se facía así en xeral, ata que se documenta a partir de 1857, grazas aos informes do enfrontamento entre o alcalde, Rafael de Castro, e o párroco, José Bernardo Mouriño Clos, precisamente polo itinerario a seguir pola procesión do Corpus.

A disputa entre ambos poderes, malia que tamén houbese outros problemas de fondo, debíase ao mal estado da costa de San Gregorio e da rúa de Abaixo, polo que o segundo se negaba a que a procesión fose por esas dúas rúas. Pero, como di un dos informantes do bispo, frei Felipe de Alfaya,

… pasamos a la calle de Abajo y a pesar de que hay obras en construcción, estaba, despues de salir de la Plaza comenzando por la de San Gregorio toda barrida, apartados los materiales de las obras estendidas en parte flores, hierbas aromáticas y más que se acostumbra en la solemnidad del día...

As últimas palabras testemuñan o que se supoñía que se viña facendo dende non se sabe cando, como costume tradicional e antiga: botar no itinerario flores e herbas recendentes, como fiúncho, árnica e alecrín. Dende esa data xa non hai dúbida de que as rúas ponteareás se adornaban o día do Corpus, pero falta por saber dende cando estas desordenadas flores e follas se converteron en alfombras ou tapices. Malia á escaseza de documentos, nas últimas décadas tense avanzado de abondo grazas ao descubrimento de varios testemuños gráficos.

Ata non hai moitos anos a única fonte de certa fiabilidade era a información oral de persoas maiores, algunha fotografía da década dos anos vinte e, sobre todo, un texto do excelente debuxante e escritor ponteareán Ignacio Vidales Tomé, que naceu e faleceu aquí, en 1896 e 1963, respectivamente, que escribía no pregón do Corpus de 1955:

… el corpus en Puenteareas, en el interregno de 1918 a 1947, venía siendo muy poquita cosa. O, dicho sin ambages, una mediocridad. En el aspecto artístico se reducía a tres o cuatro alfombras florales, de simbolismos tópicos matizados con serrín teñido de anilinas de rabiosos colores, y el fiuncho y la espadaña esparcidos...

Mais cómpre ter en conta que cando escribe isto está a comparar as alfombras que se facían cando el era mozo coas de 1955; certamente moito mellores as segundas, co gallo do pulo que lle dera a comisión da festa a partir dos últimos anos da década dos corenta.

Agora hai probas gráficas máis antigas, algunhas ben datadas, que nos retrotraen a comezos do século XX, entre as que salientan dúas fotografías de 1912 da colección de Salvador Fernández de la Cigoña: unha vista xeral da rúa dos Ferreiros (neste treito denominada oficialmente de Gabino Bugallal), tirada dende o cruce coa rúa da Esperanza cara á rúa de Abaixo ou Real. E outra, quizais tamén da mesma rúa, dun grupo de "alfombristas", homes, mulleres e nenos, uns sentados no chan e outros de pé, cun altar por detrás e diante dunha alfombra sen rematar.

Estas fotografías testemuñan que xa daquela tanto a técnica, como a confección e o estilo estaban totalmente conformados, do que se deduce que era un labor que se viña facendo de antes, cando menos dos últimos anos do século XIX, pois unha tradición deste xeito non xorde de súpeto, da nada, senón que precisa de tempo e antecedentes para o seu pleno desenvolvemento.

Praza Maior

Rúa dos Ferreiros

Ademais destas dúas fotografías, ben datadas, o mesmo coleccionista, Salvador Fernández de la Cigoña, posúe seis máis relacionadas co Corpus (hai tres que se dan tamén como desta procesión, pero corresponden á de setembro da Virxe dos Remedios), dos anos inmediatos a 1912, das que, cando menos, unha ten que ser anterior ou posterior, pois é do mesmo treito da rúa dos Ferreiros que a devandita de 1912 pero con diferente deseño, feita en papel de postal de René Guilleminot, Boespflug de París, importante laboratorio fotográfico activo entre finais do século XIX e comezos do XX.

Dúas son da Rúa Abaixo, cando se cubría toda con flores e non como na última época que só era polos lados para deixar paso polo medio aos vehículos, co "Calvario" ao fondo. E as tres restantes, tamén da Rúa dos Ferreiros, nunha pasando a procesión, moi diferente a como se desenvolve agora, pois daquela ían moitas imaxes e estandartes, pero non polo medio da estrada, senón por un lado, de xeito que o Santísimo fose o primeiro en pisar o centro da alfombra, na que se albiscan tres imaxes: en primeiro termo a de San Diego de Alcalá, procedente do convento de Canedo, no medio a da Virxe do Carme e ao fondo a da Virxe dos Remedios.

Na década dos corenta do século pasado (hai uns 70 anos), a comisión da festa desenvolveu unha campaña a prol da mellora das alfombras e da súa difusión nos medios de comunicación, empezando dende entón a acadar sona en toda Galicia e mesmo fóra. Tamén foi por estes anos cando se publican as primeiras

postais como recordo de Ponteareas con fotografías dalgunhas alfombras.

No sucesivo xa se desenvolven como agora, indo a máis en número de rúas, en metros cadrados e en calidade, ao tempo que da procesión desaparecían, por imperativo superior, primeiro as imaxes e logo os estandartes, quedando só a custodia de gusto neogótico e o palio portado por seis homes.

Nas últimas décadas os avances artísticos e estilísticos dos e das "alfombristas" foron extraordinarios: ademais dos deseños tradicionais de flores, cada vez son máis abundantes as escenas relacionadas coa Eucaristía, coa Paixón (a Derradeira Cea, Cristo crucificado), con personaxes e feitos bíblicos (a expulsión de Adán e Eva do paraíso, a Torre de Babel, o profeta Elías no carro de lume), o Pantocrátor rodeado dos catro evanxelistas, a Anunciación, a Virxe Peregrina de Pontevedra, o patrón do bispado San Telmo de Tui, a imaxe do patrón de Ponteareas o arcanxo San Miguel... Así como tamén figuras abstractas, deuses exipcios, etc. E, por suposto, temas de rabiosa actualidade, ocorridos no mesmo ano ou no anterior, dende o Ano Santo Xacobeo, ata o desastre do petroleiro Prestige fronte ás nosas costas (nesta líase: Pregámosche Señor: Nunca máis).

A relevancia acadada pola celebración do Corpus Christi ponteareán nestas últimas décadas resúmese á perfección nas tres seguintes senlleiras declaracións, que valen máis que todo canto se diga:

- 1968, Festa de Interese Turístico
- 1980, Festa de Interese Turístico Nacional
- 2009, Festa de Interese Turístico Internacional

Conclúo este pregón rebuscando no meu baúl dos recordos, no que din cun artigo publicado no periódico Galicia Social de Vigo en 1966 - van alá máis de 45 anos!- que se titula "Oración y arte de un pueblo", ao que pertence o seguinte parágrafo, co que fecho este pequeno percorrido pola nostalxia persoal e a historia do Corpus ponteareán:

Rúa dos Ferreiros-San Roque

El día de Corpus Christi, las caducas florecillas que yacen sobre las calles, con su nube de rocío que le aporta el alba, parece que vuelven recobrar vida, pero, como aquella flor del vallado del atajo de la que nos habla Juan Ramón Jiménez, su recuerdo podrá ser eterno, pero su vivir es como una primavera de nuestra vida; así son los tapices de Ponteareas, son de paso, su vida es efímera, solamente unas horas, pero su recuerdo es eterno en el corazón de quien los contempla.

Parabéns para os homes e mulleres que fan posible o milagre de trocar por unhas poucas horas o negro asfalto cotián das rúas, por fermosas e delicadas alfombras de múltiples deseños e variadas cores, convertendo a Ponteareas na vila galega do Corpus por antonomasia, imitada por moitos, pero non superada por ninguén.

Unha forte e afectuosa aperta nesta data tan especial para todos, veciños e forasteiros, deste ponteareán non de nacemento, pero si de corazón.

Bos días e felices festas.

ELECTRODOMÉSTICOS, INFORMÁTICA Y TELEFONÍA

BOINSCON, S.L.
Rúa de Concha Brey, 4 - Ponteareas
Tel 986 64 01 15 - www.expert.es

expert

Manuel Ferreiro Losada
Pregoeiro do Corpus Christi 2012

■ **Mª Consejo Vázquez Rabuñade**

Como lle gusta dicir, parafraseando ao escritor Celso Emilio Ferreiro, "Eu nacín, modestia fóra, nun lugar onde o mundo se chama Celanova", un 26 de xullo de 1949, fillo de Serafín e Milagros. O seu pai, garda civil, estaba entón destinado en Lavadores (Vigo) e, como era tradicional, foi nacer na casa da súa avoa materna. En 1951 o seu pai é destinado a Covelo, onde inicia o contacto con Ponteareas, da que lembra as súas primeiras referencias da nosa vila xa que –segundo as súas propias palabras- "de cando en vez había que ir ás importantes feiras que tiñan lugar na vila do Tea".

Tras o seu paso por outras vilas como Filgueira (Crecente) e Sanxenxo, en 1963 o destino do seu pai o leva a Ponteareas, onde realizará os estudos de bacharelato superior no Colexio Santiago Apóstol. Eses dous anos, do 63 ao 65, foron os máis intensos das súas vivencias en Ponteareas, nas que nace a amizade con moitos, coñece á que será a súa dona, Pilar Díaz Cuerpo, e onde xorde o vencellamento definitivo coa vila de Ponteareas. Continua os seus estudos en Pontevedra, desprazándose as fins de semana a Ponteareas para "recuperarse da morriña do afastamento".

No ano 1968 ingresa como cabaleiro cadete na Academia Xeral Militar e en 1970 concédeselle o grao de alférez da Garda Civil, saíndo da Academia no 1972 co grao de tenente.

O seu primeiro destino será en Valdemoro (Madrid) e en 1973 vén destinado a Galicia, permanecendo nela ata o ano 2000. Ocupará distintos cargos directivos como a xefatura do instituto armado da Liña do Porriño; no Servizo de Información da Comandancia de Pontevedra; a xefatura do Destacamento de Tráfico de Ourense. No ano 1978 ascende a capitán, sendo destinado á Compañía de Tui para, con posterioridade, mandar o Subsector de Tráfico de Pontevedra. Como comandante dirixe a Comandancia de Pontevedra e como tenente coronel exerce o mando da Comandancia de Ourense e da Subagrupación de Tráfico da Coruña, con competencias en toda Galicia e Asturias.

No ano 2000, tras o seu ascenso a coronel, vese na obriga de deixar Galicia para ocupar o cargo de xefe de Asuntos Internos da Garda Civil en Madrid. Un ano máis tarde asumirá o mando do Servizo de Información da Garda Civil para, no 2004, logo de ser promovido ao emprego de xeneral de Brigada, ser destinado á Xefatura de Informática e Telecomunicacións.

Considerando que debía pór fin á súa emigración en Madrid, vacante a zona da Coruña, regresa a Galicia no ano 2006, onde tomará posesión da Xefatura da Garda Civil de Galicia e onde, no 2008, é promovido ao emprego de xeneral de División, permanecendo no posto ata que en xuño de 2011, por "imperativo legal", ao cumprir sete anos entre os empregos de xeneral de Brigada e División, pasa á reserva e fixa a súa residencia definitiva en Ponteareas.

Militar fortemente interesado na formación e superación persoal realizou numerosos cursos de especialización e

Fonte do Baratillo

Monçao

perfeccionamento en diferentes materias e ámbitos como os referentes a Información, Policía Xudicial, Medio Ambiente, Circulación e Tráfico, Automobilismo e Criminalística, entre outros.

Na súa dilatada traxectoria profesional, o xeneral Manuel Ferreiro destacou por ser posuidor dunha brillante folla de servizos, ocupando postos de máxima responsabilidade. En resumo, o xeneral Manuel Ferreiro destacou por riba de todo por ser un traballador incansable a prol da erradicación da delincuencia en xeral, da eliminación do narcotráfico, da reducción da sinistralidade viaria, da mellora do medio ambiente, da investigación e prevención de accidentes laborais así como por ser un dos impulsores da investigación dos delitos introducidos polas novas tecnoloxías, colaborando con todas as institucións e organismos necesarios para poder levar a cabo o obxectivo de conseguir unha sociedade máis segura e máis xusta.

Este brillante labor fíxoo merecedor de numerosas, encomendas, medallas, condecoracións, e distincións de todo tipo, tanto civís coma militares, entre as que cómpre destacar as seguintes: Encomenda á Orde do Mérito Agrícola; Encomenda e encomenda de número da Orde do Mérito Civil; Medalla da Orde de Carlos III; catro condecoracións da Orde de San Hermenexildo; catro ao Mérito Militar, e outras catro ao Mérito da Garda Civil, todas elas en diversas categorías.

Manuel Ferreiro Losada, nomeado no ano 2011 Fillo Adoptivo de Ponteareas, ten fondas raizames con Ponteareas, onde viviu na infancia e mocidade, onde definitivamente fixa a súa residencia –como antes fixera o seu pai– e onde tamén vive unha das súas fillas e os seus netos. Ponteareas é, pois, parte do seu corazón como demostra o feito de que no acto de Despedida da Bandeira, celebrado no cuartel de Lonzas (A Coruña), escollese o pasodobre "Puenteareas", do mestre Reveriano Soutullo, para unha cerimonia tan significativa e de tan grande solemnidade.

Rúa Doutor Fernández Vega

attico inmobiliarias

MEDICIONES TOPOGRÁFICAS
PROYECTOS DE OBRA
GESTIÓN FINANCIERA

INMOBILIARIA · FINANCIERA

COMPRA-VENTA DE INMUEBLES
GESTIÓN INMOBILIARIA
TASACIONES INMOBILIARIAS

986 640 480
www.inmoattico.com
Plaza Mayor. 25 - PONTEAREAS

La Primavera
Floristas y Decoración

Rúa R. Soutullo, 17 - PONTEAREAS
Tel. 986 641 080 Particular 986 661 035
primavera@interflora.es
www.florlaprimavera.com

INTERFLORA · FLEUROP · FTD

a óptica ó servicio
dos seus ollos

Óptica mahen

rúa de oriente, 10 - ponteareas

MAPFRE

JOSÉ LUIS TEIXEIRA RODRÍGUEZ
DELEGADO

C/. Redondela, 1 - Bajo
36860 Ponteareas
Teléfonos: **986 644 099 - 986 644 064**
Fax: **986 641 504**

CB bouzó
CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES

construcciones en general naves industriales
edificios - reformas

Rúa de Braña, 6 - Bajo • 36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
Tel. / Fax **986 66 18 22**

Cásate con nosotros

Catering GALICIA

Picoto, 21 | 36869 Areas
Ponteareas
Tel. 986 64 10 44 | Fax 986 66 15 54
www.catering-galicia.com

CORREDURÍA DE SEGUROS

Hnos. VIRULEGIO

SU ASESOR PARTICULAR EN SEGUROS

- Autos
- Hogar
- Comercio
- Vida
- Accidentes
- Embarcaciones
- Empresas
- Responsabilidad Civil
- Salud
- Plan de Jubilación
- Planes de Pensiones
- P.I.A.S. (Plan Ahorro)

Plaza de Ribadavia, 1 - Tel. 986 40 80 99 - Fax 986 40 31 68 - 36800 REDONDELA - hnosvirulegio@virulegio.es
Avda. Castelao, 14 - Tel. 986 18 20 26 - Fax 986 18 28 26 - 36860 PONTEAREAS - ponteareas@virulegio.es

Hipermercados EROSKI contigo

Hipermercado Eroski Ponteareas
Rúa San Antonio, s/n - Parroquia de Angoares
36860 Ponteareas - Tel. 986 64 42 10 - Fax 986 64 41 84

O Corpus Christi de Ponteareas,
exemplo sobranceiro do patrimonio inmaterial de Galicia

■ **Xesús Vázquez Abad**
Conselleiro de Cultura, Educación e O. U.

Ponteareas é, polo menos desde hai século e medio, unha comunidade alfombrista na que os veciños participan para confeccionar os mantos florais que engalanan o paso da procesión do Santísimo Sacramento o día de Corpus.

Escola de Alfombristas

Neste sentido, para comezar esta humilde achega, gustaríame pór de relevo un aspecto ao que se cadra non se lle presta demasiada atención ou, ao menos, non a atención debida. Refírome ao enorme traballo que supón a confección das alfombras florais, que despois locen con todo o seu esplendor durante as festas. Unha efeméride, a do Corpus Christi, que, consolidada pola historia, pola tradición e pola fe, hoxe proxéctase internacionalmente e sirve como carta de presentación do concello, da contorna e da propia Comunidade Autónoma. Pois, sen dúbida algunha, o Corpus é un referente cultural e turístico para Ponteareas, para o Condado e para Galicia.

Os tapices florais, composicións decorativas realizadas con flores, sementes, froitos ou follas, son expresións artísticas e culturais que aparecen en multitude de culturas desde a Antigüidade. Non obstante, o caso concreto de Ponteareas resulta un caso singular pola devoción e vitalidade que reviste de xeito ininterrompido desde hai máis de século e medio, así como polos valores culturais, sociais, patrimoniais e, propiamente, de fe, que congrega.

Sentando uns breves antecedentes, cabe dicir que a tradición alfombrística europea funde as súas raíces no acervo cultural grecolatino. Segundo Hans Biedermann, Flora era na antiga Roma a protectora das flores. Representábase cunha gran cornucopia da que ían caendo flores, alfombrando a terra ao seu paso. Na súa honra celebrábanse as festas das Floralia, a finais do mes de abril.

Por outra banda, como apuntaba o poeta e estudoso catalán Juan Eduardo Cirlot, no seu Diccionario de símbolos, os gregos e os romanos coroábanse de flores en todas as súas festas. Así mesmo, nestes pobos, cubrían con flores aos mortos que levaban á pira funeraria e esparexíanas sobre os sepulcros. É sabido ademais que a flor é, pola súa forma, unha imaxe do centro da creación e unha imaxe arquetípica da alma.

A celebración da festividade de Corpus Christi na vila de Ponteareas está documentada, canto menos, desde o século XVII. Malia todo, tendo en conta a documentación histórica, só é posible dicir que a mediados do século XIX a colocación de elementos vexetais no itinerario da procesión era xa percibido na vila como un costume consolidado e axeitado á solemnidade da celebración.

1857 parece ser o limes cronolóxico que franquea o paso á festa contemporaneamente. Durante todo este período, na historia da vila do Tea vense celebrando o Corpus Christi pleno e vizoso, salvando quizá o período que vai de 1918 a 1947, anos nos que –segundo os expertos e en base ás achegas de autores da época como Ignacio Vidales Tomé–, esmoreceu cualitativa e cuantitativamente na vila.

En calquera caso, hoxe conmove ollar as primeiras fotografías coñecidas –da década de 1910–, e ver como a festa xa gozaba de predicamento entre o conxunto da veciñanza pontearean e como acadaba reunir, arredor do paso do Santísimo no día do Corpus Christi, a gran parte da comunidade.

Precisamente, este aspecto de traballo colaborativo e de participación social a prol da conservación e agrandamento da tradición –do que xa teño falado– é o que permitiu que, ao longo da segunda metade do século XX e durante a primeira década do XXI, o Corpus Christi pontearean

ANPA Pena do Equilibrio

acadase importantes recoñecementos nos eidos cultural e turístico. Un ciclo de recoñecementos culminado ata o momento pola declaración de Festa de Interese Turístico Internacional.

O Corpus ponteareán basease desde as súas orixes nunha obra de arte efémera que é, ao tempo, a exteriorización do gozo relixioso e unha ofrenda ao amor de Deus. Creacións fuxidías froito da colaboración de centos de persoas que esmorecen baixo os pes dos eclesiásticos e fieis que participan na procesión.

Na liña expresada, a investigadora Palma Martínez-Burgos afirma que "a Igrexa católica fixo moito pola recuperación do «homo ludens», o fiel festivo e gozoso que parece celebrar de forma profética a promesa dunha alegría futura e eterna."

O Goberno galego é consciente da gran importancia social e turística do noso patrimonio cultural inmaterial (tradicións e expresións orais, rituais, linguas, prácticas sociais), pero destaca, así mesmo, a súa relevancia como recurso cultural e identitario para afrontar o problema do desenraizamiento dos contidos culturais e como expresión da nosa diversidade.

Consecuentemente, debo dicir que desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sempre apoiaremos e tomaremos as medidas precisas para salvagardar o magnifico patrimonio cultural inmaterial que temos en Galicia, implicándonos na medida das nosas posibilidades en traballos de identificación, documentación, preservación, protección, promoción, valorización, transmisión e, a fin de contas, revitalización do inxente conxunto de expresións patrimoniais galaicas, nos seus distintos aspectos constitutivos e na totalidade do noso territorio autonómico.

Por outra banda, sendo evidente a fonda interdependencia entre o patrimonio cultural inmaterial e o patrimonio material, cultural e natural, cómpre facer un esforzo a prol da preservación deste tipo de patrimonio que contextualiza e dota integramente dun significado vivo e vixente á nosa cultura, enmarca significativa a nosa vida como individuos e proxéctanos na historia como pobo.

Xa para rematar, resultou unha honra para min poder entregar estas liñas que, humildemente, trataron de expresar un sincero agradecemento ao traballo que multitude de xeracións de homes e mulleres de Ponteareas fixeron, fan e farán, a prol da celebración da festividade deste singular e excepcional Corpus Christi.

Cantón de Boavista

Deputación
Pontevedra

Rías Baixas...

a la medida de tus deseos

Camiños de rosas en Pontearéas

A Celeir convalecente

A Castiñeira

■ **Antonio Alonso Fontán**

Camiños de rosas postas no chán con arte, para o paso da imaxen do Señor, levada en andas polas rúas e quintanas da Vila de Pontearéas, acompañada dunha inxente comitiva de devotos. Trátase dunha ofrenda da Terra ó Ceo que adican ó Señor, para que nel se espelle e se refreixe a fermosura infinda da primavera, alfombrando o chan en determinadas superficies nas que se poidan recrear detidamente as miradas con sensibilidade lírica, que se sinten agasalladas coa sutil fartura de arrecendo e cromatismo. Por lei divina florecen cada ano rosas cultivadas en xardíns, e margaridas silvestres cobren o fondo verdeal da campíña, fermoseando a paisaxe que humaniza a nosa "Terra Loubada", primorosamente. Nas hortas e pomares dos eidos, a mestura de polens en simbioses adeministrando a formación de froitaspara gorentar paladares, despois das regalías de flora e mel. Coa man trémula collemos a rosa para efimeros adornos, atentos o zumbido do enxame, que nos xustifica a invención da colmea, na que se elabora o nectar para endulzar íntimas amarguras. Un recorrido sentimental me leva polas Terras amadas do Condado e Paradanta, apreciando a fortuna acuífera que temos, e gozando a mornura dos benignos astros que nos cubren e alumean, dentro deste anel orográfico formado por redondas montañas de aquen e alen Miño, compartindo un

San Nicolás de Prado

moi "Belo Horizonrte" que descende simétrico polos catro puntos cardinais.

A diferenza de agora, antes o río Tea debeu facer de lindeiro natural entre Areas e San Miguel e San Vicente de Canedo (Os Canedos), das que as igrexas quedaban lonxe da ponte, a primeira entre o Areal e Canedo, de par do regueiro que baixa do monte da Picaraña, e a segunda máis abaixo, no barrio que mantén o nome do patrón, San Vicente. De aí que nas visitas pastorais se mande aos veciños de Ponteareas que asistan a misa nas súas parroquias e non na de Areas, aínda que lles quedaba máis preto.

A Ponte de Areas

A nivel popular adóitase dicir que todas as pontes vellas foron obra dos romanos, aínda que algunhas nin sequera sexan medievais. Das catro que hai no río Tea, Cernadela, Ponteareas, Partidas, Fillaboa e Cons, a única con posibilidades de ser moi antiga é a última, xa en ruínas no século XVIII, da que agora case non quedan restos. Estaba entre Pías e Padróns, e puidera formar parte dunha vía secundaria procedente de Ourense que confluía na XIX do Itinerario de Antonino Pío, que dende Tui seguía cara a Iria Flavia (Padrón). Con todo, mentres non se leven a termo traballos arqueolóxicos ou se descubra máis documentación, pouco se pode dicir verbo da súa época de construción.

A Ponte de Areas, tal e como se conserva actualmente, é de finais da Idade Media, con varias reformas posteriores sobre todo da segunda metade do século XVIII, e tamén algunhas do XIX e XX. Non se pode negar de xeito taxativo que antes no mesmo sitio non existise algún paso, uns sinxelos pasais ou unha ponte de madeira asentada sobre poldras de pedra, moi correntes dende antigo, pero, polo de agora, non se coñecen restos para manter a súa suposta orixe romana.

A Ponte de Areas na actualidade (2012)

Algunhas marcas de canteiro da Ponte de Areas

No verán pasado, xunto co amigo e profesor Francisco Xavier Sanjiao Otero, fixemos un detido recoñecemento ao tempo que tamén catalogamos as marcas de canteiro que se observan nas pedras. En total rexistramos 655, correspondentes a 15 distintas, asentadas de diferentes xeitos, segundo tivese que ir a doela ou o perpiaño. As máis abundantes corresponden ás letras "M" (416), "P" e "d" –que se trabucan- (119) e "R" (71), sendo as restantes xa escasas. Ademais hai outras: unha cruz "+" (8), un círculo cunha cruz inscrita (2), unha omega "Ω" cun trazo central vertical (1) e, para rematar, unha que pode ser unha sinxela representación antropomorfa, formada por unha cruz con dúas patas inferiores. A abundancia do "M" indica que se trataba dun obradoiro e non dun canteiro, que labrou máis pedras que todos os demais.

O achado máis senlleiro foi o descubrimento dunha inscrición nunha das primeiras ringleiras de perpiaños do pé esquerdo do arco máis alto, segundo a corrente da auga. Non é doada a lectura por atoparse moi erosionada pero, con moita probabilidade, corresponde á seguinte data: MDII, é dicir, 1502.



Inscrición no pé do arco central da Ponte de Areas

Se partimos da base do que se tiña construído da ponte cando se puxo este perpiaño, pódese deducir que a obra debeu comezar contra 1500, polo que, malia a manter o aspecto propio destas construcións da baixa idade Media, xa se rematou nos primeiros anos do século XVI.

Esta data cadra ben coa da concesión real da feira no Couto de Canedo,o 28 de marzo de 1483, pois entre esta e o comezo da ponte non deberon mediar máis de dez anos, tendo en conta que en 1502 xa se fixeran os alicerces e parte dos pés. Esta obra, que o mesmo que a feira tamén se debe a García Sarmiento de Soutomaior (Canedo ?, 1459 – Valladolid, 1523), supuxo unha importante fonte de riqueza para os condes de Salvaterra, pola portaxe que tiñan que pagar os que pasaban por ela, fosen persoas, animais e carros con mercadorías, imposto que se mantivo ata o século XIX.

A ponte orixinal debeu contar con cinco arcos, dos que se conservan tres de medio punto e o máis grande apuntado, que é onde se acha a inscrición. No proxecto das reformas do século XVIII consta que os dous arcos que dan cara a actual estrada xeral había que desmontalos e refacelos de novo, pero non se sabe se se chegou a facer así, pois o primeiro, que era o máis pequeno, xa non existía a comezos do século XX.

Non se coñece a data de construción da actual capela de San Roque (algunha vez, consonte coa forma, temos dito que puidera ser o resto dunha torre defensiva), nin se sempre estivo dedicada á Virxe dos Remedios (advocación mariana que se estende a partir do século XIV), pero é de supoñer que xurdise co gallo da ponte,

Proxecto de reforma da ponte de Ponteareas, 1774: amarelo = obra proxectada; laranxa = para desfacer e reconstruír de novo (Archivo Histórico Nacional).

pois en case todas adoitaba haber unha ou un peto para recoller as esmolas dos camiñantes. Na entrada de Areas erguíase un cruceiro coa mesma función, agora desaparecido.

As reformas do século XVIII

O máis seguro é que unha enchente do río deixase en moi mal estado parte da ponte, sobre todo a entrada que corresponde agora á capela da Virxe dos Remedios. Segundo o proxecto asinado en Ponteareas por Antonio Cándido García de Quiñones, o 19 de setembro de 1774, os únicos que se salvarían eran os tres arcos principais, como se pode apreciar agora con tal de fixarse na composición dos perpiaños e das doelas. No proxecto consta que se refarían dous arcos, pero non hai constancia de que se fixese máis de un, aínda que o máis pequeno puido desaparecer nalgunha das reformas que sufriu a fábrica ao longo dos séculos XIX e XX, sendo substituído por dous aliviadoiros.

Tamén se alterou a parte superior dándolle máis altura, en particular na entrada que agora corresponde á capela dos Remedios, moi modificada posteriormente coa construción da estrada de Castela. Quizais xa houbese algúns aliviadoiros na parte máis baixa da ponte, pero na devandita reforma acordouse deixar tres "pontecillas", que non corresponden cos cinco aliviadoiros actuais. Fixéronse de novo os peitorís, dos que agora só se conserva parte, sendo substituídos quizais xa no século XX por pezas de pedra labradas de xeito moi basto e desigual.

Como remate, levouse a termo unha obra impresionante, consistente nun

A obra antiga é a de finais do século XVIII distínguese ben pola pedra

"asiento que habrá a lo largo del Camino para precaber el peligro que hamenaza al rio", o que amosa a moita auga que pode chegar a levar o Tea no inverno. Desta enorme bancada con respaldo e, ao mesmo tempo, presa para conter a corrente, que ía ao longo de todo o camiño dende a ponte ata as primeiras casas da poboación, só se conserva unha pequena parte e non no sitio orixinal.

A partir da apertura da estrada xeral, aprobada en 1803 e de novo por un Real Decreto o 30 de marzo de 1833, pero que non se executa ata mediados do século

Restos da monumental bancada que protexía o camiño real das enchentes do Tea (1774).

XIX, - o treito entre Vigo e Ponteareas xa se rematara en 1853-, deixou dende entón á vella Ponte de Areas só para uso local e, dende hai uns anos, non máis que para paso peonil. Aínda así, precisa dunha profunda e urxente mellora de consolidación, sen que se abuse do cemento, unicamente cando sexa imprescindible e que non se aprecie no exterior, manténdose a unión das pedras en seco, como cando se ergueu entre os últimos anos do século XV e primeiros do XVI.

García Sarmiento de Sotomayor y Enriquez de Luna

Virrey de Nueva España y del Perú

■ **Antonio Troncoso de Castro**
Instituto de Estudios del Condado y Paradanta

El año de 1987 el entonces Archivo Histórico Militar, hoy Instituto de Historia y Cultura Militar, publicó un interesante libro sobre BLASONES MILITARES con una amplia reseña de personajes de la historia militar de España, donde figura Don García

Sarmiento de Sotomayor y Henríquez de Luna, del linaje de los Sarmientos de Galicia, concretamente del Bajo Miño, hidalguía que desde el siglo XIV, asentados en estas tierras, han llegado a nuestros días en numerosas familias y pazos donde su heráldica testifica el entronque con esta nobleza, que originariamente castellana, sus mayores días de gloria los vivió fuera de su solar de origen.

En los siglos 16 y 17 en la historia de Galicia y de España es frecuente encontrarlos en las más variadas funciones, pocas veces palaciegas, pero siempre con una ejecutoria de servicio y lealtad que pocas estirpes pueden ofrecer, herederos de aquella que ya Alfonso X cantó en "Las Querellas": "A ti Diego Pérez Sarmiento, leal, e amigo, e firme vasallo" y dos siglos más tarde ofreció su vida para salvar la de Juan II en la conspiración de la nobleza que pretendía asesinar al monarca castellano: prelados, consultores en Trento, consejeros en los Consejos de Castilla y de Guerra, embajadores, hombres de armas defendiendo las costas del Viejo Reino frente a los ingleses, marinos de la Real Armada, y otras muchas encomiendas reales a las que sirvieron con escrupulosa fidelidad, que llega hasta Don Manuel Sarmiento Toubes, Profesor de jurisprudencia de la Universidad de Santiago y Senador Real, último titular del Señoría del Pombeiro, en San Cristóbal de Mourentán.

En este artículo para PREGÓN nos detendremos en un personaje, muy poco conocido en nuestra historiografía, y merecedor de una referencia, cuando se escriben en nuestros días tantas seudo historias, muchas desde la ignorancia, cuando no desde el resentimiento o la frustración, resaltando figuras de dudosa ejemplaridad y menor interés cultural.

Nace nuestro biografiado en el Pazo familiar de Las Achas, la Cañiza, cuando su madre viajaba al palacio de Los Canedos, cabeza de la jurisdicción del Sobroso. Era hijo de Don Diego Sarmiento de Sotomayor, Primer Conde Salvatierra y Marqués de Sobroso y de Leonor de Luna Enríquez Sarmiento y Manrique, hermana del Conde de Fuentidueña; sobrino/nieto de Don Diego Sarmiento de Acuña, -Conde de Gondomar, defensor de Vigo y de La Coruña cuando el ataque de los ingleses y célebre embajador en Londres- y primo de Doña Maria Agustina Sarmiento, -la menina del famoso cuadro de Velázquez- Comendador de la Villa de los Santos de Maimona, -cuando pertenecía a la Orden de Santiago-, Caudillo de la Ciudad de Jaca en el Reino de Aragón, y Asistente de Sevilla.

A la vista de sus servicios en la defensa de las costas de Galicia y en las fronteras del Reino, el 31 de marzo de 1631 fue nombrado Maestre de Campo, equivalente a General en Jefe, de la infantería que se organiza en Galicia para Flandes y defensa del viejo reino, y en 1634 Maestre de Campo General para la costa de Andalucía y gobernador de la Armada Real, donde igualmente organiza las defensas de toda la costa sur desde Ayamonte hasta el Estrecho con medidas de protección tanto en los puertos, entonces los más activos del Reino, como en los castillos interiores en Hornos, Medina, Arcos, Alcalá y Zahara.

Declarada la guerra de la independencia portuguesa acompañada de la conspiración en esta Región del Duque de Medina Sidonia, Sarmiento organiza los Reales Tercios en todo el Sur Peninsular, y sofoca esta traición de una de las familias que antaño mayores servicios había prestado a España.

A pesar de las exigencias de esta guerra, se requiere su presencia en América, siendo elegido Virrey de Nueva España el 1 de julio de 1642, tomando posesión el 13 de noviembre de ese mismo año, de manos del Virrey interino, el famoso Obispo de Puebla de los Ángeles, don Juan de Palafox y Mendoza, que lo venía desempeñando con gran acierto. Su labor, siguiendo la línea de su predecesor, -por todos los conceptos, una de las más importantes de la historia de España en América- fue de

las más eficaces del Virreinato. Organiza el gobierno local; pacifica amplias zonas, especialmente del interior, potenciando la milicia creada por Mendoza, con indígenas y colonizadores; promulga una ordenanza para la extracción de minerales y rocas; reestructura la Real Audiencia, que preside accidentalmente, dotándola de escribanos y personal de oficio y organiza jurisdicciones menores para atender a aquel vasto territorio, incluso con "justicias" para los indios y que constituye una de las primeras manifestaciones de jurisdicción por razón de las personas que se pone en práctica en América; favorece la evangelización y creación de colegios menores a cargo de las órdenes religiosas, especialmente de los jesuitas, a los que ayuda de una forma muy especial; y en general, fiel a la línea familiar de probos administradores, organiza el gobierno virreinal de forma ejemplar, cuya administración aun se estudia en nuestros días en las universidades de aquel País.


D. GARCIA SARMIENTO DE SOTOMAYOR Y HENRIQUEZ DE LUNA.

Pero es en el conflicto que el mencionado obispo de Pueblo, una de las figuras más notables de la Iglesia española en América -canonizado recientemente- mantiene con los jesuitas, donde Sarmiento, junto con las restantes órdenes religiosas y el cabildo, desde una postura de firmeza, toma partido por los jesuitas, al estimar exageradas las medidas del obispo, como los acontecimientos posteriores y la historia vinieron a confirmar. Redacta varios memoriales al Rey, que determina la orden de regresar a España del Obispo, que tiene lugar el 6 de mayo de 1649, firmándose en Madrid la Concordia entre la Orden y el Prelado de 20 de mayo de 1650.

Sin embargo, llegadas algunas quejas a la Corte, no tanto por su actitud frente al obispo, sino por sus medidas de gobierno contrario a los abusos de los colonizadores, -quejas, como es costumbre, atendibles en la Corte por las camarillas cortesanas- se resolvió su traslado al Virreinato de Perú el 8 de julio de 1647, hecho infrecuente, permaneciendo, después del juicio de residencia, que superó positivamente, y demorando su traslado, en contra de la orden real, -lo que indica el carácter de nuestro biografiado- hasta la entrega del virreinato a su sucesor, Marcos de Torre y Rueda, que actuaba como gobernador.

El 28 de agosto de 1648 llegó al Callao, pero su entrada oficial en Lima, la capital, no la hizo hasta el 20 de septiembre. Su gobierno fue de los más eficaces de la historia del virreinato. Ordenó la Real Hacienda, cobrando los adeudos especialmente a los propietarios de las haciendas y comerciantes, lo que le contrajo la oposición de los más poderosos del virreinato; para terminar con la moneda de baja ley, primero redujo, y posteriormente canceló su valor; dictó diversas ordenanzas para el fomento de la minería, incluso fijando las condiciones de trabajo y el trato con los mineros, dentro del espíritu de las Leyes de Indias, que puso en práctica tanto en aquella actividad como en el campo; con motivo de la guerra con Inglaterra y Portugal, aunque ésta última había cesado, y en previsión de la posible connivencia de los portugueses con Inglaterra, atenuando la orden de confiscación, acordó la venta de las naves que éstos dedicaban al comercio con sus posesiones de la India y Macao; igual que hizo en su día en España, y muy concretamente en la Bética, inició la defensa artillera del Callao, donde siglos más tarde, otro gallego insigne, Méndez Núñez, escribió una de las páginas más gloriosas de la historia militar de España, y organizó una milicia tanto defensiva como de orden interno; recorrió gran parte del basto territorio del Virreinato, y mantuvo contacto con las misiones, aún las más alejadas para conocer las necesidades de los indios y de los colonizadores, favoreciendo de manera especial la de Maynas, atendida por jesuitas, donde se puso en práctica un interesante proyecto de explotación comunal de la agricultura y de la reserva forestal. En Lima, la capital, organizó un plan de urbanismo, así como diversas medidas para organizar la vida de sus habitantes saneando amplias zonas de la Ciudad, construyendo diversas obras religiosas como civiles. Afectado el Cuzco tras el terremoto de 31 de marzo de 1650 inició las tareas de reconstrucción, no sólo en los templos, sino en la zona urbana. Terminó su mandato el 24 de febrero de 1655, y superado favorablemente el juicio de residencia, en el que los Virreyes rendían cuenta de su gestión, quedó a residir como particular en aquella capital, como dice su historial militar "a causa del cariño que le había tomado y acreditaron las muchas obras y reformas que en ella hizo durante su mando", hasta el 26 de junio de 1659 en que falleció lleno de consideraciones, y sus restos se depositaron en la Iglesia de San Francisco construida bajo su protección dada el especial afecto que la familia tenía por la Orden Franciscana.

¡Imos de romaría!

■ **Sofía Rodríguez Suárez**

Aproximámonos a algunhas das romarías máis senlleiras da comarca do Condado no primeiro terzo do século XX, que na actualidade se manteñen, conservan as súas raíces e reteñen, no posible, moitos elementos populares e folclóricos. Cada unha delas ten o seu carácter singular e unha función significativa dentro da cultura do pobo, porque xa di o dito "¡Oh festas aldeás, onde a alma soa e o corpo retoza, fillas de crenzas populares máis fortes que todo!"

Os días de festa e romaría eran un acontecemento na vida cotiá dos campesiños e dos veciños da vila, unha especie de válvula de escape na sociedade fundamentalmente agrícola de comezos do século XX. Durante uns días, as xentes esquecíanse das contribucións, das rendas, dos consumos e todo os trabucos da vida cotiá. As numerosas celebracións espallábanse e repetíanse con regularidade cada ano. As festividades reforzaban a sociedade, unindo ao pobo cos seus costumes e a terra. As romarías caracterizábanse por un ambiente cheo de balbordo, o rebumbio das gaitas mesturábase co estrondo dos foguetes, as xentes comendo e bebendo ao pé da ermida ou salpicados polo monte, e os mozos e as mozas danzando, ao tempo que buscaban un compañeiro con quen compartir a súa vida.

A primeira romaría que se celebraba cada ano era a romaría de San Amaro, avogado das reumas, os días 14 e 15 de xaneiro na ermida que existe no alto do monte, entre as parroquias de San Mateu e Lira. Ao tratarse dunha romaría de inverno, o tempo tiña moita importancia, xa que se chovía ou estaban días de auténtica invernía, reducíase o número de romeiros.

Por desgraza, despois de pasar un día comendo e bebendo no monte moitos dos asistentes perdían a compostura e producíanse desagradables pelexeiras, que enquistaban as relacións das distintas parroquias asistentes.

"Cadren altas, cadren baixas, en abril son as Pascuas". Do mesmo xeito tamén sobe e baixa a festa de San Benito de Palermo. Na actualidade, San Benito o negro, celébrase máis coma unha festa, pero no primeiro terzo do século pasado tiña un maior carácter de romaría, pois os veciños da vila ían cear a explanada que se atopa próxima a igrexa románica de Angoares. As mulleres entre a véspera e o día cumprían a promesa que lle fixeran ao santo de "unha esmola branca", que era case sempre unha ducia de ovos, e poucas veces media libra de sal.

Estas mulleres que case todos os anos tiñan algún motivo para ofrecer o santo a mesma cousa, por tanto, acostumaban andar porta a porta pedindo en sete aldeas á redonda unha esmola branca para san Benito o negro. Se cadra xuntan unha cesta de ovos, pero antes de entregar a esmola descontan o xornal que perderon andando por eses mundos. Coincidindo coa festa apreciábase unha baixa no prezo dos ovos.

Preto do alto do Confurco, o último domingo do mes de maio, celébrase a festividade do santo meigo coñecido como san Cibrán. A este coto acoden procesións de parroquias pertencentes ao concellos de Ponteareas e Salceda: Guláns, A Picoña, San Xurxo, Salceda, Cristiñade, e Moreira.

As procesión das parroquias íanse unindo conforme se atopaban no camiño e os romeiros observaban sorprendidos as ofrendas que facían algúns peregrinos:

> *Aproximadamente a las nueve de la mañana trepábamos la última cuesta. Pocos minutos antes la habían ascendido los de la Picoña, dos romeros cumpliendo una inhumana promesa: la de subir de rodillas la última cuesta, con una de las varas del anda de la Virgen de la O (El Tea 04/06/1933)*

O monte era un formigueiro, as veces ata subían dezaseis carros do país.Un dos encantos destas festas do monte era a recúa de cegos e criados moi churrasqueiros e pillastres que subían a deleitar cos seus cantos e contos picarescos os romeiros mentres estes degustaban todo tipo de comidas, sobremesas e outros produtos apropiados da temporada, así como os bos viños brancos e tintos do país.

Nesta romaría, como en todas, soaba a gaita e as parellas bailaban sen descanso. O baile era o lugar no que se atopaban os sexos. Podían falar, coñecerse, darse unha cita. Algúns anos na romaría de San Cibrán organizábanse concursos para agasallar as parellas que mellor bailan os bailes típicos, fundamentalmente a xota,

a reveirana solta e a muiñeira que pode ir acompañada ou non de castañolas. Tamén existían premios para os gaiteiros que mellor tocase ou e mellor adornado aparecese na función.

Queda como recordo dos tempos bos, soamente as despedidas das procesións e as estaquillas da imaxen da O da Picoña, que sempre veñen dispostos, por se os de Gulanes non tratan ben o santo levalo para a súa aldea, que é mesmo a que ten perfecto dereito de levalo. Neste momento de despedida, no lugar de costume, os veciños de Salceda retábanse a bailar.

…han sido los que hicieron las delicias de la tarde, convergiendo en su redor bastante público. Entre los bailadores Sinda Troncoso es una descendiente de la célebre casa de la Picoña, demostró ser también una real bailadora. Pichecas, el gaitero churrusqueiro muy bien y el tamborilero que le acompañaba muy mal. (el Tea, 3/06/1928)

A romaría por excelencia e a da Franqueira. Sobre esta Virxe existen multitude de lendas, entre elas podemos sinalar esta que recolle Pepe de Eirol no semanario El Tea:

Contaba miña aboa que cando a avoa dela era rapariga, o crego do Paneiro tiña un criado que andaba sempre con gando nos Pirineos da Custoira. Un día apareceulle ala no monte un señorita bonita e díxolle que avisase o seu amo que había unha rapaza que lle quería falar. O cuitado rapaz díxo que tiña medo de perdelo gando e que o amo era moi malo e partiríalle os osos en chegada a note. A señorita díxolle que ela tiña conta y o rapaz foi chama- lo amo. Este resmungoullo rapaz e dixo que solo recibía visitas no cuarto; ademais por ser cousa de tal señorita perdes os bois a noite tiña que ser colgado polo pescozo.

Chegou o monte o rapaz e contou o caso. A señorita encabuxouse e fixo un dos seus milagres: prendeulle as mans a cabeza e pobriño do criado y este foi pro eido sen poder despegar as mans y así que chegou y o Crego viu tal correu de presa o monte e cunha escopeta de peraneira para castigar a quen prendera o rapaz. Non topou ningunha señorita, máis viu pra o eido o paso dun can…

A señorita era santiña que como non tiña quen votase man dela seguiu por serras de Batalláns e foi para a Franqueira, onde houbo un Crego que se entendeu con ela e mandou facerla igrexa y a imaxe. Despois o Crego do paneiro y o criado tiñeron que ir en romaxe onde nos imos

hoxe: un para volver a andar como os cristiáns e outro para se lle soltaren os brazos.(El Tea, 15/06/1912)

Ata a Franqueira peregrinan os romeiros en dúas datas cada ano. Por un lado na romaría coñecida como As Pascuillas, que se celebra cincuenta días despois de Pascua e o 8 de setembro. Cada unha delas ten características distintas.

No primeiro terzo do século pasado as crónicas recréanse máis na celebración das Pascuillas, cando se nota polos camiños e polas estradas un desusado movemento de autos e romeiros. Os veciños, a pesar da escaseza da súa economía xuntan cartos para os gastos. Acoden en procesión dende as parroquias de Mondariz, Portela, Meirol, Uma, Mouriscados, Parños, Batalláns, Cumiar, Troncoso e outros pobos. A xornada comeza

para os romeiros de madrugada cando se xuntan na súa igrexa para acompañar as imaxes ata a Franqueira, todos eles cos seus correspondentes estandartes e imaxes.

O domingo, véspera das pascuillas, as doce da noite, garridas rapazas póñenlle as últimas flores a imaxe que ten que ir en procesión o día seguinte. A unha da maña, as campás da igrexa de Mondariz, con un repenique feiticeiro chaman por xentes de Gargamala, Sabaxáns, Lougares, Frades e Río Frío… as tres da maña a música municipal executa un pasacalle feito precisamente para ese día. Man de bombas de palenque, man de campás. As cinco da maña en punto, sigue a man de bombas de palenque e máis man de campás. Co seus últimos sons a rogativa vai camiño de Queimadelos. (El Tea, 23/05/1932)

Nos cruces dos carreiros vanse unindo outras procesións, onde van os romeiros rezando e cantando. As novas imaxes e os romeiros engádense á rogativa. Nalgúns vai deixándose notar o cansazo outros soben apresurados.

Xa estamos en Queimadelos. Un alto na procesión. A santa Fariñeira bendice as sementeiras, sin esta bendición non habrá colleita. Os veciños recollen os brazados de bendicións da santa e esténdenos. Logo pasan por debaixo dela cobizosos toda a veciñanza. Namentres man de repique das campás de Queimadelos e man de foguetes.(23/05/1932)

No medio dos que cantan esta singular estrofa vai unha muller con hábito, co velo nupcial pero sen ramo de flor de laranxeiro que a que a Virxe salvou da morte.

Virxe da Franqueira
estrella d´o norteee
que lle deu a vida
a qu´estab´a morte

Por outra banda, as mociñas entretéñense nas beiras dos camiños facendo nós nas xestas:

Nosa señora da Franqueira
Quería, quería
Que non volva acá solteira.

A partir das dez da maña comezan a chegar os romeiros acompañados das súas imaxes engaladas. Gardando a súa quenda as virxes e os santos esperan para ofrecer o saúdo, coas reverencias de imaxes, pendóns e cruces.

"Xa chegaron os de Mondariz", man de campás, man de bombas de palenque, man de música e gaiteiros. Do santuario parte unha procesión a recadar os romeiros. Na espranada preto, xúntanse os forasteiros cos da casa. A virxe da Franqueira ataviada con canto ouro teñen as veciñas, espera a procesión con aquela cara bondadosa que mesmo parece dicir "benvidos" (El Tea, 23/05/1932)

Despois da celebración relixiosa, saíu a procesión. O carro triunfal arrastrado por una xunta de bois cos ollos vendados. Quen quixese chamalos e conducilos por unha corda tiña que dar unha esmola.

Unha vez rematada a procesión, os asistentes xantan no monte os produtos que levaban nas súas cestas. Un dos alimentos máis habituais son as empanadas de ollomol, anguía, lamprea, sardiñas, pito, coello, pichón ou a máis modesta de bacallau. Tamén levaban empanadillas para entreter a fame mentres van peregrinando, ou lacón, algún que outro polo, ovos cocidos, chourizos, pan e, por suposto, rosquillas da Franqueira. Todo regado cos bos viños brancos e tintos da zona.

Ao éxito dunha romaría contribúe en grande medida o programa que a acompañaba, ao que se lle intenta dar a máxima publicade. Un programa suxestivo que anuncia actuacións de grande calibre ten un enorme poder de atracción sobre o público.

Los celebres gaiteros "os revertemes" archipampanicante vestidos a la antigua usanza galaica. Os "revertemes" pasearon por todos los recovecos de la antigua villa gallega a los feos y feroces cabezudos, barbudos nuevos. Cuando después de esta procesión, en la explanada aparecerá en la cúspide de la altísima torre del santuario D. José Puertollano, el insuperable pyrgosseton moderno, que tanto llamó la atención de España y del extranjero con motivo de los festejos del Apóstol Santiago en verano. (El Tea, 14/05/1910)

A festa continúa no descenso das procesións.

As cinco chegan a Mondariz e póñense a merendar. Bailamos, os romeiros teñen no carballo das formigas moitas máis confianzas que tiveron ata alí. Hai quen metido no medio dos codesos ou das carrizas bica unha escudilla de viño. A rogativa entoa un canto amoroso ao pé da imaxe que é conducida a poxos o seu sitio. A música de Portela acompaña o cántico. (El Tea 23/05/1932)

As veces as romarías, igual que sucedía coas festas, non acababan ben, xa que se producían enfrontamentos entre os máis novos. Estas pelexas iniciábanse normalmente por dúas causas: ou ben polo abuso do viño, ou ben, polas mozas.

Os cronistas da época recorren á máis fina e sutil ironía para informar dos estragos causados "polo de entre as doelas".

Y no hablemos de otro pescado, porque solo "las merluzas" que se pescaron en las fiestas de Anguares dejan muy atrás el número de lampreas. (El Tea, 13/05/1922)

Un costume que existía a comezos do século pasado e que se loitou por erradicar foi a remuda; unha costume que obrigaba a ceder a parella. As mulleres non podían escoller a súa parella nin eran libres de dicir "non bailo contigo porque non teño vontade e non me sae de dentro". De este xeito, ían vindo mozos e máis mozos ata media ducia, uns que non sabían bailar e outros que lle ferraban cada tripadura que lle facían ver as estrelas e os curiosos fartábanse de rir, mentres que a coitadiña muller, coa cara o mesmo que unha cereixa, estaba pedindo a deus que o gaiteiro se lle atravese o punteiro na gorxa e calase dunha vez.

Estas tres últimas romarías analizadas celébranse nos meses de abril e maio, pero existían moitas outras repartidas ao longo de todo ano. No mes de xullo a romaría do Dulce Nome en Pías e a de Santa Marta de Ribarteme. O mes seguinte a romaría de San Domedio en As Neves e a da Pena de Francia en Mondariz. En setembro volven os romeiros á Franqueira que regresan por Ponteareas para participar nas festas dos Remedios, as máis importantes da vila no primeiro terzo do século XX.

Mestres ponteareáns para a historia

D. Ramiro Sabell Mosquera (1899 - 1990)

■ **Anxo Serafín Porto Ucha**

Durante o curso 1956-57, cando iniciaba por libre os meus estudos de bacharelato na escola de Guláns, rexentada polo recordado e benquerido mestre D. Manuel Tombo Paz, cos temíbeis exames orais no Instituto Santa Irene de Vigo, recibimos a visita do Inspector D. Ramiro Sabell Mosquera. Aquelas visitas convertíanse nun acto protocolario importante, onde o inspector, baixo a presenza un tanto preocupada e respectuosa do mestre, facía unha serie de observacións no denominado *Libro personal de Visitas Escolares*, un documento importante para a época. Tratábase dunha especie de avaliación dos centros, alumnos e profesores, quedando, así, rexistrada a matrícula e o absentismo escolar, o nivel de progreso dos alumnos e outras cuestións de índole material. O primeiro destes libros ao que tiven acceso foi en setembro de 1974, cando tomei posesión da escola de Entienza, en Salceda de Caselas, no antigo edificio construído polos emigrantes. Aquel libro pertencera ao mestre nado en Guláns D. Clemente González González, que estivera en Salceda vinte anos, entre 1934 e 1954, segundo relata Mª Elena González Alfaya no noso anterior traballo *Historias de vida.*

Ás veces, ao rematar o acto de visita escolar, o inspector, xunto co mestre e os alumnos, facían unha foto, que quedaba para a historia, como aconteceu naquel curso, a mediados dos anos cincuenta en Guláns ¿Quen era aquel inspector, descoñecido para nós, cativos, nunha escola cunha matrícula que superaba os oitenta alumnos?

Os primeiros anos de Ramiro Sabell Mosquera

Ramiro Sabell Mosquera fora nado en Santiago de Compostela o 13 de marzo de 1899. Era fillo de Félix Sabell Vázquez e de Josefa Mosquera Rivas, naturais de Santiago. Naceu na rúa Entrerríos, preto do antigo Hospital Universitario, no seo dunha familia de moitos irmáns. Foi bautizado na Catedral compostelá, na Corticela, se ben, pola situación parroquial, pertencía a San Frutuoso. Parece ser que o apelido Sabell é de orixe xermánico, probabelmente de procedencia sueva. Un antepasado, Loren

Sabell, trasladouse de Lugo para Santiago, alá polo século XVI. Dunha consulta ao seu expediente, que figura no Arquivo Histórico Universitario de Santiago, entresacamos algúns datos da partida de nacemento:

"…En la Ciudad de Santiago, a la hora de once de la mañana del día quince de Marzo de mil ochocientos noventa y nueve. Ante el Licenciado Don Bernardo Maiz Eleizegui, Juez municipal y D. Manuel Piñeiro Balado, Secretario, compareció Félix Sabell y Vázquez, industrial, natural y domiciliado de esta Ciudad, Calle de Entrerríos, número nueve, de estado casado, de treinta y siete años, con su cédula personal (…), con objeto de que se inscriba en este Registro Civil; en concepto de padre, da parte del nacimiento de un niño y declaró: Que dicho niño nació a las cinco y media de la tarde del día trece del actual en el referido domicilio. Que es hijo legítimo del declarante y de su esposa Josefa Mosquera y Rivas, natural de esta Ciudad, mayor de edad, dedicada a las ocupaciones de su casa. Que es nieto por línea paterna de Andrés Sabell Boga y Juana Vázquez Barreiro, naturales él de esta Ciudad y ella de Sueiros, distrito de la Baña, provincia de la Coruña, y por línea materna de Pedro Mosquera Pombo y Manuela Rivas Martínez, naturales él de Enfesta, provincia de la Coruña y ella de esta de Santiago…".

Ramiro Sabell Mosquera, coma todos os seus irmáns, fixo estudos para mestre na Escola Normal de Santiago de Compostela. Un irmán seu, Félix Sabell Mosquera, consta como mestre de Pontecesures nos anos trinta. Comezou na Normal de Santiago en 1918. Félix incorporouse á Asociación "Casa del Maestro" de Pontevedra o 1 de xullo de 1934. Outra irmá súa, Luisa, casou con Ricardo García. Foron os pais do escritor, político e médico Domingo García Sabell, nado en Santiago en 1909, vinculado a Galaxia a partir da súa aparición (1950) e delegado do goberno en Galicia coa transición democrática (1981-1996).

O título de mestre de Ramiro Sabell, no que acadou premio extraordinario [Título a Mérito, consta na Certificación Académica], está rexistrado con data 30 de setembro de 1918, coas sinaturas, respectivamente, do Director e do Secretario da Escola Normal Superior de Santiago de Compostela, os recordados D. Vicente Fraiz Andón e D. José Rey da Viña, como temos recollido no anterior estudo *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996).*

Unha consulta ao correspondente Libro de Actas da Escola Normal permitiunos constatar que cursou estudos polo Plano de 1914, en que a carreira duraba catro anos. Pertencía á primeira promoción do tamén chamado Plan Bergamín, en recordo do Ministro do ramo. Con emoción, dediqueille parte dunha mañá a revisar aquelas actas, nos fols. 33 (1º curso), 39 (2º curso), 47 (3º curso) e 55 (4º curso). Remataron a carreira en 1918 un total de 20 alumnos. Xunto a Ramiro Sabell figura como compañeiro, igualmente con cualificación de sobresaliente o malogrado José Cortés Fernández, natural de Castro (Pontevedra), que era mestre de Goián (Tomiño) no momento do fatídico alzamento de 1936 e que remataría fusilado.

Estamos, por tanto, diante dun alumno destacado. Incorporado a filas, estivo en África e viviu o Desastre de Annual. Quedáronlle secuelas da explosión dunha bomba. Dende entón, levaría sempre gafas con cristais de aumento. Aprobou axiña as oposicións ao corpo de mestres. No Expediente consta que solicitou tomar parte nas oposicións a escolas nacionais con data 29 de marzo de 1920. Segundo a *Hoja de Servicios*, incorporouse á escola de Baión, en Vilanova de Arousa. Despois dun breve período de tempo, pediu traslado para a Escola Graduada de Ponteareas.

Temos localizado e Ramiro Sabell Mos-

quera como mestre de Ponteareas a mediados dos anos 20. Debeu ser, por tanto, dos primeiros mestres que accederon á recente escola graduada da vila do Tea.

O casamento

Alá polos anos 1926 ou 1927, Ramiro Sabell tivo a fortuna de encontrarse un día con dúas fermosas mulleres, Avelina e Concha. Por intermedio da Srta. Outerelo, puido presentarse a elas. Tratábase das irmás Otero Goday, Avelina, mestra de Fornelos da Ribeira, e da súa irmá Concha, que estaba con ela, unha importante pianista que facía as delicias das nenas daquela escola. Vivían na casa nº 13 de Fornelos, que tiña a escola na parte inferior.

Concepción Salgués Otero, nacera en Santiago de Compostela o 3 de maio do 1903. Era filla de Isidoro Salgués, tamén nado en Santiago, oficial do Exército de Terra. Súa nai nacera n´O Grove e foi a maior dos irmáns Otero Goday, de inesquecíbel lembranza aínda hoxe. Concha fixo a carreira de Piano no Conservatorio de Musica de Madrid. Sua irmá Avelina, fora destinada a Fornelos da Ribeira no ano 1926 como Mestra Nacional.

Comentábame Francisco Sabell (médico; fillo de Ramiro Sabell), nunha entrañábel entrevista no verán de 2011, que "pasando uns días con ela, foi cando coñeceu meu pai a miña nai". Ramiro comezou a facer aquel traxecto de cinco quilómetros a pé practicamente todos os días. Casaron na parroquial de Fornelos o tres de agosto de 1931. Entre os invitado estaba Reveriano Soutullo, que soubo das cualidades pianísticas da xove Concha.

Ramiro Sabell, alcalde de Ponteareas

A chegada de Ramiro Sabell Mosquera á alcaldía da vila de Ponteareas está relacionada coa proximidade do Mondariz da época. Sabemos que en 1921 Mondariz perdía parte da parroquia de Santa Baia, en beneficio da nova da Nosa Señora de Lourdes. Tres anos despois, en 1924, creábase o novo municipio de Mondariz-Balneario. Mondariz-Balneario foi, en palabras de Otero Pedrayo, "unha época na historia de Galicia e de España". Impulsado por Peinador, por alí pasaron os máis notábeis políticos, artistas, escritores, etc., entre eles o xeneral Miguel Primo de Rivera, que inauguraba a ditadura militar dos anos vinte. Pois ben, nunha daquelas visitas de descanso ao Gran Hotel, por unha curiosa casualidade, Ramiro Sabell compartiu co militar e as súas acompañantes unha partida de cartas, habilidade adquirida durante os seus anos de estudante na normal santiaguesa. Pouco despois era nomeado alcalde de Ponteareas.

Durante aqueles anos de alcalde en Ponteareas, cuxos xardíns detrás do consistorio levaron dende os comezos o nome de "Jardines de la Giralda" ou "Jardines Ramiro Sabell", o noso benquerido mestre e alcalde tivo a oportunidade de vivir os acontecementos do estreo do famoso pasodoble Ponteareas de Soutullo, na vila do Tea, onde se deron cita as Bandas do Rexemento de Murcia, as municipais de Vigo, Ponteareas, Tui e Mondariz, xunto coa de Guláns, dirixida por Constante Carracedo.

Sinala a prensa que, despois das cuartillas do documentado discurso de Soutullo –autor, xunto co valenciano Vert, de recordadas zarzuelas como La Leyenda del beso ou La del Soto del Parral– a banda interpretou o regalo de Soutullo á súa terra natal, o pasodobre Puenteareas, segundo recolle Rosa Mª Arija Soutullo, nun fermoso e coidado traballo recentemente publicado pola Deputación de Pontevedra, Reveriano Soutullo Otero. El alma lírica de la música gallega. Nesta publicación aparece inserta unha foto daquel feliz día na Igrexa de Fornelos, en que consagraron os seus amores Ramiro e Concha.

A esta efeméride do día do estreo refírese o propio Ramiro Sabell Mosquera nun fermoso artigo publicado no Faro de Vigo, o 20 de outubro de 1979:

El Pasodoble
"Puenteareas"

"…Oportunamente llegó la partitura del pasodoble Puenteareas perfectamente instrumentada y se iniciaron los ensayos por aquella prestigiosa banda municipal que puso el máximo interés y entusiasmo en su buena interpretación.

…

Llegado el día de la celebración y estreno del pasodoble, la banda municipal hizo un recorrido por las calles de la villa interpretando alegres alboradas que avivaban el estusiasmo de multitud que de las parroquias y pueblos del contorno, Redondela y Vigo, llenaban plazas y calles.

Llega la hora del estreno del pasodoble en el kiosco de la plaza mayor. Muchos aplausos al subir la banda al kiosco, que se acrecentó con ovaciones cuando el maestro subió a la tarima desde donde iba a dirigir el estreno de su composición. En este momento se hizo un imponente silencio, cuya intensidad emotiva crecía a lo largo de los compases y que al final se rompió en un aplauso unánime con vivas al músico y a la banda. Hubo que repetirse pues la ovación no cesaba.

Terminado el acto se organizó una manifestación presidida por el compositor y las autoridades locales hasta la casa en donde se había colocado la placa que daba el hombre de Reveriano Soutullo a la calle que desde el ayuntamiento conduce a la Castiñeira, donde había nacido el homenajeado…"

Ramiro Sabell, inspector de educación

Sabemos que, despois da ditadura militar, chegaría a Segunda República, un tempo de ilusión e de esperanza.

Entre as reformas republicanas no ensino estivo a inspección profesional. Segundo o Decreto de 2 de decembro de 1932, para ingresar no Corpo de Inspectores Profesionais de Primeira Ensinanza establecéronse dúas fórmulas: mediante oposición (para mestres nacionais con menos de 45 anos, con 5 anos de "buenos servicios en propiedad", Graduados de Pedagoxía na Facultade, Mestres Normais da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio) ou ben por concurso restrinxido entre mestres nacionais con máis de 15 anos de "servicios excelentes" no ensino oficial. Así significados profesionais do mundo do maxisterio foron gañados para a historia da inspección grazas a este sistema de acceso.

D. Ramiro Sabell elixiu a primeira opción. Para superar a oposición, foise a Madrid, para preparala a fondo. Debeu aprobar en 1935. Nunha entrevista que mantiven con el a comezos dos oitenta, grazas á mediación de Manuel Ferro Díaz (o benquerido mestre pontearéan e director D. Manuel Ferro, do que nos ocuparemos noutra ocasión), desenvolveu o seu traballo de inspección na provincia de Pontevedra, naqueles anos difíciles da posguerra.

O que presentamos hoxe aquí son soamente modestos trazos de toda unha vida dedicada ao maxisterio. A súa memoria queda perpetuada nun dos colexios da vila, que leva o nome de Colexio Público Ramiro Sabell Mosquera.

D. Ramiro Sabell Mosquera faleceu o 19 de xullo de 1990, aos 91 anos.

FONTES DOCUMENTAIS

- Entrevista realizada (Vigo, xullo de 2011) a D. Francisco Sabell.
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra: Casa del Maestro.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago:
  * Expediente de D. Ramiro Sabell Mosquera
  * Escuela Normal Superior de Santiago de Compostela. Libro de Actas de alumnos oficiales (1914-1918)

BIBLIOGRAFÍA

ARIJA SOUTULLO, R. Mª. (2011): *Reveriano Soutullo Otero. El alma lírica de la música gallega*. Pontevedra, Deputación Provincial.

GONZÁLEZ ALFAYA, Mª E.: (2003): "Clemente González González". En PORTO UCHA, A. S.: *Historias de vida. O Maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas, Alén Miño, pp. 175-177.

MARCO LÓPEZ, A. e PORTO UCHA, A. S. (2000): *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*. Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

PORTO UCHA, A. S. (2011): "Política escolar de la Segunda República". En NEGRÍN FAJARDO, O. (coord): *Historia de la Educación Española*. Madrid, UNED, pp. 475-520.

SABELL MOSQUERA, R: *"El Pasodoble Puenteareas"*, Faro de Vigo, 20-10-1979.

Terras de Moreira

■ **Michael Skinner**

¿Qué se fizo el rey don Joan?
Los infantes de Aragón
¿qué se fizieron?
¿Qué fue de tanto galán,
qué fue de tanta invinción
como truxeron?
¿fueron sino devaneos,
qué fueron sino verduras
de las eras,
las justas e los torneos,
paramentos, bordaduras
e çimeras?

(Jorge Manrique, Coplas a la muerte de su padre)

Estamos de paso neste mundo, non o esquezamos. Pero hai algo que sempre queda: a terra, algo esencial para a Humanidade dende a revolución do Neolítico, pois dela comemos, e a ela volvemos cando morremos. Desta relación tan intrínseca e mesmo íntima, xorde a necesidade de poñerlle nome, como se fai con todo aquelo que nos é querido. E así, nace a toponimia, o conxunto dos nomes da terra, para os que Galicia é especialmente prolífica. En palabras de Gonzalo Navaza, a toponimia é "a memoria que a paisaxe ten de si mesma" [1], mais é unha memoria compartida, transmitida oralmente de xeración en xeración, sobrevivindo ao paso do tempo. Ou non, pois nesta era da revolución das Tecnoloxías da Comunicación, ese sistema de comunicación, a transmisión oral, está paradoxalmente en serio perigo de extinción debido precisamente a aceleración desenfreada desta nova revolución, que vai parella a un incremento da urbanización das poboacións e ao abandono progresivo do campo e á perda desta memoria.

É por iso que queremos dende estas liñas facer unha chamada á atención para evitar esta extinción, pois a toponimia é un patrimonio inmaterial da nosa cultura, un patrimonio a miúdo esquecido, mesmo ignorado, cando non desprezado; e que precisa polo tanto dun esforzo conxunto para evitar que desapareza de xeito irreversible. Comezamos logo polo que temos máis preto de nós: a parroquia de San Martiño de Moreira, dende unha perspectiva histórica a partir das fontes escritas que se conservan.

[1] I Curso de Formación de Especialistas en Toponimia, organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos, Marzo de 2012.

Igrexa de Moreira

As referencias máis antigas que atopamos están no Tombo A da Catedral de Santiago, nun pergameo onde o rei Bermudo II –*Veremundo*– doa á igrexa de Compostela no ano 991 unha serie de localidades sitas no Condado e arredores:

"…per terminos de Fiulieto et inde in terminos de Beterizi, et de alia parte per terminos de Corna et per terminos de uilla Martini, et inde per riuulum Tena in prono usque currit in Mineum; per istos terminos cum suis hominibus ab integro post partem Lacitorii. et cum ecclesia Sancti Martini in Piscarias; et extra terminos uillam Sautumlouari cum ecclesia et hominibus, ***uillas de Moraria*** *cum suis hominibus, uillas de Nesperaria cum suis hominibus,* ***uillam Rania*** *cum suis hominibus...* [2]

Pódense recoñecer xa, entre outros, os nomes en latín de Fiolledo, Martín (San Xoán de Fornelos), o río Tea, o Miño, *Lazoiro* (nome antigo de Salvaterra), Pesqueiras, Soutolobre, Nespereira; e no que a nós nos toca: Moreira e Rañe. Deste último topónimo dá para facer un xogo de palabras, non de *bello gallico*, senón de *pace Gallaeciae: "Villa Rania omnis est divisa in partes tres"*: Rañe de Arriba e Rañe de Abaixo, en Moreira, e o lugar de Rañe na veciña parroquia de Fornelos. Curiosamente, un topónimo milenario que designa un mesmo territorio que transcende ás fronteiras eclesiásticas, ás xurisdicionais de outrora e, hoxe en día, ás municipais.

Pasamos ao século XVI, cando en 1538, o correxidor da vila de Baiona *"Avel Troncoso de una parte y de la otra pte yo Gonçalo de Lamas bezino del coto de* ***Moreyra****" fai unha permuta de "casas y cortes heyra cerrada que dizen del monte de Pesqueyras" por "la My leyra y heredad (…) al sitio da* ***Beyga de Moreyra****"*[3]

En 1665, para o expediente de ingreso de Don Luis Troncoso de Lira y Sotomayor, señor da Picoña, na Orde de Calatrava, entrevístase unha serie de veciños na ***"Villa de Moreyra"***[4], da que era señor xurisdicional o propio D. Luis, alén de ter un terzo da presentación do curato da parroquia.

É mediado o século XVIII cando temos un inventario exhaustivo da toponimia histórica de Moreira, no Catastro do Marqués de la Ensenada. No capítulo segundo do Interrogatorio, noméanse os lugares habitados aos efectos de sinalar a quen debían vasalaxe os seus veciños: *"dha frª es de señorio, compuesto de Cinco Dueños en esta conformidad. Por lo que mira al lugar de* ***Raña*** *el de* ***Piedra Pineira****, y el de* ***Requeijo*** *lo son del Conde de Salbatierra, anexos ala juris(dicción) del mismo nombre (…) y por lo que respecta a los lugares de* ***Villanueba*** *y el de* ***Molinos*** *asimismo son de señorio de don Pedro Troncoso de Lira y Sotomayor (...) y por lo que respecta al lugar de* ***Macadin****, el d****a Urzela****, el de* ***Cribeiro****; el de de* ***Chan de Espiño****, el de* ***Corceiras*** *y el de* ***Monte de Abajo*** *también son de señorio de don Juan Rafhael Troncoso y Acuña vecino de la villa de Cangas. Dn Juan Troncoso vecino de la frª de San Cristobal de Mourentan, y del Marques de Balladares"*[5].

No oitavo capítulo do interrogatorio, márcanse os límites da parroquia: *"Linda por la parte del L(evante) con la frª de San Matheo de Oliveira, por el P(oniente) con la de San Salbador de Christiñade, por el N. con el río de Uma y por el S. con la de San Salbador de Nogueira, principiando su demarcación en el marco de* ***Fonte Zapeira****, sigue al marco de* ***Laje de Raña****, de allí al marco de la* ***Veiga de Rañe****, de este al marco de Chan de Couto, de allí al marco d****a Cruz*** *de este al de* ***Piedra Peneira*** *ba dar al marco de* ***Agrelo****; de este al marco d****os Muros****. Sigue al marco de* ***Carballo da Veiga*** *de este al marco de* ***Bera*** *de allí al marco d****a Toural****, hasta llegar al* ***Río Uma****, y sigue a orillas de el abajo hasta llegar al* ***Coto da Liñareira****, de este al marco d****a Urzela*** *de allí al marco d****o Cribeiro*** *sigue al* ***Penedo de las Dos Hermanas****, de este al marco* ***Aviño*** *de allí al marco de* ***Albarazas****. De allí a la* ***Fuente da Porta****, de este a****l Souto Vidal*** *de allí al marco de* ***Sestelo****. De este a* ***la Laje do Castineiral*** *de esta a* ***la Laje de Brite*** *y de allí a* ***la Piedra Regada que llaman marco de los quatro Abades****, de esta al marco de* ***Chandefojo****, de allí al marco d****o Castelo****. Sigue al* ***Coto de Mosqueiros****, de este al marco de* ***Marquiño****. De este al sitio d****o Marco****; y de alli a dho marco da Zepeira, primera demarcación."*[6]

No capítulo 17 do mesmo interrogatorio lístanse os muíños que había na parroquia:

"...onze Molinos Harineros negros. El Uno sito en donde llaman ***Os Canizos*** *que se compone de tres Ruedas (…) otro en el sitio d****o Regueiro das Lamas****"* [7] –neste sitio había máis un, e xa escribiron Rigueiro con *i* en vez de *e*– e os demais estaban en **o Abelan**, **a Riveira**, nos sitios d**o Conde** e de **Bandullo**, e catro en **Souto Bidal/ Vidal**. Xa dá para ver logo que o baile ortográfico é unha constante en todo o documento, a transcrición feita aquí é fiel ao orixinal, salvo a aplicación de maiúscula á letra inicial, que non sempre a ten. O que tamén se evidencia é que, con algunhas excepcións, non houbo unha intencionada castelanización dos topónimos referidos, e cómpre lembrar que o *j* e ás veces o *g* lense coma o x de hoxe, pois o x daquela líase coma o *j* do castelán.

É, loxicamente, nos inventarios de propiedades onde máis topónimos hai. O chamado Real de Legos componse de dous volumes cun total de 3.688 páxinas, mais non houbo tempo de recoller, nin hai lugar aquí para referir todos e cada un dos milleiros de topónimos que contén. Salientamos só as do principal propietario non eclesiástico: O señor da vila *"Don Pedro Troncoso vecino de la Picoña: Una casa alta de siete baras de frente y 22 de fondo, al sitio de* ***Iglesia*** *(...) Otra casa, terreña, de 5 baras de frente y 6 de fondo, al sitio de* ***Iglesia****"*[8] –o Pazo de Moreira, do que falamos o ano pasado–, posuía ademais propiedades rústicas no mesmo sitio de Iglesia, e en **Baldoy** e **Coutadas**.

Un parente seu, o cura párroco, presentado pola casa da Picoña, era o maior propietario da parroquia. Don Mauricio Valenzuela Troncoso de Lira e Sotomayor contaba nada menos que con 85 predios recollidos no inventario chamado Real de Clérigos: tres casas e máis terreos no lugar de **Montealegre**, ademais de sembraduras e labradíos, de secano e regadío, viñas, montes, soutos, piñeirais, carballos, sauzes e terrestales, nos sitios de **Safores, Mazeira, o Seijo, Fonte de San Martín, a Ponte, o Omenage, a Insua, Bouza Cavalo, Monte do Ome, Mugín, as Cavadas, Camonde, Vera, Eido Bello, Coutadas, Lamas, Candan, Curzeiras, Pichorro, a Ola, Macadin, Piedra Failla, Valdoy, Abeleira, Pumar, Regadas, Pontillon, Campelo, Canzelas de Rañe, a Costa, Viñal, Cruzeiro, Troya, Togeira, Fontan e Soutiño**[9]. Isto foi en 1753, cando se fixo o Catastro, e no ano da súa morte, 1765, xa adquirira máis terreos en **Sigas, o Souto, as Fontenlas, Balboa, Veiga de Moreira, Virolange, a Marela, Vilanueba** [10]; facendo distincións neste outro documento a topónimos recollidos no Catastro: **Campelo de arriba, Candan de avajo, Poza das Regadas**, e aparece unha **Bouza Cabada** que pode ser a mesma que a Bouza Cavalo máis arriba, ou non.

Na parroquia residían tres clérigos máis: Don Thomas Martinez tiña tres casas, cadansúa en **Parapiñeira, a Peroja**

---

[2] Corpus Documentale Latinum Gallaeciae – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

[3] Archivo Histórico Nacional. Sección Nobleza. Escrituras de censo, venta y permuta de bienes raíces ubicados en Bayona, Parada, Troncoso, Santa Eulalia de Camos, Moreira (…), MOS-VALLADARES, C.5, D.1-2

[4] Archivo Histórico Nacional. Consejo de Órdenes. Expediente 2368

[5] Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Catastro de Ensenada.

[6] Ibídem

[7] Ibídem

[8] Ibídem

[9] Ibídem. O resto de citas, salvo indicación ao contrario, pertencen a este libro tamén.

[10] Preito pola posesión do vínculo de Montealegre, cfr. Skinner, M. "O Pazo de Montealegre", in Pregón, 1994.

e *"al sitio **da Feira**"*, 35 propiedades rústicas máis en **Para Piñeira/Pera Piñeira/ Pedra Piñeira**, a máis de outras en **Vera, a Costa, o Toural, Lamas, o Candan, a Pena** e **Abelenda**, sumando un total de 62 propiedades. Don Domingo Farrapeira tiña unha casa no sitio de **Rego Alto**, e terras en **Barragans, o Carrascal, o Tojal, Curzeiras, Bouza de Sande, Fraga, Abelenda** e **Urcela**, en total, 40 predios. Don Julián Domínguez tiña casa en **Macadin**, e terras en **Macadin, Entre Vales, Carvalla Grande** e **Para Piñeira**.

Outros once relixiosos, residentes noutras parroquias, tiñan tamén propiedades en Moreira: Don Lorenzo Rodríguez, veciño de San Mateo de Oliveira, tiña tres casas e nove predios rústicos no **Pontillon**, e máis dúas propiedades no "sitio de ***Alaíña***", indícase asemade que "Los bienes de este asiento son de Capellanía". Esta capelanía ben podería ser a que menciona Mariano Piñeiro como sendo fundada polo clérigo Don Manuel Ojea Requejo en 1725[11]. Don Antonio Ojea, veciño de Fornelos, tiña 30 propiedades rústicas en: **Macadin, Parapiñeira, as Lamas, o Pontillon, a Rachadeira, Rañe, Beiga de Moreira, Mazeiral, Zernada, Safores, o Carballal, o Seijo, Penas** e **a Ola**; outros clérigos referidos no Real tiñan terras en **Curzeiras, a Insua, o Seijo, o Marquiño, Chan de Espiño, o Campo Grande, o Rigueiriño, a Leira, a Chouza, Ferreiros, Insua, Pumar, Criveiro, Pereira, o Candan, a Cruz, Formal, Rañe** e *"un monte inutil al sitio de **Ola**"* do que era dono Don Diego Simón Fernández, veciño de Cabreira. Don Antonio de Pino, veciño de Nogueira, tiña terras en **Chan de Espiño** e un muíño *"al sitio de **Souto Vidal**, muele con agua de presa, dos meses de los doze del año"*; Don Joseph Troncoso, veciño de Salvaterra, tiña terras de capelanía en **Jaragua** e **Rañe**; e era, xunto con Don Manuel de Menezes e Don Joseph Vera, veciños de Tui, o conde de Salvaterra e a Marquesa de Valadares, dos que máis foros cobraban de todas as propiedades ata aquí enumeradas.

No século XIX, atopamos unha curiosidade: en 1808 o escribán da súa maxestade Diego Miguel Troncoso de Lira y Sotomayor *"vezino que soy desta fra. De San Martin de Morª , Coto y Juris(dicción) de **Villanueva de la Picoña**"* dá fe dunha permuta entre o abade propio e o cura tenente, e unha das propiedades da transacción linda con *"marcos de **la Picoña**"*[12]. Temos unha referencia ao señorío que exercía en Moreira, aínda nesa data, a referida casa.

Tamén no século XIX hai indicacións toponímicas dos lugares habitados da parroquia no Diccionario de Madoz: *"Tiene 200 Casas repartidas en el l(ugar) de su nombre y en los barrios de **Calvario, Cobas, Cañota, Molinos, Reguengo, Macadin, Soutiño, Pontillon, Raña, Feria, Vilanova, Peña, Penla, Urcela, Chau de Espino, Castelo, Rego Alto, Cruceiros y Monte de Abajo**"*[13], onde se pode apreciar a variación con respecto aos indicados no Catastro de Ensenada un século antes.

Xa no século XX, temos a obra do Padre Mariano Piñeiro Groba "Puenteareas, Notas Históricas y Etimológicas", onde fai unha recolla de topónimos moreiráns, cunhas curiosas, que non menos peregrinas, interpretacións etimolóxicas dos mesmos. O libro pódese consultar na Biblioteca Municipal, a el remitímonos.

Como conclusión, o noso desexo para este século XXI é que a partir destas notas esperte o interese dos veciños de Moreira polo seu patrimonio cultural intanxible, e agradecemos dende xa ás persoas que están a colaborar nos inicios dun proxecto que pretende recuperar cantos nomes da terra estean aínda vivos na memoria da xente, localizalos no mapa, e así preservalos para as xeracións futuras. Con todo, o clima non axuda para o traballo de campo, e non só o estritamente meteorolóxico. Veñan mil primaveras máis para Galicia, como dicía Cunqueiro, e que non morran os nomes da terra, algúns dos cales xa teñen de seu máis de mil anos, como é o propio de Moreira. Mais para iso, cómpre darlles a fama e a gloria que merecen.

Veigas de Rañe

Todos los bienes del mundo
pasan presto y su memoria,
salvo la fama y la gloria.
La fama vive segura
aunque se muera su dueño;
los otros bienes son sueño
y una cierta sepultura.
Procuremos buena fama,
que jamás nunca se pierde,
árbol que siempre está verde
y con el fruto en la rama.

(Juan del Encina. "Todos los bienes del mundo")

[11] Piñeiro Groba, M. "Puenteareas, Notas Históricas y Etimológicas". Vigo, 1941

[12] Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Protocolos notariais.

[13] www.diccionariodemadoz.com Posiblemente, onde di "Reguengo" debe dicir "Requeixo".

Reloxos de torre en Pontearéas

■ **José Higinio Suárez Garra**

Algúen dixo nunha ocasión "O tempo é ouro" ao que habería que engadir "mídeo polo tanto con algo que estea a súa altura".

Dende tempos inmemoriais a humanidade tratou de controlar o tempo. Nos comezos por medio do sol, aparecendo os reloxos solares, e máis adiante con reloxos de area, clepsidas de auga, reloxos de lume, etc.

Falando de reloxos mecánicos é de obrigado cumprimento lembrar as verbas de D. Camilo José Cela "O máis sensacional, o máis sobrecolledor invento dos homes".

O primeiro reloxo da idade moderna, con total seguridade de precisión, foi o chamado H1 creado por Harrison no 1735.

Os reloxos monumentais o reloxos de torre tiveron unha grande relevancia na vida cotía das vilas, chegando a regular as actividades comerciais e máis aínda nas do agro, pois as xentes que nel traballaban guiábanse polo son das súas campás, cando a posesión dun reloxo non era tan común como hoxe en día.

O Concello de Pontearéas chegou a ter en funcionamento ata 8 reloxos de torre, algún deles de boa factura.

É unha magoa que, a día de hoxe, tan só 2 (Escola de Padróns e Igrexa de Ribadetea) marquen o paso do tempo como o primeiro día, os demáis están desaparecidos (Casa do Concello e Igrexa de Areas) ou están abandonados (Igrexa de Pías, Igrexa de Guláns e Igrexa de Pontearéas) ou funcionan máis vandalizado como no caso da Igrexa de Cristiñade.

Igrexa de Pontearéas



Maquinaria PF

Igrexa de Cristiñade

Maquina Murua Vandalizado

Igrexa de Ribadetea





Máquina Vda. de Murua



Igrexa de Guláns

Maquina de forxa

Igrexa de Pías

Máquina Vda. de Murua

Escola de Padróns

Maquina sistema Canseco nº 3

José Francisco Beristain Aspiazu

Director de la Banda Municipal de Ponteareas (1928 - 1935)

■ **María Rosa Arija Soutullo**

Llegó a Ponteareas en 1928 como director de la Banda Municipal, siendo alcalde Ramiro Sabell Mosquera.

Durante los años que estuvo la Banda Municipal a su cargo la prensa no dejó de alabar su batuta ni tampoco los logros que frente a la misma en poco tiempo consiguió.

Músico de Primera y subdirector de la Banda del Regimiento de Zaragoza, asentada en Santiago, se presenta a la plaza de director de la banda de la villa del Tea. Una aspiración legítima. Tiene 36 años y es natural de Pamplona. A los 23 años ya era subdirector de banda, y en Santiago de Compostela se le califica como un excelente músico.

Se conoce su hacer en Compostela porque en numerosas ocasiones dirige la Banda del Regimiento de Zaragoza.

También se ha hablado en prensa de algunas de sus composiciones, de un pasodoble en colaboración con el músico de Primera Camisón, que se estrenó en la Alameda de Compostela el 5 de junio de 1924.

A Beristain se le recibe con cariño. A poco de llegar sale una colecta para regalarle una batuta.

La prensa enseguida se hace eco de su buen trabajo. El Faro de Vigo publicará una caricatura de él. Aires nuevos que se dejan notar por los comentarios de prensa.

En Ponteareas existe otra banda de Música la llamada La Filarmónica. Ambas agrupaciones alternarán en conciertos y actos dentro del municipio. La Filarmónica estará dirigida en aquello años por Francisco García Rey.

Encuentros de Beristain con Soutullo

El maestro ponteareano apostará por él en su discurso del estreno del pasodoble Puenteareas dirá palabras elogiosas a su labor…

Ya antes asistirá a la cena homenaje que en Ponteareas se le tributa el 21 de agosto de 1928 a Soutullo, servida por el hotel Argetino. Allí están el alcalde de Ponteareas Ramiro Sabell y el de Porrillo, Palacios, a más de otros invitados.

Cena animada en el que el maestro habla de sus luchas de los primeros tiempos por salir adelante, y promete dedicar una sinfonía gallega a su tierra.

Beristain le obsequia a Soutullo con la interpretación de algunos trozos de La del Soto del Parral. Soutullo felicita efusivamente a Beristain y a la agrupación, subiendo al palco para coger la batuta y dirigir la obra. El público asistente le tributa una gran ovación.

Ése mismo mes la banda estrena unifor-

me nuevo por cuyo motivo habrá un concierto con un programa de zarzuelas.

En el mes de septiembre de 1929 Banda Municipal de Ponteareas, dirigida por la batuta de Berinstain tocará el pasodoble Río Miño de Reveriano Soutullo, que en la actualidad se encuentra extraviado.

La actividad de Berinstain es incansable. Sin embargo la batuta de la banda Municipal de Ponteareas no dejó de darle quebraderos de cabeza. El puzzle no está del todo terminado, sin embargo vayamos a los hechos, a las piezas que hasta ahora tenemos.

Disolución de la Banda Municipal por la Corporación de Ponteareas

El 17 de mayo de 1931 se declara por el ayuntamiento de Ponteareas disuelta la Banda Municipal y cesante a su director. Beristain sufre su primer fuerte dolor de cabeza y reclama ante el Tribunal Provincial Contencioso Administrativo. El tribunal falla a favor de Beristain en mayo de 1932. El Ayuntamiento tiene que pagarle los retrasos y restituirle de su cargo o bien concederle los derechos de funcionario en excedencia forzosa, percibiendo dos tercios de su sueldo. Se dirá que el cesante tiene derecho a ocupar su plaza si la colectividad se organiza o la banda es creada de nuevo por el Ayuntamiento.

En la prensa se comenta que a Beristain se le privó de sus derechos de una manera arbitraria, y que no se puede hacer destituciones porque a uno le da la gana. Por otra parte, se dice, Ponteareas, por su nombre y su pasado debe de tener una banda municipal que le honre y le beneficie como sucede en infinidad de pueblos de menos importancia.

El periódico El Pueblo Gallego dirá, siempre es más fácil deshacer que construir y esta realidad se viene acentuando de una manera poco laudatoria desde hace unos meses en la vida de Galicia.

No sabemos qué pasó exactamente pero se le vuelve a nombrar por la prensa como director de la banda en numerosas ocasiones, entre ellas en los funerales de Ponteareas por el maestro Soutullo en noviembre de 1932.

Nuevo pleito

A la adjudicación de la plaza de la Banda Municipal a favor de Beristain recurre, después de proclamada la República, el director de la banda La Filarmónica de Ponteareas, Francisco García Rey. La reclamación se efectúa en base a que él se presentó a la misma plaza como oponente y Berinstain no presentó la documentación requerida en el concurso. El Tribunal Contencioso Administrativo da la razón a Francisco García Rey en febrero de 1934. La plaza debe de ser para el demandante.

En las fiestas de abril de ese año ambos participarán con la exbanda Municipal Beristain y La Filarmónica García Rey.

El 25 de junio e 1934 dirige la banda municipal en el festival celebrado en La Cabañas. El título de exbanda desaparece pronto de la prensa. No sabemos en qué circunstancias se encuentra dirigiendo el músico.

La marcha

Poco antes de que abandone el puesto de director, el 18 de julio de 1935 se hablará, otra vez más, de la altura que ha llevado Berinstain a la Banda Municipal de Ponteareas, habiendo alcanzado merecida fama en la comarca y fuera de ella. Recientemente ha llevado la batuta en las famosas fiestas de la Coca en Redondela. Actuaciones últimas en Panjón, Lira, Moscoso, Moreira, Villasobroso, Fontela...

El 7 de noviembre de 1935 sale la noticia del nombramiento del nuevo director de la banda de Ponteareas, el músico Constante Bermúdez.

Beristain marcha a dirigir la banda de Celanova, plaza que obtiene por oposición. Enseguida valoran sus méritos, su buen hacer y forma de enseñar, la afinación que consigue y el arte con el que dirige. En poco tiempo con su simpatía y su trabajo eficaz se ha ganado a la gente de Celanova.

Los datos hasta ahora recogidos nos indican que Ponteareas perdió un buen director, un músico con oficio. Un músico que en vez de disfrutar de su trabajo se vio cesado, habiendo dejado su plaza de subdirector de la banda del Regimiento de Zaragoza para trabajar en la banda Municipal de Ponteareas. Envuelto en líos legales por su puesto de trabajo que le trajeron, sin duda, preocupaciones y desasosiegos.

Beristain en las posguerra

La Guerra Civil española supone una grave factura para la música. Muchas bandas y agrupaciones musicales se deshacen.

¿Qué pasó con Beristain?

Tras la pista del maestro encontramos algunas notas de prensa en esta época de la posguerra española en la que la cultura pasa por una edad de piedra.

Beristain no vuelve a su tierra Navarra sino que se queda en Galicia, por lo menos hasta los sesenta y un años que cumple en 1953. De cómo vive sabemos poco.

En noviembre de 1940 se ofrece a dar clases de solfeo en el domicilio social del Orfeón Unión Orensana de manera gratuita.

Se le encuentra dirigiendo la banda de música de Alongos en 1942.

En marzo de 1946 es nombrado director de la Banda de Música Popular de Merza.

Toma la batuta de la de banda los Peares-Olleros en 1953. La prensa comenta la afinación, buen gusto y arte de Beristain. Tiene 61 años. Aquí le perdemos las huellas.

Hemos dado unas pequeñas pinceladas de la historia de un músico que colgó su sombrero y su gabán en Ponteareas y en Galicia.

Reconocer los años de prestigio y de buen hacer que dio a la Banda Municipal de Ponteareas es un justo tributo que se merece.

Un século marcando horas.

O reloxo das escolas do Coto (Padróns), obra de Antonio Canseco

■ **Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez**

Moi poucos foron os reloxos mecánicos que se montaron nas torres de igrexas e locais sociais entre finais do século XIX e matade do XX e case ningún segue a funcionar. Das vintecatro igrexas parroquias que conforman o concello de Ponteareas tan só media ducia de igrexas tiña o seu reloxo na fachada: Areas, Cristiñade, Guláns, Pías, Ponteareas e Ribadetea. Os seus corazóns de ferro e bronce foron substituídos xa hai moitas décadas por diversos chips, relex e circuítos interconectados que non precisan de cordas, engraxes nin mantemento ningún e, ademais, permanecen puntualmente en hora, resultando case inalterables ó desgaste do tempo. De todos cantos había tan só un prosegue co seu monótono e rítmico camiñar: o da torre das Escolas do Coto de Padróns.

Os reloxeiros que os fixeron

Nada se ten publicado sobre estes industriais, polo que abrir camiño resulta agora tarefa difícil pois carecemos de referencias bibliográficas que nos poidan orientar. Baseámonos sobre todo na información que proporcionan as súas maquinarias no momento máis decadente da súa historia, xa que a maioría se atopan estragadas ou desaparecidas. O único supervivente que segue marcando as horas é o reloxo das Escolas do Coto, na parroquia de Padróns, polo que será nel onde centraremos o noso esforzo investigador.

Os sete reloxos mecánicos de torre ponteareáns figuran no cadro 1

As Escolas do Coto (Padróns)

Quixen dar inicio a este traballo sobre os reloxos de torre que fixera Antonio Canseco Escudero entre finais do século XIX e principios do XX cun poema que o meu irmán dedicoulle ó vello reloxo, xa que creo que resume de maneira concisa os cen anos de vida daquel trebello, que, como outras moitas cousas, deixaron para os veciños da parroquia do Salvador de Padróns a xenerosidade sen límites dos irmáns Benito, José e Generoso Barcia Boente, cando a fortuna lles sorriu na súa rocambolesca andaina tralo caucho da selva amazónica.

O RELOXO DA ESCOLA
Humilde reloj de Coto,
reloj que marcas las horas,
las horas del nacimiento,
las horas de tantas bodas
y aquellas horas malditas
en que se acaban las horas.

Cien años dando los tiempos,
un siglo marcando horas
casi cual Dios, que es quien guarda
los días en sus alforjas.

Reloj de Coto no pares,
no dejes de dar las horas
que el día que tú te mueras:
¿dónde estarán nuestras horas?

Francisco José Fernández de la Cigoña Núñez

Reloxo de torre	Reloxeiro	Estado do reloxo	Ano	Procedencia
Areas, Santa María	Descoñecido	Desaparecido	1948	Descoñecida
Cristiñade, O Salvador[1]	Descoñecido	Desaparecido	1971	Descoñecida
Guláns, San Xulián[2]	Descoñecido	Desaparecido	Ignoro	Descoñecida
Padróns, Escolas do Coto[3]	Antº. Canseco	Funcionando	1912	Madrid
Pías, Santa Mariña	Vda. de Murúa	Estragado	Ignoro	Vitoria (Álava)
Ponteareas, San Miguel	P.F.	Estragado	Ignoro	Descoñecida
Ribadetea, San Xurxo[4]	Vda. de Murúa	Estragado	1949	Vitoria (Álava)

[1] Ata hai uns meses se conservaban as pesas nun anexo da reitoral.
[2] O pouco que queda del é a esfera horaria da fachada.
[3] É o único reloxo que funciona e ten cunha campá propia para marcar as horas.
[4] Conserva tanto a maquinaria como as pesas, pero non funciona.

Cadro 1

Quen foi Antonio Canseco?

Este xenial reloxeiro nacera en Rabanal del Camino, antigamente un concello situado, como o seu nome está a indicar, á beiriña da verea francesa de peregrinación a Compostela, pero hoxe integrado no de Santa Columba de Somoza (León), un 27 de xuño de 1838, sendo fillo de Pedro Canseco e de María Escudero, ambos naturais daquel mesmo lugar. Finou en 1927 ós 89 anos de idade na capital de España, acougando os seus restos mortais no cemiterio da Almudena de Madrid.

Dúas xeracións máis seguiron aproveitando a fama de Canseco como reloxeiro, pois un fillo e un neto continuaron co negocio dos reloxos de torre ata que os trebellos eléctricos, moitos máis simples, exactos e sen mantemento de ningún tipo, relegaron os eixes, resortes e rodas dentadas á mesma prehistoria da mecánica reloxeira. Por outra banda, o seu costo non chegaba nin sequera ó dez por cento dos mecánicos e non precisaban practicamente ningunha estrutura especial para a súa montaxe.

Todo o que necesita un reloxo eléctrico de torre como os que se montan actualmente e un pequeno cilindro de 10 cm de diámetro e outros tantos de altura que contén a maquinaria e que colocado no medio dunha esfera plástica move as agullas sen mantemento ningún e sen a molestia de ter que darlle corda cada certo tempo. A súa expansión supuxo a morte súbita dos trebellos de resortes e pesas. Na fotografía o reloxo eléctrico da torre da igrexa de Santa María do Porriño visto polo interior.

Canseco nunca desvelou con quen aprendera o seu oficio, pero non resulta difícil acreditar que fose en Francia, pois daquel país importaba moitos dos mecanismos de enorme precisión que necesita-

ba para montar os aparatos, tan exactos na súa marcha que apenas engadían ou restaban cinco minutos por ano.

Ós trinta e nove anos estaba establecido en Madrid cun máis que notable prestixio e tiña a súa reloxería principal na rúa Maior, ocupando os números 7, 9 e 11, abrindo, pouco despois, sucursais na praza do Anxo 10 e na rúa Mesón de Paredes 21, onde establecerá o seu "Depósito central" de reloxos de torre, campás e xugos de ferro. Nos seus catálogos indicaba que a súa experiencia como comerciante databa de 1866.

A difícil loita polo mercado

Os reloxos de Canseco estaban amparados por unha patente propia que os exoneraba das subhastas obrigatorias por parte dos concellos cando precisaban mercar calquera clase de ben, xa que gozaban do chamado "Privilexio de invención", polo que, segundo o Real Decreto do 4 de xaneiro de 1883 (artigo 36), podíanse compra de maneira directa, evitando ter que acudir ás subhastas coas molestias e lamentables consecuencias de adquirir un produto de mala calidade e pouco prezo, ofrecido polos rematadores para gañar a adxudicación dos concursos públicos.

Pronto o seu prestixio, sostido pola gran calidade, facilidades de pago e baixo custo, fixo que os seus reloxos se popularizaran por toda España. Nos seus comercios madrileños utilizaría como emblema da súa valía e honradez a de ser oficialmente considerado como "Proveedor de la Casa Real", reclamo que, orgullosamente, mostraba nos seus escaparates.

Canseco foi un gran innovador, tanto comercial como tecnicamente. A súa visión empresarial adiantouse en décadas ós fabricantes da súa época. Proporcionaba reloxos a pagar en dez anos e os garantía por doce. Por aquel entón, aínda non se tiña inventado a venda a prazos, polo que nos contratos falábase de "alquiler de toda clase de relojes de torre a los ayuntamientos que por escasez de fondos o por otras causas no puedan adquirirlos al contado." E naquel tempo de penurias sen conto tan só un concello, o de Órxiva (Granada) incumpriría coas súas obrigas. Coidamos, que tal como está a economía neste tempo, Canseco estaría totalmente arruinado a pouco de empezar o seu negocio.

Que aportou Canseco á reloxería española?

O leonés ten un enorme mérito como reloxeiro pois conseguiu substituír as incómodas pesas de centos de quilos suspendidas por longas cadeas ou cordas de varios metros de altura por pequenos engrenaxes e resortes. Esta modificación, en aparencia menor para un profano, abaratou enormemente o proceso de fabricación, pero sobre todo facilitou a montaxe da maquinaria, podendo levar os seus reloxos non só ás torres das fachendosas catedrais, senón ás pequenas igrexas espalladas por aldeas e pobos, así como ás fachadas de moitísimos concellos, incluso de lugares pequenos e humildes que se adherían sen rubor ás vendas a prazos que o artífice pregoaba nos seus catálogos impresos de propaganda.

Ata 15 pezas de ferro duns 30 quilos cada unha penduran dunha das dúas cordas do reloxo da torre da igrexa de San Martiño de Verducido (A Lama – Pontevedra) feito en 1906 polo reloxeiro Moisés Díaz con obradoiro en Palencia. A substitución destes elementos difíciles de encaixar nos edificios e que supoñen un risco enorme de partirse a suxeición, foi unha das principais novidades que incorporou Antonio Canseco ós seus reloxos de torre.

Pero se a substitución das incómodas e perigosas pesas non fose suficiente, os seus reloxos tiñan outras pequenas innovacións non menos interesantes dende o punto de vista técnico coas que se conseguían esquivar avarías e desgastes. Así, os "volantes" levaban catro ás de latón brunido no canto das dúas habituais doutros reloxos, estando colocados verticalmente, proxectando desta maneira unha maior forza ó martelo que golpea na campá, polo que o son chegaba bastante máis lonxe. Esta particularidade en Galicia era moi necesaria xa que as parroquias teñen unha gran superficie e deberíase escoitar o son en tódalas aldeas para que a xentiña non andase coas horas extraviada. Tamén a "catalina", no canto de levar un só aro, tiña dous, de maneira que as caravillas podían estar unidas por parafusos en ambos extremos, evitando a súa rotura. A "áncora" incorporaba un resorte en espiral que lle permitía abrirse en caso de empunte, deixando a "pérgola" que oscilase libremente, e volvía a pecharse por ambas caras superada a tensión, polo que se impedía que quebrase. Ademais, unha roda auxiliar alimentaba o movemento do reloxo mentres se lle daba corda coa finalidade de que non perdese nin un instante da súa marcha. E aínda poderiamos seguir anunciando máis novidades que tan só os reloxeiros serían quen de valorar de maneira axeitada.

A competencia contraataca

Foi a partir da instalación dos primeiros reloxos de torre de Canseco, en 1881, cando a competencia, numerosa e teimuda, comezou a introducir algúns cambios nas súas maquinarias, inalteradas durante décadas, para poder competir. O máis acertado que fomos quen de ver foi a substitución das cadeas de varios metros de lonxitude lastradas por grandes pesas e que por gravidade movían as rodas dentadas e que se situaban na parte inferior coma enormes atributos masculinos, por outras máis curtas ó carón da maquinaria. Certamente, o que aforraron en altura tivérono que gañar noutra magnitude. As novas máquinas, polo tanto, demandaron un menor tempo para darlles corda e subir as pesas, xa que as cadeas tiñan un menor percorrido, o que non deixaba de ser un grave inconveniente para os reloxos situados nas torres, con accesos case sempre incómodos, cando non bastante perigosos. Se os reloxos de Canseco necesitaban corda unha vez á semana, os da competencia, con cadeas e pesas laterais, a demandaban cada dous ou tres días. Pero o problema maior non era albergar a maquinaria, pois as que temos visto de diferentes reloxeiros son máis ou menos do mesmo tamaño. Senón os enormes cables ou cadeas das pesas. As máquinas de Canseco, ó carecer delas, seguían ofrecendo notables avantaxas: espazos reducidos, corda unha vez por semana, mínimo mantemento, prezo axustado, calidade contrastada e avalada por unha garantía de doce anos e grandes facilidades de pago. A competencia vendía tan só nos lugares a onde non chegaba o "merchandsing" operacional do señor Canseco.

Reloxo de torre de San Miguel de Ponteareas feito por "P.F.", cuxas siglas aparecen en relevo na parte alta do bastidor. Hai tempo que foi substituído por un electrónico da marca "Pagán".

Cando os reloxos convertéronse nunha necesidade

A finais do século XIX e principios do XX sentiuse por parte dos concellos de toda España a obrigación de sinalar as horas nunha época na que a xente organizábase basicamente polos toques das campás das igrexas, pois poucos eran os que tiñan un reloxo de seu. Houbo, incluso, concellos ben pequenos que ergueron enormes torres para situar exclusivamente no alto das mesmas, para que se vese de lonxe e para que o son non tivese interferencias, un reloxo mecánico ó servizo da comunidade.

En Galicia atopamos varias destas torres especialmente construídas para estas funcións nas vilas de Cea, Viana do Bolo e A Guarda, moito máis custosas de facer que o propio aparello que ían albergar nas súas entrañas. Víanse coroadas por unha enorme campá que sinalaba non só as horas, senón as medias e, ás veces, os cuartos, e amosaban catro esferas orientadas os catro puntos cardinais para poder ser divisadas dende calquera lugar da poboación e incluso das aldeas próximas.

Entre as torres reloxeiras destacamos a do concello de Cea (Ourense), na praza principal e por diante do Consistorio. O reloxo, mercado a Canseco no ano 1892, custou 6.600 pesetas. Trátase dun reloxo de pesas (pois Canseco tamén os facía con elas, sendo máis baratos cos que non as tiñan). De Canseco é, tamén, o campanario en ferro de catro columnas na parte alta e que sostén a campá.

A pegada de canseco a través dunha pequena publicación

Canseco, xa o comentaramos, axiña corría por diante da competencia. Cada dous anos imprimía os seus catálogos, opúsculos de máis de 30 páxinas nas que ofertaba os seus produtos: reloxos de torres, campanarios de ferro para soster a campá, campás (en ferro ou bronce) para igrexas e outros edificios relixiosos ou civís e xugos metálicos para fixalas ós marcos dos campanarios. Nas páxinas centrais daquelas publicacións incluía unha "Lista de los relojes de torre" que vendera, sinalando tamén a data, a localidade na que se instalaron e o seu prezo en pesetas.

Ademais destes catálogos estritamente comerciais fixo no ano 1892 con motivo da celebración do IV Centenario do Descubrimento de América, unha publicación de maior categoría e que acadou as 66 páxinas, na que exaltaba aquela gloriosa efemérides, agregando ó final da mesma unha sección de autopropaganda dos seus reloxos de torre cunha relación dos vendidos entre os anos 1881 e 1892. Naquel rexistro aparecen un total de 144 entregas repartidas por toda España.

Os reloxos de Canseco na provincia de Pontevedra

Naquela publicación patriótica, impresa en Madrid nos talleres da Tipografía de T. Minuesa de los Ríos, xa se mencionan tres reloxos vendidos na provincia de Pontevedra. Fálase dun en Cangas de Morrazo, vendido o 20 de agosto de 1887 en 3.000 pesetas, desaparecido; outro instalado na torre da igrexa parroquial de Santa Baia de Mos (Mos), vendido o 22 de agosto de 1887 (xusto dous días despois do de Cangas) e facturado por 2.470 pesetas, do que tampouco queda nin pegada. Sen embargo, da maquinaria deste reloxo coa marca de Canseco aínda ben visible, hai unha fotografía no libro "Del ayer y hoy de Mos: datos históricos" (Baquero Rotea, 1999: 96) cun pé que di: "Reloj que daba las horas en la campana que estaba sobre la cúpula de la iglesia", e nesa mesma páxina comenta: "El reloj de la torre aparece en 1913 –refírese ó Libro de Fabrica da Parroquia- con 75 céntimos de aceite para el reloj, posiblemente sea esta la fecha de su intalación. En 1975 se cambia el reloj (por deterioro de piezas) por uno de pared con un equipo de altavoces que se coloca en la Torre." Polo tanto, o reloxo que fixera Canseco para a igrexa de Mos estivo en activo 88 anos, os que van da data da venda en 1887 (e non no 1913 como suxire Rotea), ós da súa substitución en 1975. Inspeccionadas por nós as tres campás da torre desta igrexa puidemos comprobar que ningunha levaba xa a marca de Canseco, pois todas pertencían ó último terzo do século XX, polo que seguramente fora refundida. O terceiro reloxo estaba situado na torre da igrexa de Parada das Achas (A Cañiza), do que atopamos tan só a campá coa firma de Canseco e do que logo falaremos máis cumpridamente.

Por aquel entón, o famoso reloxeiro non mencionou para nada o reloxo da torre das Escolas do Coto do lugar da Portela, construídas cos diñeiros enviados dende América polos irmáns Barcia Boente, pois aínda farían falta vinte anos máis para a súa fabricación e posta en funcionamento. Incluso a feitura do edificio que o ía albergar non era máis ca unha ilusión na mente dos patrocinadores, entregados por enteiro á explotación do caucho peruano que os fixera enormemente ricos pero que tamén acabou levándoos, anos despois, trala preira Gran Guerra, á súa ruína.

Como proba do prestixio do que gozaba Canseco diremos que instalou os seus reloxos de torre en edificios realmente singulares de España. Falamos, entón, dos reloxos máis coñecidos de Madrid: o da Catedral da Almudena, o do Palacio de Oriente, o do Hospital Gómez Ulla, o do Mosteiro do Escorial, etc. onde algúns seguen a funcionar coma se o tempo non pasara por eles. Só precisan un pouco de aceite de cando en vez e de que alguén lles dea corda unha vez por semana.

Outros reloxos galegos que aparecen na relación do IV Centenario

Ademais dos trebellos xa mencionados de Cangas, Mos e Parada das Achas instalados na provincia de Pontevedra e dos que nos fixemos eco, menciona Canseco, na súa publicación de 1892, outros catro reloxos galegos. Tres, na provincia de Ourense: o de Allariz, feito en 1882 e que facturou por 1.952 pesetas; o da torre de Viana do Bolo, en 1890 por 3.000 pesetas e o da torre de Cea en 1892 por 6.600 pesetas. Na provincia de Lugo nomea tan só o de Becerreá, feito en 1884 cun costo de 3.526 pesetas.

Presentamos o reloxo das Escolas do Coto da Portela, 1912

A maquinaria, á que tivemos acceso no verán de 2011, amosa en bronce as rodas dentadas, chumaceiras e centros, mentres que os eixes e piñóns están feito en aceiro fino, forxado e brunido, relegando o ferro ós soportes que unen as pezas ó chasis. Na parte alta e dianteira amosa unha placa de bronce en forma de rectángulo, onde en letras grandes e en relevo puidemos ler: "PRIVILEGIO DE INVENCION/ EN ESPANA Y FRANCIA/ SISTEMA CANSECO Nº 3" e preto do ángulo dereito do chasis, nunha plaquiña de ferro fixada con dous parafusos, o número de fabricación: "617".

O reloxo carecía de pesas, pois Canseco, como xa adiantamos, substituínas por resortes, evitando colgallos de varios metros difíciles de encaixar na maioría dos edificios, incluído o das escolas do Coto. Tan só precisa para marchar correctamente que lle dean corda unha vez por semana. Marca as horas e as medias nun-

ha campá de ferro que se acha por riba da maquinaria e as repite puntualmente tras un minuto e corenta segundos por si alguén, sorprendido polo seu imprevisto tanxido, non foi capaz de contar correctamente os seus toques.

Dado que o son da campá non é moi forte, o reloxo debeu ter como obxectivo principal o control da actividade da escola e non tanto a de regular a vida social da parroquia de Padróns, pois o tanxido, a non ser que co paso do tempo perdese moito da súa intensidade inicial, apenas resulta audible a uns poucos centos de metros do edificio, hoxe convertido no "Centro Cultural Irmáns Barcia", en merecido homenaxe ós seus patrocinadores.

Maquinaria do reloxo das Escolas do Coto. Na parte central e alta pódese ler na placa de bronce: "Privilegio de invención/ en Espana y Francia/ sistema Canseco nº 3"

Detalle da placa de bronce co nome do fabricante.

A esfera, de mármore branco que sinala as horas é circular, medindo, aproximadamente, un metro de diámetro. Atópase ó fronte da torre. Os números, pintados en negro, son arábigos e van situados por dentro das raias das horas. As agullas, tamén negras, rematan en punta de frecha.

A campá, na que se marcan tanto as horas como as medias, é de ferro fundido no canto das máis habituais de bronce. No seu corpo amosa en relevo soamente dous números en lados opostos: o "1912", correspondente ó ano no que se fundiu, e o "927", referente á serie de fabricación.

O reloxo de Parada de Achas (A Cañiza), 1892

Non quixeramos rematar este artigo sen mencionar o caso de Parada de Achas, onde atopamos novamente a pegada de Canseco por pura casualidade na esvelta torre da igrexa parroquial de Santiago, tras unha inspección que fixemos ás súas campás.

O cura actual de Parada de Achas, o noso querido amigo Teodomiro González Ozores, falounos de que haberá uns 30 anos ou máis, antes de que el se fixese cargo da parroquia, tanto a maquinaria do reloxo como a esfera foron substituídas, pois o primitivo deixara de funcionar por falta de mantemento. Actualmente, a esfera do reloxo que vemos na torre amosa arredor do eixe que move as agullas a marca de "TALLERES CRONOS/ ROQUETAS", fabricantes asentados na provincia de Tarragona, co que podemos certificar que tampouco é a orixinal. Canseco fixérao no ano 1892 e custara daquela a nada depreciable cantidade de 1.825 pesetas. Este reloxo si aparece mencionado na relación que o señor Canseco agregou á súa publicación sobre o IV Centenario do Descubrimento de América. Se o do Coto vai cumprir cen anos o de Parada iría polos cento vinte. Mágoa que polo camiño se perdera unha gran parte del.

No alto da esvelta torre que se pagara grazas ás 81.111 pesetas do legado testamentario deixado polo filántropo Domingo "Carneiro" Pérez Gómez, cuxas cinzas se atopan baixo a fermosa imaxe do Santo Patrón que preside a fachada principal e que saíra das mans do escultor Ignacio Cerviño Quinteiro (Fernández de la Cigoña Núñez, 2012: 21), atopamos a campá do reloxo situada é esquerda do campanario co nome gravado de Canseco, pois na parte inferior do seu corpo, en letras grandes e avultadas, lemos baixo unha pequena imaxe en relevo da Inmaculada Concepción:

"COSTEADA Y DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE PARADA EN EL AÑO 1892 FUNDIDA POR D. ANTONIO CANSECO EN MADRID Nº. 268"

Campá en bronce pertencente ó reloxo, no alto da torre da igrexa parroquial de Santiago de Parada das Achas (A Cañiza), propiedade dos veciños e "FUNDIDA POR D. ANTONIO CANSECO EN MADRID EN 1892", como lese baixo a imaxe en relevo da Inmaculada Concepción.

Adobíos da campá do reloxo de Parada das Achas (A Cañiza). Baixo a greca ondulada, interrompida tan só polo testeiro dunha cruz de brazos apuntados e con raios nos ángulos, vese a imaxe en relevo do Salvador.

A produción inxente de Canseco

A principios do século XX o ritmo fabril de Canseco incrementouse en gran maneira, motivado polas novas incorporacións, o mantemento dos entregados e os arranxos dos máis vellos. A saga familiar dos Canseco seguiría durante moitas décadas máis co negocio dos reloxos de torre, pois a maquinaria ideada polo vello patriarca non deixou de alentar os corazóns mecánicos ata que a electricidade rematou definitivamente coas súas innovadoras ideas, postergando as súas invencións ás catacumbas da enxeñería reloxeira. A que fora a súa idea máis brillante: a desaparición das pesas deixou de ser útil. Ó principio, ós poucos, case sen se decatar, logo, dun xeito fulminante.

Hoxe a campá de Canseco, que segue pendurando no campanario, xa non ten relación ningunha co reloxo eléctrico que mediante altofalantes anuncia as horas con melodía incluída a toda a parroquia de Parada e máis lonxe aínda. A campá que lle fixera o reloxeiro incorporouse ó resto das campás da igrexa e tánxese a man como as outras dúas. Despois de

Na esfera do reloxo de Parada de Achas (A Cañiza) lese: "Talleres Cronos/ Roquetas", polo que deixou de ser a orixinal que lle fixera Canseco hai máis de cen anos. Esta empresa, asentada en Cataluña fixo reloxos de torre entre os anos 1940 e 1967, ano no que desapareceu.

tantos anos, os mesmos veciños esqueceron a súa pertenza a pesar do que asegura a mensaxe gravada no seu corpo e, escoitándoa bater en nacementos e funerais, ben podemos afirmar que nela se cumpre fielmente o que din as estrofas populares:

> "Campana de mi lugar,
> tú si me quieres de veras:
> cantaste cuando nací,
> llorarás cando me muera."

Rematamos cunha petición

Se algunha vez o reloxo que fixera Canseco para a torre das escolas do Coto fose substituído por outro eléctrico, máis moderno e funcional, sería desexable que a vella maquinaria que alentou o seu corazón por cen anos, pasase ó Museo Municipal de Ponteareas, onde podería atopar tranquilo acubillo tras tan equilibrado latexo e se puidese ver, non só polos entendidos, con admiración e respecto. Baseamos esta petición que pode parecer atrevida ou, incluso, extravagante para algúns, comprobando como algunhas maquinarias do fabricante Moisés Díaz, que como Canseco facía reloxos de torres e campás entre os anos 1900 e 1929, atópanse perfectamente conservadas en urnas de cristal, trala súa substitución por reloxos modernos nas localidades valisoletanas de Alaejos e Iscar e na salmantina de Alba de Tormes, pois nunca dubidaron que as creacións deste reloxeiro, de menor categoría sen dúbida que Canseco, formaban parte con todo merecemento da arqueoloxía industrial dos séculos XIX e XX.

Agradecementos

Ó remate deste traballo lembrámonos con agarimo de D. José Otero Amoedo, Presidente da "Asociación Cultural Irmáns Barcia" (Antigas escolas do Coto) do lugar da Portela (Padróns), que vela polo mantemento do reloxo que fixera Canseco hai agora cen anos; de D. Teodomiro González Ozores, cura-párroco de Santiago de Parada de Achas, que nos permitiu albiscar as campás da torre da súa igrexa, onde atopamos pendurada a campá que fixera Canseco no ano 1892, e de D. José Luis Basanta Campos, investigador experto nos reloxeiros españois de tódolos tempos, que nos alentou neste traballo.

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

BAQUERO ROTEA, J. 1999. *Del ayer y hoy de Mos: datos históricos*. Edición do autor. 306 pp. Mos.

BASANTA CAMPOS, J. L. 1995. *Relojeros de España y Portugal*. 261 pp. Museo de Pontevedra.

CANSECO ESCUDERO, A. 1890. *Catálogo nº. 9*. Tipografía de T. Minuesa de los Ríos. 34 pp. Madrid.

CANSECO ESCUDERO, A. 1892. *Reseña del IV Centenario del Descubrimiento de América*. Tipografía de T. Minuesa de los Ríos. 66 pp. Madrid.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. 2012. "O paso de Ignacio Cerviño polo Condado e A Pardanta". *Actas do III Congreso Galego sobre cruceiros e cruces de pedra*. Editor: E. F. de la Cigoña. Mos.

Memoria de Ponteareas e bisbarra

■ **Fermín Bouza Álvarez**

Na memoria que o meu pai tiña de Ponteareas o Tea ocupaba unha praza preferente, a xeito de vea do paraíso que tecía as súas ribeiras con materiais neboentos dalgún raro e marabilloso mundo alá polo Condado do Tea que lle da nome.

Hai pouco que volvín pola parte de Mondariz, e andei por aqueles eidos e pola mesma memoria do meu pai, chea de todo aquilo. Lembraba en Mondariz a colección de "La temporada", revista do antigo balneario, no colección do meu pai, prensa de época que lin tantas veces por ver de coñecer quen era quen e quen andaba polas ribeiras do Tea naqueles anos da Belle Époque.

Como persoa que gusta da cociña e de cociñar, fiquei ben abraiado lendo os menús da época para os internos que, era de supor, eran xente de caudais desta e de outras autonomías, que hoxe diriamos. Uns menús que hoxe diríamos mix, cazolando cos materiais mais atractivos para os de fora (mariscos e carnes) e dándolle, ás veces,un xeito parisino, moi de época.

Pero daquela, cando meu pai falaba de Ponteareas e do Tea ou de Mondariz e La Temporada, e mesmo cando eu lía esa revista, aínda non coñecía case nin ben nin mal a bisbarra, fillo dunha época na que os adolescente moviámonos pouco, e no meu caso pouco mais do triángulo Santiago-Vilagarcía-Cortegada, a terra da miña nai esta última, sendo Vilagarcía a terra de vida do meu pai e Ponteareas a do seu nacemento e dos Brei ou Brey antecesores seus, entre eles a inesquecíbel tía María, presente na mesa de casa, sendo eu neno, nas súas estancias en Compostela, ida por volta.

Dende Madrid, na lembranza de todo elo,vai un saúdo cordial a Ponteareas., sempre na memoria.

Notas aclaratorias a la historia de Ponteareas

■ **Antonio-José Groba Diéguez**
Arquiveiro

El primer libro escrito, no publicado hasta bien pasados casi 150 años ha sido ***"Historia Civil y Eclesiástica de la ciudad de Tuy y su Obispado"*** escrito a mano, en cuatro tomos, por Francisco Avila y la Cueva en 1852. Su edición, del año 1995, en edición facsímil la llevo acabo el Consello da Cultura Galega. Aún así, durante todo este tiempo custodiaba su original, en el Archivo Diocesano de la Catedral de Tui, asiduamente consultada por los historiadores locales, curiosos y libre pensadores, durante todos estos años, vienen elaborando una historia local de la Vila de Ponteareas, con muchas carencias e imprecisiones. Tal vez, la dificultad de la lectura del manuscrito, no siempre fácil para los no paleógrafos de una escritura de caligráfica limpia, por la manera de su redacción de la época: escritura con abreviaturas, y minúscula. O por causa del cansancio asociado de su lectura. La falta de no leer entre párrafos, no nos aclararan y relacionan los hechos sobre el mismo tema. La obra de Avila y la Cueva produce en algún historiador una ceguera en su lectura histórica, en ocasiones por no ser las personas más adecuadas a la hora de realizar un estudio científico.

En el año 1941, se da impresión a unos apuntes iniciados en 1930 por el sacerdote Mariano Piñeiro Groba, fruto también de la colaboración altruista del Arcipreste de Fragoso y Prior de Vigo que fue D. Faustino Ande encargado del aporte biográfico de la época. Y de Ignacio Vidales Tome, nuestro ilustre cronista oficial de la Villa de Ponteareas, trabajo sobre las etimologías de nombres y topónimos locales. Bien es cierto, en su introducción, los hermanos Piñeiro Groba recordaban la frase de su hermano Mariano mencionada unos años antes al comienzo de sus famosos apuntes ***"Y se terminara…".***

En el año 1983, con al publicación de ***"Historia de Ponteareas"*** recoge el testigo Claudio González Pérez. Se reedita la antigua obra de Mariano Piñeiro, y Claudio prosigue y amplia la obra del Abad de Angoares. Claudio había incorporado de los últimos cuarenta años, trabajos interesantes sobre etnografía, folklore, e historia ya publicados. Añade estudios dispersos en varias publicaciones científicas sobre nuestra historia local. Un enfoque historiográfico de síntesis, periódico en el tiempo, y anexos (Un mini diccionario de personajes ilustres ponteareanos, y en otro apartado unas rutas turísticas)

No sería noble el olvidarse que desde los años 1940 a 1983, del Hijo Adoptivo de

Ponteareas, Enrique Rodríguez Troncoso. Cura-párroco de San Miguel de Ponteareas y San Pedro de Angoares. Insaciable lector de Avila y la Cueva en el Archivo Diocesano de Tui. Así como, fundador, escritor y editor de la revista **"Lonxe da Terriña"** de temática diversa. Asiduos colaboradores de esta revista, entre otros: Claudio González, Manuel Domínguez, etc. Enrique Rodríguez escribió en las distintas ediciones de la revista "Pregón" durante toda su vida. Un conocedor exquisito de la historia local de Ponteareas, muy poco amigo de revelar sus fuentes de información documental. Altruista en sabios consejos de líneas de investigación histórica, y generoso con su amplia biblioteca particular, ésta las fusionó con las Parroquiales de San Miguel de Ponteareas y San Pedro de Angoares. Un gran conocedor del Concilio Vaticano II y su mundo, Don Enrique, hábil lector e insaciable, de todo lo publicado y relacionado con tal evento, desde entonces será conocido en toda la Diócesis de Tui-Vigo como ***Don Enrique de Ponteareas,*** curioso para un vecino nacido en Porriño.

A veces, nos quedan lecturas por repasar, también las fuentes escritas al respecto de un hecho histórico por revisar. Así a menudo, se citan y recitan de una publicación a otra, dando lugar a interpretaciones acertadas en muchas ocasiones y poco afortunadas en muchos trabajos históricos. Lo cierto de este artículo, no es culpar a nadie, tan solo mostrar la obviedad y la curiosidad de las mismas lecturas y transcripciones. Aportar una mirada curiosa y detallada, en la obra de Francisco Avila y la Cueva, para muestra de la precisión y del interés general. Una descripción literal y precisa del escudo de la Villa de Ponteareas. Y otro bien distinto, el nacimiento de un mercado en el "Campo de la Feria" de la misma Villa. Ambas muy relacionadas entre si. No se entenderá la celebración del mercado, ***"no Campo da Feira"*** de la Villa de Ponteareas en el siglo XVIII, con el nacimiento del Blasón de Ponteareas.

El ***Lugar de Puente de Areas***, aparece en un documento de 1507, dado por el señor Don García Sarmiento de Sotomayor, Señor de Salvatierra y Sobroso dona una casa y pajar en el lugar de Ponteareas al Convento de Santo Domingo de Tuy. Las ventajas del lugar por su situación favorecían el aumento de vecindario, así el Marques de Mos en 1577 en un documento se expresa como ***Villa***. Pero no será hasta el último tercio del siglo XVII, cuando el Pazo de los Canedos, perteneciente a la familia Sarmiento Sotomayor, se transforme en Convento Franciscano, instalándose sobre 1715, en San Diego de Canedo. Será cuando los mercados celebrados en el Coto de los Canedos, desde 1483 dada por Real Cedula por el rey Don Fernando el Católico en Astorga, con su poder recaudatorio de la carta fundacional de la alcabala y registro de impuestos de los Condes de Salvatierra.

Una feria libre, en la villa de Ponteareas, junto a la pequeña capilla de San Gregorio, se celebre el mercado en el **"Campo de la Feria"**, en la actualidad se ubicaría en la Praza Maior de Ponteares. Avila y la Cueva nos comenta textualmente al respecto: ***"…a mediados de otro siglo 18***

consiguieron los dela motivada población trasladar á ella la feria mensual y mercado semanal que antes se celebravan desde su creación en los Canedos inmediato al Palacio que alli tenian los Condes de Salvatierra, y hoy ecsite el convento de San Francisco." Más adelante amplia y prosigue aclarando: " 10 ….. Celebra Puenteareas Mercado muy principal todos los sabados del año, y Feria el ultimo sabado de cada mes, cuya es la mejor de quantas se hacen en nuestro Obispado: y fue establecido en su origen en el Coto delos Canedos por cedula del Rey Don Fernando 5º. el catolico espedida en la Ciudad de Astorga en 28. de marzo de 1483. á petición de Don Garcia Sarmiento Señor de Sobroso el 2º. del nombre y apellido, (…/…) mi vasallo por los numerosos buenos é leales servicios que me habeis fecho é faceis en dia tempo por bien, y es mi merced y voluntad que de aquí adlante en cada un año para siempre jamas puedades facer é fagades en el vuestro Coto de Canedo que es vuestra tierra de Sobroso en el reyno de Galicia un Mercado en cada mes de cada año, y que dicho Mercado sea el primero de cada mes de cada año como es según en la manera que lo vos quisieredes facer é ordenar con tanto que las mercaderias é otras cosas que en el dicho se vendieren hayan de pagar é paguen las personas que las llebaren á vender el alcabala y otros derechos á mi pertenecientes según lo quieren las Leyes é mandan de nuestros Reynos (…/…) De cuya real Cedula hemos vista copia entre los papeles de un curioso Anonimo. Y con arreglo á ella se celebro la Feria mensual dilatados años inmediato al Palacio que tenían los Señores de esta jurisdicción en los Canedos, que es donde hoy existe el Convento de religiosos Franciscanos hasta que se traslado á Puenteareas: pero el tiempo en que empezó el Mercado no consta: sin embargo es de suponer que con motivo de ser la Feria muy provista concurrida y de gran utilidad alos pueblos circunvecinos se fue introduciendo poco á poco aquel.

Escudo de Ponteareas en tiempo de Ávila y Lacueva (1840), y en 1861

En 1873 y en 1931 - 1936

11… A continuación de la copia de dicha Real cedula está compulsada por el Anonimo citado en Auto de la real Audencia de Galicia que su tenor literal es este,, Sin embargo del auto dado en veinte y cinco de Mayo del año pasado ede mil setecientos diez y seis, y el de nueve de Junio del mismo año se despache prevision para que Jacinto Fernandez y mas partes á quien defiende Amills los Diputados no estorven el que se haga la feria en el sitio que se dice de Canedo conformidad de la real Cedula del año pasado de mil quatro cientos ochenta y tres. Relaciones de los Señores Don Jose Marin, Don Garcia de Peralta, Coruña y Diciembre nueve de mil siete cientos veinte,, en segunda dice el motivado Anonimo que habiendo suplicado de estos autos los vecinos, sin espresar de donde dio otra confirmando el anterior y ultimo añade que habiendo acudido los de Puenteareas al real Tribunal refiriendo estaban en posesion de hacer un Mercado en el Campo de la Feria de otro pueblo cada semana y la Ley Real es la cedula de arriba ordenaba lo mismo: mandó en su Vista el Real Acuerdo que ninguno les perturbase en el Mercado espresado de cada semana, que la Justicia lo efectuase, y los de Puenteareas que no pagasen vasallage, ni tubieren, nicogieren libro alguno de Ventas de los Condes de Salvatierra, esto de fé escrito el referido Anonimo sin manifestar el tiempo en que pasó lo relacionado, ni individualizar mas la materia para que pudieremos formar nosotros ahora una cabal idea delo sustancial sobre que versaba este pleyto: no obstante por lo que podemos inferir parece fue este el tiempo en que los de Puenteareas pretendian, y por fin consiguieron trasladar aquí la feris: y que sobre la celbracion del Mercado en la motivada Villa habia oposición; pero esto ultimo ha sido con mucha posteridad al Auto de la Real sala del año 1720 por que ala sazon aun no se hacia la Feria en Puenteareas, sino en los Canedos."

Claudio González Rodríguez en su obra **"Historia de Ponteareas"**, dedica un apartado al ***"Escudo de Ponteareas"*** recoge una síntesis de lo conocido y publicado al respecto sobre ello. Claro esta transcribe Avila y la Cueva, muestra una serie de sellos municipales sobre el Ayuntamiento de Ponteareas desde su nacimiento hasta la actualidad. Aporta el dibujo realizado por el heraldista Jaime Bugallal Vela y su interpretación del ramo de laurel, por el cambio de la rama de olivo con fruto y rama de caña.

La trascripción de Francisco Avila y la Cueva, en el capítulo 10 Villa de Puenteareas, del tomo II de su ***"Historia Civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su Obispado"*** manejo los archivos de las Diocesano, feligresías entre los años 1832 y 1854. En la página 219, dice así, ***"…Hace por armas de blason en escudo campo azul celestre un puente de dos ojos sobre aguas, en la extremidad de la izquierda una ermita con espadaña dando al frente al puente, en el medio de este un Leon rapante con la espalda buelta a la ermita, y sobre el Leon un letrero formado medio circulo que dice Puenteareas, y orlado ó laureado el escudo con dos ramos berdes de laureles, uniendo estos las extremidades inferiores debajo del puente y aguas, y las puntas en lo alto del escudo. Cuyas armas tomó de muy***

pocos años á esta parte: el puente sobre aguas en memoria del que está ala salida del pueblo que dio nombre á la Villa, la ermita por la de Nuestra Señora de los Remedios que halla inmediata á aquel por si izquierda; y el Leon con la cola sin mas significado que el haberlo ordenado asi la Justicia y Ayuntamiento del presente pueblo; no obstante debemos supones que el Leon demuestra defender la entrada á Puenteareas por su puente."

En 1876, el escultor y maestro de obras por la Academia del Rosario de La Coruña, Ignacio Cerviño Quinteiro remata una obra encargada por la Corporación Municipal aprobada en Pleno, la ***Fuente de la Fama,*** en el Barrio del Puente, al

lado de la Capilla de los Remedios, en su fuste frontal, esculpe un bajo relieve con el escudo de Pontearéas, pero una pequeña diferencia, cuatro arcos en su puente y ausencia de ramas de laurel.

Durante la II República, a Benjamin Quinteiro Martínez se le encarga la obra en relieve del escudo de Pontearéas, para coronar la hornacina circular de la fachada de la casa Consistorial. Esculpió la obra tal como llego a nuestros días, pero en los primeros años del franquismo, la Corporación municipal acordó cambiar la corona real abierta o antigua, por la corona real cerrada.

Aunque el escudo es aprobado por la Corporación Municipal en el Reglamento de honores y distinciones del 6 de noviembre de 1974, y aprobado por el Ministerio de Interior del 27 de enero de 1978. Se aprueba el diseñado por Jaime Bugallal Vela en 1972 y publicado en la revista **"Lonxe da Terriña"** con la leyenda ***"COMO PARECE QUE DEBE SER EL ESCUDO DE PUENTEAREAS"***. La interpretación recogida en la "Historia de Puenteareas", donde la explicación recogida del nuevo escudo oficial por Clodio González en 1983, dice así. ***"Este escudo sufrió diversas modificaciones***

Actual escudo de Pontearéas según el heraldista Jaime Bugallal Vela, ("Lonxe da Terriña…" , 1974)

desde mediados del s. XIX: primero perdió la cartela con el nombre de la villa, luego fueron sustituidas las ramas de laurel de la orla por una de caña (en recuerdo de las dos parroquias de Canedo), y otra de olivo (por los olivares que hubo en la zona en otros tiempos, de lo que son testimonio las tres parroquias denominadas Oliveira timbrado con la corona real (…/…) El actual se diferencia del anterior en que tiene escudo-soporte, donde están representados el puente con el río, la capilla y el león. Además está timbrado o rematado por una corona real, recordando la condición de reino que tiene España."

La realidad histórica de nuestro escudo se encuentra marcada por el cambio de lugar de ***"…el Castillo y fortaleza de Sobroso á quien sustituye hoy en jurisdicción Puenteareas fue donado con la tierra de su comprensión y señorio(…/…) los Señores Condes de Salvatierra: en segundo pasó á ser Marquesado con la denominación de Sobroso (…/…)los quales han sido siempre los Señores temporales de la jurisdicción de la presente Villa, y como nombravan aquí Justicia, ponian escribanos y mas funcionarios publicos, en cuya posesion estuvieron hasta el año de 1811. en que las Cortes del Reyno derrogaron en España todos los Señorios territoriales como en otro sitios…"*** *En otra parte de este capitulo dice:* ***"…es Puenteareas hoy en dia cabeza y capital de la jurisdición y partido civil de su nombre que antes se dio de Sobroso por razon del castillo asi nombrado sito en la parroquia de San Martin de la Portela: gobernase por un Juez Ordinario con dominio por lo contencioso politico y gobernativo no solo en la villa si no tambien en las feligresias y lugares de (…/…) Su Ayuntamiento se compone de dicho Juez, que es el presidente, quatro regidores que antes nombravan los Condes de Salvatierra como Marqueses de Sobroso, dos Diputados del comun y dos Procuradores sindicos generales que eligia el pueblo, todos ellos de tres en tres años."***

Todo lo dicho nos matizaría, el Bienio Liberal, cuando Avila y la Cueva se encuentra recogiendo notas de campo para su trabajo en Pontearéas. El simple hecho –de la corona de laurel– muestra el triunfo de la libertad y de la victoria. En antropología del antiguo Reino de León, un ramo de laurel símbolo de una nueva entrada en el nuevo Partido Judicial de Puenteareas: toma de posesión de autoridades, recibientes en la Villa de Puenteareas, así como la forma oval del ramo abajo se corona con la forma oval de ***PUENTEAREAS***. La capilla con espadaña, y hueco para el reloj de la Iglesia nueva colocado en 1818, el León de oro y espaldas representa al Reino de León, así como los paños de los doseles del balcón del Ayuntamiento son del color que representan al Reino de Castilla, el color morado o añil. El puente de dos arcos, el de la Villa de Puenteareas. Un blasón de campo azul, el antiguo Reino de Galicia. Las ondas del agua azul y plata. La incorporación más moderna sea la Corona Real cerrada.

Conocemos indirectamente las citas que se hacen con referencia al escudo del geógrafo Alvárez Limeses en su artículo ***"Provincia de Pontevedra"*** de la obra **"Geografía del Reino de Galicia"** dirigida por el geógrafo Carreras y Candi, muy precisas coincidentes con la descripción de Francisco Avila y la Cueva.

Al cronista Oficial de la Provincia de Pontevedra, José Filgueira Valverde, le encargara la Corporación Municipal, en los años cincuenta, un estudio sobre nuestro escudo, incorporada dichas conclusiones a la primera Ordenanza de Honores y distinciones, conocemos sólo el encargo, desconocemos las conclusiones presentadas en su día por el Cronista.

Podemos afirmar que el color de la bandera de Pontearéas, desde tiempo inmemorial, es el de la Corona de Castilla y su escudo el descrito por Avila y la Cueva, complementado por el preciso relieve escultórico de los años 1930 de Benjamin Quinteiro Martínez, con una Corona Real cerrada.

Pontearéas na Festa da Cerveza de Munich (Alemaña)

■ **Xoán Xosé Pérez Labaca**

¡Como pasa o tempo! Xa fai vintecinco anos que a Coral do Centro Artístico Sportivo de Pontearéas fixo unha viaxe memorable por Europa. Foi a primeira saída, no mes de setembro do ano 1987, que se fixo máis alá dos Pirineos e dela, aos participantes, lle quedaron recordos imborrables

moitos dos que hoxe traemos a estas páxinas. Eran anos cando a emigración galega a Europa estaba no cumio e era o sono de toda agrupación artística ir por alá a levarlle aquela xente un agasallo da terra en forma de baile ou de canción.

O motivo desta viaxe da Coral foi por mor dunha invitación que chegoulle á alcaldía da Peña Galega de Munich. O entón alcalde José Castro Alvarez chamou ao presidente da masa coral Luciano Doval Mera, e unha vez informado este mailo director, Angel Viro Caamaño, puxéronse a traballar para levar adiante esa proposta,

A cousa non era fácil pois tiña moita tela que cortar, pero sacando dun lado unhas fiascas e doutro lado outras poucas, xunto cuns aforriños que tiña Luciano reservados organizouse esta saída cara a Europa central polo que os ensaios entraron nunha fase ata aquel momento descoñecida pois non foron soamente polo número, qué se duplicou, senón pola calidade que esixía o director para estar en plenitude de forma nas vindeiras actuacións,

Non vou a falar hoxe dos aspectos artísticos nin dos éxitos acadados na viaxe, que foron moitos, senon contar algunhas singularidades e anécdotas daquela 'tournee'.

Saíuse de Pontearéas en dous autobuses, un da Deputación Provincial pois para iso o alcalde era Vecipresidente e o outro da Empresa Ojea, Nun ían todos membros da coral cos, nalgúns casos, seus cónxuxes e no outro o resto dos coralistas, os acompañantes e os gaiteiros do grupo "Beiramar" de Marín que en seguida conectaron perfectamente coa xente pontearéa. Saíuse de mañanciña de Pontearéas para atravesar o Padornelo e a Canda para seguir por terras castelás rumbo a Francia para logo seguir a Suíza pasando pola fronteira catalana da Xunqueira.

Don Enrique Rodriguez Troncoso na súa publicación "Lonxe da Terriña" dese ano recolle esta viaxe así (sic): "... Pero sin duda la gira artística más importante de todos los tiempos fue la que realizó la Coral en el mes de septiembre a Munich (Alemania) invitada para participar en la fiesta de la Cerveza, de renombre mundial. Fue un viaje de siete mil Kms. en el que participaron 90 personas y tuvo también una clamorosa actuación en la Plaza de San Marcos de Venecia.

La invitación partió de la Peña Gallega de Munich. El viaje se realizó por tierra y en dos autobuses. Momento sensacional fue el encuentro en el Lago de Bañolas con Alvaro Pino, lider ya de la vuelta ciclista a Cataluña; las aclamaciones y sones de las gaitas encendieron el coraje e nuestro paisano que animado por ello tuvo aquel dia un resonante triunfo en la etapa contra reloj, decisiva en la vuelta".

Preciosa esta narración de Don Enrique pero imos ir por partes debullando pouco a poco o desenrolo da viaxe. O entón alcalde Pepe Castro xa tiña metido na cachola de

ir mirar o final de etapa a Bañolas o que, desde logo, foi un acerto pleno. Para Alvaro Pino foi unha satisfación notarse arroupado por tantos veciños que coreaban, ao son das gaitas, o seu nome ante tantos afec-

cionados cataláns abraiados e marabillados e, como é norma nel, puxo todo da súa parte para resultar vencedor, como así foi. Momentos entrañables para todos nos que aproveitamos, á parte de darlle os nosos parabéns, para sacar unhas fotos con él.

Continuamos para chegar a Suíza facendo noite en Ginebra, esta é unha preciosa cidade capital do cantón do seu nome. É a cidade máis grande de Suiza despois de Zúrich. Está situada na desembocadura do lago Lemán ao río Ródano, estando casi por completo rodeada de territorio francés.

A viaxe a través do territorio suízo foi de cine pola paisaxe extraordinaria de alta montaña, seu verde e seus bosques ata que entramos na Baviera alemaña, cunha paisaxe tamén preciosa, para chegar a Munich. A Múnich lle corresponde ser sede do parlamento e goberno pola súa condición de capital do estado de Baviera e ven sendo a terceira cidade de Alemaña polo número de habitantes.

Hai que sinalar que os membros da coral foron aloxados en dous ximnasios. Un foi para as mulleres e o outros para os homes. Se durmiu sobre colchonetas no chan, equipadas con saco saba, cobertor e almofada tendo uns bos servicios hixiénicos con duchas. Foi a primeira vez que estivemos aloxados, sen o máis mínimo problema, dese xeito e foi, penso que para todos, unha experiencia extraordinaria, onde quedou demostrada, unha vez maís, a grande sintonía de convivencia que existía entre os compoñentes, homes e mulleres, da Coral polifónica pontearea.

En Munich a Coral tivo tres actuacións: a primeira o día 18 na igrexa da Misión Española abarrotada de galegos sendo presidido o acto relixioso polo actual Arcebispo de Madrid Monseñor Rouco Varela, daquela Arcebispo de Santiago. A segunda foi o sábado 19 no Munumental Circo Krone onde acadaou un éxito sonado e a derradeira participación foi no desfile do domingo, do que un pouco máis adiante trataremos.

Na Festa da Cervexa de Munich como datos curiosos quero sinalar os seguintes: No sábado, comezo das festas, o alcalde da cidade abre ás doce en punto o primeiro barril de cerveza na carpa Schottenhamel (O recinto feiral está cheo de carpas xigantes, tan grandes como campos de fútbol). Desa forma inaugura a festa ao berro de "O 'zapft is!", que significa "Xa está aberto". Inmediatamente despois disparan doce salvas de cañón, que é a sinal de que poden comezar a servir. Segundo a tradición, o alcalde bebe a primeira xerra que leva un litro de cervexa. Despois xa son abertos os barrís das demáis carpas e se sirve cervexa aos asistentes que son miles. Ano tras ano, todos están ansiosos por saber cantos golpes necesitará o alcalde para abrir o barril e incluso fanse apostas a ver quen acerta.

Co gallo desas celebracións hai un desfile multitudinario anual. No primeiro domingo das festividades, oito mil participantes visten os traxes de festa históricos e desfilan desde o pazo Maximilianeum ata o recinto onde ten lugar o festival, o que supón un recorrido de sete kilómetros, como mínimo. Preside os desfile a pe, o moneco chamado Münchner Kindl, "neno de Munich" que é o símbolo do escudo de armas da cidade, seguido por las autoridades municipales y da rexión de Baviera, e despois os grupos con traxes tradicionais, sociedades de tiro, abandeirados, charangas, bandas musicais e aproximadamente corenta carruaxes de cabalos luxosamente adornados. A maioría das asociaciones e grupos participantes son de Baviera, pero tamén doutras partes de Alemania, de Austria, de Suiza e do norte de Italia, así como doutros países europeos como foi o noso caso que desfilamos bizarramente, cos nosos traxes galegos, dando unha nota de alegría, coa música das gaitas e os aturuxos, no medio de aquela xente tan seria e formal, polo que fomos moi aplaudidos polos espectadores e onde de entre os sesenta grupos participantes foron seleccionados os quince mellores sendo o grupo de Ponteareas un deles, polo que foi premiado e gabado.

Atravesar Austria foi unha ledicía por todo o maraviloso que é aquel país, sobre todo da rexión do Tirol, onde se confunden os vales inmensos coas cimas dos montes dos Alpes. Alí en Austria visitamos a cidade de Innsbruck, capital do Tirol, que nos sorprendeu pola beleza en rúas, prazas, parquess, xardíns e a súa riqueza en edificios monumentais tanto civís como relixiosos. Innsbruck é, sen dúbida, unha das cidades máis idílicas de Europa estando enclavada no mesmo corazón dos Alpes.

O resto da viaxe foi practicamente de facer turismo agás a cidade de Venecia onde na lexendaria Praza de San Marcos, se deu unha actuación memorable ao aire libre ante miles de turistas de todo o mundo e onde, por certo, os establecenetos hosteleiros pecharon, facendo un alarde inusual extraordinario, incluso as terrazas mentres durou o concerto. Algo irrepetible.

En Venecia con miles de visitantes do mundo enteiro fixose unha visita a cidade indo cada un por onde lle petaba. Cerca da Ponte dos Suspiros, monumento singular, atopamos a Pianito e a Lázaro vestidos co traxe rexional galego, pois non se cambiaran, aos que por estar así vestidos eran presa doada dunha multitude de fotógrafos turistas, case todos xaponeses, que crían que os traxes eran tipicos daquela cidade.

O regreso fixose con tempo para visitar a maior cidade industrial de Italia que é Milán, capital da rexión da Lomardía, onde poidemos visitar a súa catedral, soberbia construcción gótica sendo un dos máis grandes templos do mundo e tamén a famosa Galeria Victor Manuel, centro comercial espello da moda no mundo enteiro.

Outra parada significativa foi a de Mónaco. Alí, en Montecarlo, atópase o seu mundialmente coñecido Casino, que tivemos a oportunidade de visitar, e o seu porto das mellores embarcacións privadas do mundo. Montecarlo sigue a ser a sede dun evento deportivo mundiamente famoso como é o circuito urbano, polas rúas da cidade, da carreira automovilística de Fórmula I.

Ya en España, a derradeira parada turística foi en Zaragoza onde se visitou o templo basilical da Virxe do Pilar onde a Coral cantou unha Salve.

En definitiva foi unha viaxe que por moito que se intente, en condicións similares, non se volverá a repetir e onde a masa coral e o grupo acompañante de gaitas Beiramar de Marín, deixaron o nome de Galicia e o de Ponteareas moi alto. ¡Feliz aniversario!

O Colexio da Inmaculada, patrimonio de Pontearéas

■ **Rosa María García Otero**

O Colexio de La Inmaculada, coñecido como o Colexio das Monxas, é unha institución moi popular no concello de Pontearéas, pero realmente coñecemos o que significa para o pobo de Pontereas esta Institución e por que dicimos que é un patrimonio de todos os pontareáns?

Pouca xente sabe que o colexio de la Inmaculada posúe unhas características moi particulares, xa que non ten un propietario, senón que pertence a unha fundación sen ánimo de lucro que ten como única actividade este centro escolar.

Para poder comprender ás súas peculiaridades temos que retroceder na historia ata o ano 1901, cando D. Félix Rodríguez González doou os terreos onde se asenta o colexio.

D. Félix Rodríguez González naceu o 1 de agosto de 1834 e era natural de Tui. Comerciante de profesión e home de profundas convicciónns relixiosas realizou diferentes doazóns, destacando uns terreos en Tui destinados a hospital e inclusa, edificio que ocupa actualmente o edificio da Área Panorámica.

No ano 1901 D. Félix Rodríguez González doa, ante notario, un terreo da súa propiedade, en beneficio do párroco de Pontearéas, D. Francisco Javier Pimentel y Chapela, co desexo e condición de que a finca doada tivese como finalidade a creación dun hospital de beneficencia e centro gratuito de ensino para nenas pobres.

No documento de doazón estipúlase que, se nalgún momento, esta finca se adicara a outros fins, quedará sen efecto a doazón.

Así comenza a súa andadura no ano 1901 o Colexio de La Inmaculada.

Nos primeiros anos, ata 1910, este colexio foi rexentado por unha monxas francesas das que apenas queda información. A partir de 1910, e grazas á intervención dos Pais Franciscanos de Canedo, o colexio pasa a estar dirixido e administrado polas relixiosas Franciscanas baixo a advocación da Divina Pastora.

Os inicos do colexio non foron doados xa que o colexio estaba totalmente desprovisto de mobiliario e dotacións. Foron as Nais Gabriela Treviño e Javiera Torres xunto coas Nais Marcelina Arce, Magdalena Fernández, Covadonga García e Verónica Illera as que puxeron en marcha esta nova etapa do colexio.

O primeiro que fixeron foi abrir a clase gratuíta para nenas e solicitar ó Bispado a concesión dun oratorio onde se celebrará o culto.

No ano 1927, redáctase unha escritura pública onde se recollen as bases da Fundación que rexirá o colexio dende ese momento, pero será a partir dunha orde do ministerio da Gobernación de xuño de 1933 onde se recoñece a doazón como unha Fundación que debe cinguirse aos seguintes principios:

1. *Que se clasifique como de beneficencia particular la fundación establecida por D. Félix Rodríguez González, en la villa de Pontearéas.*
2. *Que se confiera el Patronato interino de la institución a la Junta Provincial de Beneficencia con la obligación de formular presupuestos y rendir periódicamente cuentas al protectorado.*
3. *Que se inscriba en el registro de la propiedad dentro del término de un año, a nombre de la institución la finca que constituye su única donación permanente (…)*
4. *Que se gestionen las cooperaciones precisas para que la institución realice los fines de hospitalización de enfermos(…) independientemente de la aplicación que tenga la prohibición que para el ejercicio de la enseñanza impone a las comunidades religiosas la reciente ley votada por las Cortes constituyentes(…)*
5. *Que se respete la existencia del convenio celebrado por la Fundación con la Comunidad de Religiosas Terciarias Franciscanas que ocupa la finca para que esta se encargara de realizar los fines fundacionales benéficos o docentes, sin perjuicio de las prohibiciones o limitaciones que las leyes impongan.*
6. *Que se de traslado de esta resolución al Ministerio de Hacienda a los efectos oportunos.*

Pontevedra, 26 de junio de 1933
El Gobernador Presidente

No ano 1972 as Nais Franciscanas deciden deixar a dirección do centro debido á falta de vocacións que afecta a toda a Congregación Franciscana, abríndose así un novo período de incerteza para o futuro do centro.

Será a figura entrañable do párroco de Pontearéas, D. Enrique Rodríguez Troncoso, quen realice as xestión co Bispado para conseguir unha nova orde relixiosa que se faga cargo da dirección do colexio, xa que do contrario corre o risco de desaparecer.

Inícianse así as conversas entre D. Enrique e o Pai Cornelio, fundador do Instituto Secular "Vita et Pax", Institución que se fará cargo da dirección do centro escolar. No curso 1972-73 chegan a Pontearéas como representantes as mestras Mª del Carmen Fernández e Mª Consuelo Amorós.

Grazas á presenza do Instituto "Vita et Pax" e o labor realizada por un grupo de mestras dirixidas pola Señorita Consuelo o colexio de La Inmaculada afiánzase e modernízase.

Conseguen da Delegación Provincial de Educación a gratuidade para toda a primaria etapa de Educación General Básica e a transformación de colexio en centro completo de EXB.

En 1973 constitúese o APA, soporte importantísimo xa que é o encargado da xestión administrativa e económica do centro.

No ano 1984, tanto o "Instituto Vita et Pax" como a APA comenzan a facer as xestións para que o Padroado Interino da Xunta Provincial de Beneficencia, fundado no ano 1972 fose definitivamente substituído por outro padroado definitivo. O 25 de abril de 1985 a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia resolve favorablemente a constitución definitiva do Padroado da Fundación Félix Rodríguez González.

Este padroado estará constituído polos seguintes membros: Delegado de Educación da provincia de Pontevedra, Alcalde de Pontearéas, Xuíz de Primeira Instancia, Notario, Cura Parroco, Director docente do colexio e Presidente da Asociación de Pais de alumnos.

En outubro de 2004 o "Instituto vita et Pax", a causa de falta de vocacións , deciden deixar o colexio, iniciándose un novo proceso de cambio de titularidade, pasando a Xunta de padroado da Fundación Félix Rodríguez González.

Actualmente é o claustro de profesores xunto co padroado da Fundación Félix Rodríguez González e a Asociaición de Pais / nais as bases nos que se sustenta esta Institución do Colexio de La Inmaculada.

Dende aquí quero rendir unha sinxela homeaxe a todas as persoas que tiveron relación con este colexio e que, grazas á súa xenerosidade, esforzo e dedicación fixeron posible que Pontearéas conte con esta Institución que é de todos. Facendo especial mención a Don Félix Rodríguez González sen o cal este colexio non sería posible.

Xinzo! Nome xove en canto á historia da nosa freguesía

■ **Xoán Ibáñez Rodríguez**

Repasando os arquivos históricos da nosa freguesía (parroquia) de Ginzo, atopámonos que na antigüidade, no inicio da súa existencia, o primeiro nome que se lle deu polos seus primeiros poboadores foi o da súa patroa, Santa Mariña.

Esta Santa foi unha mártir galega moi popular en distintas parroquias. Segundo a lenda relixiosa, o nome de Santa Mariña, como patroa da parroquia dise que provén duns carboeiros nómades que se asentaron no val do río que atravesa este lugar, traendo consigo os seus costumes relixiosos e conservando a súa propia patroa .

Atopámonos con tres testemuños arqueolóxicos que dan credibilidade deste asentamento:

No lugar onde estivo a igrexa naquela época, atopáronse séculos mais tarde, facendo uns traballos agrícolas, restos de tres sepulturas, que nos manifestan que alí tamén estaba a súa quintá (cemiterio arredor da igrexa). Tamén apareceron restos de tellas e outros materiais. Isto pódese testemuñar coa información recollida no Arquivo histórico Diocesano de Tui e coa información dos veciños que fixeron estes labores.

Antigo Calvario (Cruceiro de Santa Mariña). Este resto arqueolóxico situase nun outeiro ao sur de dita Igrexa, a uns cento cincuenta metros de distancia. O pedestal deste cruceiro coas súas escaleiras foi tallado nun penedo nunha soa peza, grazas a este motivo débese a súa conservación. O camiño que os unía coñécese como a Costa do Calvario (Costeira de Santa Mariña).

Entre estes dous lugares atópase a veiga chamada "O Campo do Abade", situada entre o río e o camiño que vén da antiga Reitoral do Salgueiral[1]. Este camiño tamén puido ser un viacrucis debido aos distintos elementos que se atopan no seu percorrido.

O nome da súa patroa, Santa Mariña, foi acompañado de Espiñeiros, lugar onde se atopaba a Igrexa naqueles tempos. O topónimo de Espiñeiros pódese deber a que era zona de arbustos e árbores con espiños e plantas de escaramboeiro ou estripeiro,

FOTO: ANDRÉS SAMPEDRO

Os tres pés das cruces do Calvario de Santa Mariña de Espiñeiros.

[1] Documento de 1693

da familia das rosáceas; moi abundantes aínda hoxe nos nosos montes.

Investigando noutras fontes de información esta freguesía que se coñecía co nome de Santa Mariña de Espiñeiros, nun principio estivo aforada ao Mosteiro de San Miguel de Canales (Cans), situado nun monte chamado "Maun y Cristobail y del Casal de Froila", coñecido posteriormente como "Coto de Cans", o que pagaban os seus décimos (impostos). Tal mosteiro era filial do de Melón de Ourense, pertencentes á orde cisterciense e foi unha doazón do rei Alfonso VII á citada orde no ano 1151. (Dato do libro "El Valle de la Louriña", bosquejo histórico de José Espinosa Rodríguez. Editado en Santiago de Compostela en el año 1944. Tip de "El Eco Franciscano").

Segundo outros datos encontrados, referidos ao marqués de Sobroso Don Diego Sarmiento de Sotomayor, vasallo do rei Enrique IV, que era tamén Señor de Sobroso, Petán, Deva, Valle de las Achas, Cavadoso, La Bandeira, Mouriscados e Ginzo e a súa Dona Leonor, sabemos que foron seus descendentes: García, Diego e Pedro, señor de Ginzo, finado en 1485 sen descendencia. Foi a partires desta data e coa titularidade de Don Pedro señor de Ginzo cando aparece o noso topónimo.

No Arquivo Eclesiástico de Tui, así como na "Historia Civil y Eclesiástica de Tuy y su Obispado", debida por F. Ávila y La Cueva no ano 1852, recóllese o seguinte texto:

"De la antigüedad fue conocida la presente parroquia con el nombre de Espiñeiros, y así la expresa el Sínodo Diocesano que celebró el Señor Obispo don Diego de Avellaneda en el ano de 1530[2], pues asistió a él Vasco Lorenzo cura de Espiñeiros: y así también la nombran bajo la invocación de Santa Marina, las escrituras y documentos más antiguos que se conservan en su misma iglesia, y son de principios a mediados del siglo 16. Años adelante dentro del propio Siglo ya la decían Santa Marina Espiñeiros de Ginzo, y el Señor Sandoval la expresa Piñeiros de Ginzo: pero en nuestros días, y aun de porción de años a esta parte es conocida con solo el nombre de Ginzo. En aquel citado Siglo esta parroquia era por lo general una montaña áspera, intransitable, de corto vecindario y muy poca producción como consta de la Santa Visita que hizo en ella el 25 de Noviembre de 1586, el Licenciado Juan de Guimicio Visitador general de este Obispado, en que dice que su población se componía entonces de cosa de 60 vecinos, y que el beneficio valdría 200 ducados[3] y en uno de los mandatos expresa literalmente esto, otro si mandó á dichos feligreses, atento que la dicha feligresía es montaña y áspera, procuren tener siempre que fuera menester los caminos bien aderezados y desocupados para que cuando el dicho cura llevare los Santos Sacramentos vaya sin peligro, y esto se haga so pena de excomunión mayor, y de seis ducados aplicados ut Supra, cuya visita existe original en los libros de la propia Iglesia. Pero hoy en día por beneficio del cultivo se haya muy mejorada, pues toda ella está cultivada, y produce con mucha abundancia vino y todo género de frutos. Reconoce por patrón tutelar a Santa Marina virgen y Mártir gallega, que celebran su fiesta a 18 de julio. Habítanla actualmente 240 vecinos, que corresponden por lo contencioso político y gubernativo a la jurisdicción de Puenteareas: producen sus diezmos 24.600 rrs[4], que percibe insolidum el Párroco: quien tiene Casa Rectoral iglesario y diestros de 28 ferrados y medio de pan en semiente, los 18 son por el sitio donde estuvo la Iglesia vieja o primitiva llamada de Santa Marina. La Fábrica de la Iglesia no cobra renta alguna. Este beneficio es presentación del Conde de Salvatierra. Dista de Tuy tres leguas."

FOTO: ANDRÉS SAMPEDRO

Camiñada polo antigo viacrucis que partía da igrexa de Santa Mariña de Xinzo.

A toponimia celta dinos que o nome de Ginzo vén do deus mitolóxico Poseidón[5]: señor dos mares, ríos, lagoas e lameiros. Pode que o noso pobo, motivado pola súa situación xeográfica, un val rodeado de montes con moitos nacentes de auga, fora un lugar idóneo para o seus primeiros poboadores.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística cambiase a nomenclatura de Ginzo a Xinzo a partires do ano 1998, no cal se lle deu a tradución ao galego.

BIBLIOGRAFÍA

SAMPEDRO, ANDRÉS. 2010. "Calvarios do Condado e A Paradanta" *Actas do II Congreso Galego sobre "Cruceiros e Cruces de Pedra"* pp. 250-251.

SAMPEDRO, ANDRÉS. 2011. *Os calvarios do Condado e A Paradanta,* pp 112-114.

SAMPEDRO, ANDRÉS. 2012. "Experiencia didáctica arredor dun Viacrucis. O caso de Xinzo (Ponteareas" *Actas do III Congreso Galego sobre "Cruceiros e Cruces de Pedra"* pp. 114-123.

[2] Reinado de Carlos I (1616-1558)

[3] Moeda equivalente a 11 reais da época

[4] Real de Vellón equivalente a 64 maravedíes

[5] Deus da mitoloxía grega

Novas aportacións ao inventario xeral das fontes do Concello de Ponteareas

Fonte de Fraga do Rei (Santiago de Oliveira)

■ **Andrés Sampedro Fernández**

Un dos destinos da auga aflorada de maneira natural é o subministro das fontes publicas. O número destas fontes actualmente inventariadas e incluídas no Plan Xeral de Urbanismo do Concello de Ponteareas é de 64 unidades, aínda que este número é menor que a totalidade das existentes no termo municipal, nesta achega rexístranse todas aquelas fontes públicas dotadas dunha maior ou menor infraestrutura, que se esparexen por todo o territorio municipal, este censo constatou, a día de hoxe, a presenza de 279 fontes públicas.

Algunhas parroquias tiñan problema de afloramento de mananciais naturais para o subministro de auga, polo que tiveron que recorrer á construción de pozos para abastecerse de auga aos que lle instalaban unha bomba, como por exemplo o construído polos veciños de Rañe de Abaixo na parroquia de San Martiño de Moreira, o do Igrexario de Santa María de Areas e os existentes no casco urbano de Ponteareas.

A continuación enuméranse as fontes existentes no termo municipal, empregando a denominación da que fan uso os veciños do lugar no que aflora a devandita fonte e ordenadas alfabeticamente as parroquias:

1. San Pedro de Angoares

FONTE DA ARTESA, FONTE DE COVAS, FONTE DA RANA, FONTE DA SAPEIRA, sita no barrio das Searas; FONTE NOVA (Piñeiro, 1983:49); FONTE DE TIROJA OU RIOJA (Piñeiro, 1983:53); FONTE DE BROVAS barrio de Carballal.

2. San Breixo de Arcos:

FONTE DE GÁNDARA, sita no barrio de Gándara; FONTE DE CARRABAL, sita no barrio de Correlo; FONTE DE CANLES, sita no barrio de Serra. FONTE DE MINA, no lugar de Serra (inventariada coa clave: 02.08.06).

3. Santa María de Areas

FONTE DE SANTIMOURO, sita no barrio de Alemparte; FONTES DOS CAÑOTOS e FONTE DE VILA, sitas no barrio de Augalevada; FONTE DA ESCOLA, sita no terreo da escola unitaria no barrio de BAZOCA; no barrio de Ganade: A MINA (inventariada coa clave: 03.04.07); FONTE DE BOUZAVELLA, FONTE DA DEVESA, FONTE DA REGUEIRIÑA, FONTE DO CONDE en Fontenla de Arriba. FONTE DE GÁNDARA, sita no barrio de Gándara; FONTE DAS COVAS, barrio da Lomba; BOMBA DO IGREXARIO; FONTE DE CABREIRA e FONTE DO LOÑO en San Brais.

4. San Lourenzo de Arnoso

FONTE SANTA; SOUTO DA PRESA, sita no barrio da Igrexa; FONTE DE BOSENDE; FONTE DO SOUTO DA PRESA, tamén chamada FONTE DE GENEROSA FORTES; FONTE DO PORRIÑO; FONTE DA VICHIÑA; FONTE DO OUTEIRIÑO; FONTE DA LAVANDEIRA; FONTE DO TOUREDO; no deslinde da parroquia no Interrogatorio do Marqués de la Ensenada no 1753 figuraba a: FONTE COBA".

5. Santa Cristina de Bugarín

FONTE DA PALOMA, sita no barrio da Gándara; FONTE DA LAMA, sita no barrio de Viñal; FONTE, sita no barrio de Quintela; FONTE DO CASAL, sita no barrio de Camondes; FONTE DA CAÍÑA, sita no barrio de Chan; FONTE DA POZA DE NAVÁS; FONTE DO PACHÓN; FONTE DE FÁTIMA, instalada ao carón da capeliña do seu mesmo nome á beira da estrada PO254.

6. San Fins de Celeiros

FONTE DE REQUEIXO, sita no barrio de Requeixo (clave inventario: 06.05.01); FONTE DELGADA, sita no barrio do Chan; VAL DA FONTE, sita no barrio de Soutelo; FONTE DE OUTEIRO, sita no barrio de Outeiro.

Bomba da Praza de Bugallal (San Miguel de Ponteareas)

7. San Salvador de Cristiñade:

POZO DO TOMBO, sita no barrio de Cribeiro; FONTE DA PRESA, sita no barrio de Outeiro; FONTE MARMENXA, sita no barrio de Paseo; FONTE DE AGUALIÑA, sita no barrio de Porteliña; FONTE DE SEQUEIROS, no lugar de Sequeiros; FONTE CANEIRO e FONTE DA CAPILLA, sitas no barrio de Soutovidal; FONTE, no lugar de Torre; FONTE DE URCELA, sita no barrio de Urcela; no Inventario Municipal aparece coa clave 07.06.06 FONTE DO VAL, situada no lugar do Val; FONTE VIEITA "que es esta el riego que va a regar a Busqueiro por el riego de arriba" (Piñeiro, 1983:113); FONTE NO PARQUE DA FRAGA DO REI; FONTE DA PEDREIRA.

8. Santo Estevo de Cumiar

FONTE DAS EIRAS; FONTE EN MARTÍN; FONTE DE CARBALLAS ao carón da antiga escola unitaria de Cumiar; FONTE DE BARREIRO, no Barreiro; FONTE DE FONTES, en Fontes; FONTE DE ZETA, en Zeta; FONTE SAN AMARO, no San Amaro; FONTE DA FÍCHOLA.

9. San Mamede de Fontenla

FONTE DE NIÑEIRO, sita no barrio de Cornedo; FONTE DE ENTRESUMELA, no barrio de Novexil.

10. San Bartolomeu de Fozara

FONTE DE GORGULLÓN, sita no barrio de Outeiro; FONTE SAN BARTOLOMEU, sita no barrio de Outeiro; FONTE DO SOBRAL, no barrio de Sobral; FONTE do Pozo Publico da Lomba; FONTE DE OVALDO; FONTE DOS PISARES sita no barrio de Outeiro de Castro, coa inscrición: AÑO 1951. No barrio de Borraxeiros: FONTE DO ESCRIBANO e FONTE DO LARGO.

11. San Miguel de Guillade

FONTE DE SANTA LEOCADIA; FONTE DE SOUTO, sita no barrio de Eirado; FONTE DO PÍO e FONTE DO BUCIO, sitas no barrio de Mourigade; FONTE DO PAZO, sita no barrio de Rañó; FONTE DE CRUZ DO VALADO, en Cruz do Valado; FONTE DOS PUZOS, en Viñó. FONTE DE BETEIRO, no lugar de Porto Albelle (citada nunha escritura do ano 963); FONTE DO TILO ou DA ESCOLA, en Rañó; FONTE DO LAVADOIRO no barrio de Pazos; FONTE na Ponte de Xil; FONTE DO FORNO, no lugar do Prado; FONTE DO RATO en Carballede; FONTE DE SAN XOÁN, en San Xoán. FONTE DAS AMEIXEIRAS, en Guillade de Arriba; dúas fontes no CAMIÑO DAS FONTES, de Reimonde a Pazos.

Fonte da Calle de Abaixo (San Miguel de Ponteareas)

12. San Xulián de Guláns

FONTE DO ADRO DA IGREXA, sita no barrio de Casal (lenda inscrita: MCMLIX MARUXIÑA, data coincidente co ano en que D. Feliciano Barrera constrúe as escolas de nenas e nenos para os cativos da parroquia) denominada no inventario de Bens do Patrimonio Cultural Municipal como de Santa Baia, con clave: 12.13.07; FONTE DE CASAL, no barrio de Casal; FONTE DO ARRABAL; FONTE DA BARXA, no lugar de Padrán; FONTE DO PADRÁN ou do COTIÑO, no lugar do Padrán; FONTE DE CERAMÍN, no barrio de Outeiro do Foxo; FONTE DE CABANAS, no lugar de Valiñas; FONTE DE GONDEIRO, no lugar de Provizo; FONTE DE PEREIRIDO; FONTE DE FONTECOVA; FONTE DA CIMA; FONTE DOS CAGOFES, no barrio de Outeiro de Arriba; FONTE DO SALGUEIRAL; FONTE DE XIRONZAS; FONTE DO OUTEIRO; FONTE DE PENADOURO; FONTE DO CREGO, na Costa de Sequeiros, FONTE DO LARANXEIRO na Costa de Sequeiros; FONTE DAS CERQUEIRAS. No barrio de San Martiño de Couso: FONTE DO SOUTO, FONTE DA BARROCA, FONTE DA REGUEIRA, FONTE DO REGUIÑO, FONTE DA FANTEIRA, FONTE A MARUXIÑA DO REGUEIRO, restaurada en 1993, denominada con antelación como FONTE DO REGUEIRO. Dúas FONTES EN SAN CIBRÁN.

Fonte dos Carballos en Canedo (San Miguel de Ponteareas)

13. San Martiño de Moreira

No barrio do Calvario: FONTE DE SAN MARTIÑO ou do IGREXARIO; no barrio da Cañota: FONTE DE MUXÍN; FONTE no barrio de Carballa; FONTE no barrio de Lamas; FONTE DA CARRASCA, sita no barrio de Macadín; no barrio de Muíños: FONTE DA XARELA; no barrio da Peroxa: FONTE MOREIRA; FONTE DA PORTA, FONTE no barrio de Pontillón; no barrio de Rañe de Abaixo: FONTE DO PENDERICO; FONTE DA MUXENA, FONTE DO BOUCEIRO, no barrio do Soutiño.

14. San Salvador de Nogueira

FONTE DE CARRASCAL, sita no barrio de Areo; FONTE do Monte de Abaixo; FONTE DE SANTO CRISTO, sita no barrio do Souto; FONTE DA CAPILLA, sita no barrio de Páramo; FONTE DE PEIZÁS, sita no barrio da Nogueira; FONTE DO SOUTO, no Souto, de 1889.

15. San Lourenzo de Oliveira

FONTE MÓ; FONTE DE PAREDES (inventariada con clave 22.03.01); FONTE DO SOUTO; FONTE DA CARRETERA XERAL.

16. San Mateo de Oliveira

FONTE DE ROZAS ou DA LAMELA, sita no barrio de camiño Piñeiro; FONTE DA LAMELA ou DO CRUCEIRO, sita no barrio de Cruceiro; FONTE DA AVOA, na Cheira; FONTE DA CRISTINA, no barrio da Manga; FONTE DA MANGA, na Manga; FONTE DO REDOLLO, en Penavella; FONTE DA CUÑA, en Cuña; FONTE DE PUMARIÑO, en Esterón; FONTE DA MINA DA CHAN, no barrio da Chan.

17. Santiago de Oliveira

FONTE DE BALONGA; FONTE DE FRAGA DO REI, sita no barrio de Fraga do Rei; FONTE DA PEDREIRA; FONTE DE RABUÑADE; FONTE DA REGUEIRA; FONTE DE ALMUÍÑA no barrio da Iglesia.

Fonte de Mouro (San Salvador de Padróns)

18. San Salvador de Padróns

No barrio de Campolimpo: FONTE DOS BECHOS. No barrio de Castro: FONTE BARREIRO, FONTE DO SOUTO, FONTE DO PAZO. No barrio de Chan de Gándara: FONTE DO BARCO, FONTE DA DEVESA, FONTE DE GABRIEL, FONTE DOS LAMEIROS, FONTE DA RAPOSA, FONTE DOS SALGUEIROS, FONTE DA PRESA, FONTE DO EIDO DE ABAIXO e FONTE DA TILLEIRA. No barrio das Cortellas: FONTE DO BAÑO, no Pozo das Maceiras; FONTE DAS CORTELLAS, no barrio das Casas Novas; FONTE DA SERPE RABELA no Burgo; FONTE DA CAPILLA, no lugar da Capela; FONTE DA REGUEIRIÑA, na Regueiriña; FONTE GRANDE, na Costa da Barra; FONTE DA FRAGA, no Torreiro da Festa; FONTE DAS CHANS, nas Chans. No barrio de Mouro: FONTE DO BARALLOTE, FONTE DE CHARRISCA, no lugar de Mouro; FONTE DA HERMINIA, FONTE DA PRESA DA FONTE, no Eido de Arriba; FONTE DE MOURO, no lugar de Mouro, na que aparece inscrito: FONTE DE MOURO 1959 / ANO 1984. No barrio da Portela: FONTE DE MIXIÑAS, FONTE DA PÍA, FONTE DE RIBALTA, FONTE DO SOUTO, FONTE DA TORRE, FONTE DE BALDEFRIAS; FONTE DA LEBRE, no monte da Lebre preto da Portela camiño do barrio das Cortellas. No barrio da Seca: FONTE DAS DORNAS; FONTE DE BEMPOSTA; FONTE DA CONDESA; FONTE DA IGLESIA; FONTE DE COVELIÑO; FONTE DA SECA; FONTE DO SOLOMBREIRO; FONTE DOS MANTOS. No barrio de Serra: FONTE SANTA (modificada en 1959 e inventariada coa clave 16.13.07).

Bomba do Igrexario (Santa María de Areas)

19. San Cibrán de Paredes

FONTE DE PICOTO, sita no barrio de Picoto; FONTE DE FARCOAL; FONTE DO CURA.

20. Santa Mariña de Pías

FONTE DO CAN, no barrio do Souto (inventariada con clave 18.07.01); FONTE DE ARXÓNS, sita na encrucillada da estrada Ponteareas-Mondariz coa que sube cara á Igrexa, coa inscrición ES DE TODOS YGUALMENTE AÑO DE 1855 (inventariada coa clave 18.06.08); FONTE DA LENGUDA, detrás da Escola Unitaria; FONTE DA BARXA, no lugar da Barxa; FONTE DE CARTAS, en Levosende; FONTE DAS FERRÁS, no lugar das Ferrás; no barrio de Pontecóns: A FONTE, FONTE DO MUÍÑO, FONTE DO PIAL DA PONTE; FONTE DA RIBEIRA, sita no barrio da Cruz; FONTE DOS CASARES, no barrio de Chans; FONTE DE DOCE NOME DE XESÚS, en Troña; FONTE DO EIDO e FONTE DA PRESIÑA, no barrio da Ermida. FONTE DA FONTIÑA, FONTE DA PENA; FONTE DE REQUEIXO en Cima de Vila; FONTE DO PIOLLO, en Souto do Pazo.

21. San Miguel de Ponteareas

FONTE DE BERMÚN, sita no barrio das Cachadas; FONTE DA CHAN, na Picaraña; FONTE DA CALLE DE ABAIXO, sita na Rúa Real; FONTE SAPEIRA, sita na Castiñeira; FONTE DO BARATILLO, sita na Perillana (inventariada con clave 19.06.00); FONTE DA FAMA, sita no barrio da Ponte (inventariada con clave 19.23.02); FONTE DA PRAZA MAIOR; FONTE DA PRAZA DE BUGALLAL; FONTE DA CASTIÑEIRA; FONTE DA MOSCADEIRA; FONTE DOS XARDÍNS DA XIRALDA; FONTE DOS CARBALLOS, en Canedo (inventariada con clave 19.26.03); FONTE DA DEJA; FONTE DO MATADOIRO, en San Vicente.

22. San Nicolao de Prado

FONTE DO CHARCO, sita no barrio do Charco; FONTE DO FEIRÓN, sita no barrio de Outeiro (inventariada con clave 20.02.06); FONTE DE BEATRIZ, sita no barrio dos Ferreiros; FONTE DA REGUEIRA, sita no barrio da Carrasqueira; FONTE DA BALLEA, no parque forestal; FONTE DOS CAGOTES, nos Ferreiros, FONTE DA PELONA, na Pelona; FONTE DE XEIXEDO; FONTE DA MINA DA BOUZA.

23. San Xurxo de Ribadetea:

No barrio da bagañeiras

FONTE NO LAVADOIRO CASA DELFÍN. No barrio da Barca: FONTE DA BARCA. No barrio da Barronca: FONTE DA BARRONCA. No barrio da Barxela: FONTE DO ALCALDE ou FONTE DO FILIDOURO, FONTE DOS ARROCHEIROS, FONTE DE VELLOCAN. No barrio de Bernardos: FONTE DO RANCHO. No barrio de Cillarga: FONTE DO SANTO, FONTE DE COVA REDONDA, FONTE DAS LARADAS, FONTE DO TRIGAL, FONTE DO SOUTO, FONTE DO TELECLUB DAS BARREIRAS. No barrio de Eido Vello: FONTE DE FRIL. No barrio do Igrexario: FONTE DO IGREXARIO. No barrio de Mourade: FONTE DE MOURADE. No barrio das Penas: FONTE DAS PENAS. No barrio de Vilares: FONTE DOS VILARES. No barrio da Viña Vella: FONTE SUBIDA VIÑA VELLA. FONTE DO VIVEIRO; FONTE DA PRÉSA DE FONTÁN; FONTE DO OURO, con inscrición de 1920; FONTE DA PÍA; FONTE DO PRESOTE.

Fonte dos Arxóns (Santa Mariña de Pías)

24. Santa Mariña de Xinzo

FONTE DO CREGO, sita no lugar dos Eidos; FONTE DO LAGO, sita no barrio de Bouzalonga; FONTE DE TENS, sita no barrio da Cividade; FONTE DE FIXÓN sita no barrio de Picoto; FONTE BARXELAS, sita preto da ponte de Barxelas; FONTE DE CANDÁN, sita no barrio da Rocha; FONTE DA VELLA, en Parada; FONTE DE ESTOBAL, sita no lugar de San Pedro de Parada; FONTE DE "BRAJAN" (Piñeiro, 1983:148) denominada actualmente como BRAGÁN; FONTIÑA, na Fontiña.

Por último, só me resta darlle o meu agradecemento a todas as persoas e colectivos que colaboraron no incremento deste inventario.

www.aceroplusdigital.com
folletos carteis revistas carpetas tarxetas...
a solución é a impresión dixital
aceroplus
imprenta dixital

Andrea Vila
www.andreavila.es
Rehabilitaciones
Accidentes de Tráfico
FISIOTERAPEUTA Colegiada nº 738
Centro de fisioterapia
y tratamientos manuales
Cita previa
986 642 656 / 600 826 410
Rúa dos Amieiros, 1 - Bajo
Ponteareas

Nua, Nú
MODA, COMPLEMENTOS Y
TALLAS ESPECIALES
Avda. de Castelao, 15 bajo. Ponteareas. Telf.: 986 65 09 27

bopapel S.L.
Barrio Bargiela, 14 - 36866 Ribadetea - Ponteareas
Telf.: (+34) 986 644 150 - Fax: (+34) 986 641 452
e-mail: correo@bopapel.com

MUEBLES
2000
Muebles para vivirlos
GALEGA
✆ 986 64 24 19 Avenida de Castelao, 8
✆ 986 64 27 02 Ctra. Mondariz Km. 2
PONTEAREAS
Avenida de Castelao, 28
✆ 986 65 94 74
SALVATERRA DE MIÑO

Fábrica de:
BANDAS TRANSPORTADORAS
CORREAS DE TRANSMISIÓN
PLANCHAS DE GOMA
PRODUCTOS VARIOS
UNE-EN-ISO-9001
DNV
EMPRESA CERTIFICADA
KAUMAN S.A.
Ctra.de Mondariz, km 2,2
Rasela–Bugarín, s/n
36860 PONTEAREAS
(PONTEVEDRA) ESPAÑA
Telf: +34-986 640 942
Fax: +34-986 660 002
E-mail: btc@kauman.com
Web site: www.kauman.com

FROIZ
Siempre a su servicio

mp
AXENCIA INMOBILIARIA
MARPI
¡A súa axencia en Ponteareas!
www.marpi.es
R/ AMADO GARRA, 11 - TELF.: 986 66 18 18 - 986 66 18 00 - PONTEAREAS

GALLEGO

Joyeros desde 1956

Desde siempre y para siempre

50 años haciendo realidad sus ilusiones...

Bandeja de Sargadelos "Villa del Corpus"

Diseño Alfombra. Ramón Gallego Prado. 1970

Venta exclusiva en Joyería Gallego

50 años de regalos exclusivos

MOSCHINO HOURS&MINUTES · V&L VICTORIO & LUCCHINO TEMPO · D&G DOLCE & GABBANA TIME · EMPORIO ARMANI · GUESS WATCHES · BREIL · MAURICE LACROIX · SEIKO · TISSOT SWISS WATCHES SINCE 1853 · SARGADELOS · LLADRÓ · LOTUS · FORTIS since 1912 swiss

Plaza de Bugallal, 6 - Ponteareas - T.: 986 64 09 52 - info@joyeriagallego.es